Percorridos polo patrimonio cultural da vila e concello de Gondomar de Miñor

A edición desta publicación contou co patrocinio
do CONCELLO DE GONDOMAR
a través dunha subvención do PLAN CONCELLOS 2018-19
da Deputación Provincial de Pontevedra.

© Do texto e planos (s/. cartografía oficial): Antonio Soliño Troncoso
© Das fotografías: Juan Chamorro Sanromán
© Da edición: Instituto de Estudos Miñoráns -IEM-
Aula de Cultura "Ponte de Rosas"
Avenida da Feira, n.º 10
Apartado 30 -36380- Gondomar
Teléfono 986 360 575
www.iem.gal
Correo-e: direccion@minhor.org

Conceptualización da edición: Antonio Soliño Troncoso
Asesoramento lingüístico e correccións: Miguel Anxo Mouriño Fernández
Maquetación: Juan Chamorro Sanromán
Imaxe da capa: Camiño de Pampillón. Fotografía de Juan Chamorro Sanromán
Imaxe da contracapa: Petróglifo Covas de Amorín. Calco de Eloy Martínez para Proxecto Equus do IEM

Dep. Legal: VG 712-2018
ISBN: 978-84-09-06595-0

ÍNDICE

LIMIAR
Obxectivos e proposta 8

CAPÍTULO UN
A VILA E O CONCELLO MIÑORÁN
Achegamento histórico e xeográfico 12
Diego Sarmiento de Acuña. I Conde de Gondomar 20

CAPÍTULO DOUS
PERCORRIDOS MIXTOS OU DE TEMÁTICA ALEATORIA
Borreiros. De San Martiño ás Escubichas 24
Borreiros e Donas. Da Xunqueira ao Cruceiro 36
Donas e Borreiros. De San Cibrán a Abrolido 48
Donas. A parroquia, con inicio e remate no Mosteiro 60
Donas e Mañufe. De Santa Baia a Nande 74
Mañufe e Vilaza. De Moreira a Vilarés 88
Mañufe. De San Vicente a San Sebastián do Portelo 102
Gondomar e Mañufe. Da Paradela a Antime e Moreira 116
Gondomar. A vila condal na Idade Moderna 132
Gondomar. A vila contemporánea 148
Gondomar e Vilaza. Do Campo da Feira ao pazo do Barreiro 168
Gondomar e Chaín. De San Bieito ao Loureiro 182
Chaín. De Santa María á Mourisca 196
Couso. Polos ríos das Rasas ou Couso e Peitieiros 212
Peitieiros. Da parroquial a Piñeiro e ao Curuto 226
Peitieiros. Do Pibidal á Rúa e ao Mogallo 240
Morgadáns. De San Roque á Ponte do Carbón 254
Morgadáns. Da Pedra a Carballás 268
Morgadáns. De Vilas á Chan das Moutas e Bouzas 286
Morgadáns. Camiñando por Prado 298
Morgadáns e Chaín. De San Roque ao Coto do Abade 310
Vincios. Antiga parroquia de señorío 324

CAPÍTULO TRES
PERCORRIDOS MONOTEMÁTICOS OU DE NEXO CONDUTOR

Paleolítico, petróglifos e castros nas abas da Groba 340
Arquitectura militar e arte rupestre no Galiñeiro 356
O románico e outras pezas medievais 370
Camiño da Nosa Señora do Norte 384
Camiño Real de Tui a Baiona ao paso polo municipio 408
A paisaxe construída pola fidalguía. Casas Grandes 424
Igrexas, capelas e ermidas 444
Cemiterios hixienistas 468

CAPÍTULO CATRO
PATRIMONIO INMATERIAL E OUTROS TEMAS DE INTERESE

Achegamento temático 482
Festas patronais 482
Romaxes e outras conmemoracións relixiosas 485
Festas e ritos de ancestral liñaxe pagá 488
Actividades de carácter cultural 490
Eventos de carácter deportivo 492
Festas e acontecementos gastronómicos 494

LIMIAR

OBXECTIVOS E PROPOSTA

Este libro-guía sobre PERCORRIDOS POLO PATRIMONIO CULTURAL DA VILA E MUNICIPIO DE GONDOMAR DE MIÑOR ten a súa xénese nun encargo efectuado polo Concello do municipio a través do Concelleiro de Comercio e Turismo, D. Xosé Antón Araúxo Rodríguez. O proxecto, para o que se contou cunha subvención de "PLAN CONCELLOS 2017", retoma e amplía outro impulsado no seu momento polo anterior alcalde, D. Fernando Guitián Guitián.

A proposta actual, ademais desta publicación en soporte papel, desenvólvese cunha outra versión dixital que, mediante a tecnoloxía adecuada e unha correcta aplicación, permite acceder telematicamente a toda a información escrita e gráfica recompilada. Antes de seguir, unha aclaración: para os planos-mapa da edición en papel collemos como base a cartografía oficial do municipio polo que os desaxustes toponímicos que poidan existir nos chegan herdados.

O traballo completo divídese en catro capítulos ou apartados. O primeiro céntrase na contextualización histórica e xeográfica do territorio tratado. Unha serie de percorridos nos que se mestura todo tipo de temáticas conforman o segundo. O terceiro compóñeno varias rutas de tema único, monotemáticas; todo o monotemáticas que poden ser ao aire libre en espazo aberto. Por último, o cuarto, moi curto, recolle unha serie de datos de interese.

Inda que en todo momento as visitas ao patrimonio se presentan a través de rutas, case sempre circulares, non debe entenderse a proposta como un listado de andainas unicamente. Alguén pode utilizalo dese xeito, pero o fin perseguido é o goce das distintas variantes de patrimonio que o territorio nos proporciona mentres o atravesamos. Por iso, aproveitamos xa para dicilo, o tempo de execución que aparece en cada un dos percorridos ha de ser entendido como aquel necesario para realizar a camiñada, pero nunca incorpora o persoal e subxectivo que cada quen poida necesitar para a contemplación e análise das distintas obras, paisaxes e naturezas que se poida atopar ao longo do itinerario. Nin o das posibles paroladas coas xentes do lugar.

Pensamos, entendemos e aconsellamos que todas as rutas mixtas sexan feitas a pé, é a mellor opción dada a pequena quilometraxe, en tanto para as monotemáticas apelamos ao criterio do usuario. A maioría é posible facelas camiñando sen demasiado esforzo; outras quizais sexan máis esixentes. Todas admiten a bicicleta, un equino e incluso a moto como transporte de axuda. Aproveitamos para dicir que non sempre será posible visitar o interior das pezas arquitectónicas comentadas e recomendadas. No caso das capelas, ermidas e igrexas pode acontecer que as atopemos abertas ou demos coa chave baixo protección dalgunha veciña ou veciño. Algo similar pódese dicir dos cemiterios. Pero será máis difícil acceder a outros inmobles como casas, edificacións adxectivas e pazos. Nestes casos a mellor opción é petar á porta e solicitar o permiso; polo xeral a xente concédeo gustosa. Tamén, de antemán, damos por feita a necesaria limpeza e mantemento dos distintos camiños por parte dos responsables correspondentes para dese xeito anular negativas sorpresas. E contamos con un maior uso do sentido común e da correcta aplicación da lexislación vixente para evitar que se siga a degradar, nos ámbitos natural e construído, un territorio tan afortunado e fermoso.

Gondomar, inverno de 2018.

OBJETIVOS Y PROPUESTA

Este libro-guía de RECORRIDOS POR EL PATRIMONIO CULTURAL DE LA VILLA Y MUNICIPIO DE GONDOMAR DE MIÑOR tiene su génesis en un encargo efectuado por el Ayuntamiento del municipio a través del Concejal de Comercio y Turismo, D. Xosé Antón Araúxo Rodríguez. El proyecto, para el que se contó con una subvención de "PLAN CONCELLOS 2017", retoma y amplía otro impulsado en su momento por el anterior alcalde, D. Fernando Guitián Guitián.

La propuesta actual, además de esta publicación en soporte papel, se completa con otra versión digital que, mediante la tecnología adecuada y una correcta aplicación, permite acceder telematicamente a toda la información escrita y gráfica recopilada. Antes de seguir, una aclaración: para los planos-mapa de la edición en papel tomamos como base la cartografía oficial del municipio por lo que los desajustes toponímicos que puedan existir nos llegan heredados.

El trabajo completo se divide en cuatro capítulos o apartados. El primero se centra en la contextualización histórica y geográfica del territorio tratado. Una serie de recorridos en los que se mezcla todo tipo de temáticas conforman el segundo. El tercero lo componen varias rutas de tema único, monotemáticas; todo lo monotemáticas que pueden ser al aire libre en espacio abierto. Por último, el cuarto, muy escueto, recoge una serie de datos de interés.

Aunque en todo momento las visitas al patrimonio se presentan a través de rutas, case siempre circulares, no debe entenderse la propuesta como un listado de caminatas. Alguien puede utilizarlo de esa manera, pero el fin perseguido es el disfrute de las distintas variantes de patrimonio que el territorio nos proporciona mientras lo atravesamos. Por ello, aprovechamos ya para comentarlo, el tiempo de ejecución que aparece en cada uno de los recorridos ha de ser entendido como aquel necesario para realizar la caminata, pero nunca incorpora el personal y subjetivo que cada quien pueda necesitar para la contemplación y análisis de las distintas obras, paisajes y naturalezas que se pueda encontrar a lo largo del itinerario. Ni el de las posibles parrafadas con las gentes del lugar.

Pensamos, entendemos y aconsejamos que todas las rutas mixtas sean realizadas a pie, es la mejor opción dado su pequeño recorrido, en tanto para las monotemáticas apelamos al criterio del usuario. La mayoría es posible hacerlas caminando sin demasiado esfuerzo; otras quizás sean más exigentes. Todas admiten la bicicleta, un equino e incluso la moto como transporte de ayuda. Aprovechamos para decir que no siempre será posible visitar el interior de las piezas arquitectónicas comentadas y recomendadas. En el caso de las capillas, ermitas e iglesias puede suceder que las encontremos abiertas o demos con la llave bajo protección de alguna vecina o vecino. Algo similar se puede decir de los cementerios. Pero será más difícil acceder a otros inmuebles como casas, edificaciones complementarias y pazos. En estos casos la mejor opción es llamar a la puerta y solicitar el permiso; por lo general la gente lo concede gustosa. También, de antemano, damos por realizada la imprescindible limpieza y mantenimiento de los distintos caminos por parte de los responsables correspondientes para de ese modo anular negativas sorpresas. Y contamos con un mayor uso del sentido común y de la correcta aplicación de la legislación vigente para evitar que se siga degradando, en los ámbitos natural y construido, un territorio tan afortunado y hermoso.

Gondomar, inverno de 2018.

CAPÍTULO UN

A VILA E O CONCELLO MIÑORÁN

ACHEGAMENTO HISTÓRICO E XEOGRÁFICO[1]

Gondomar, topónimo de orixe xermánica que segundo Prudencio de Sandoval, erudito e bispo de Tui no XVII, se debe ao feito de ser fundada polo monarca visigodo Flavio Gundemaro no século VII, teoría esta avalada por outros autores se ben algúns baixo condición de substituír o monarca por un individuo con poder e influencia social ou militar asentado no lugar, é unha vila sobre a que durante o Antigo Réxime exerceron xurisdición civil e criminal os sucesivos condes de igual título, aínda que é sabido que xa no medievo era un couto de propiedade real.

No século XIV, concretamente en 1386, Xoán I, rei de Castela dende 1379 ata 1390, cedérallo a Paio Sorrede de Soutomaior, último meiriño coñecido das terras de Turonio e gobernador do castelo de Santa Helena, fortaleza propiedade da igrexa de Tui asentada no Montecastelo de Parada de Miñor. Turonio, de límites imprecisos para a Historia, integraba na súa demarcación o Val de Miñor. Este Paio Sorrede de Soutomaior era fillo de Fernán Yáñez de Soutomaior, Señor de Soutomaior, Fornelos e Lantaño, e de María Yañez de Noboa. Recolleu o autor Conde Mora que no ano 1389 Paio defendeu a cidade e bispado de Tui contra os portugueses do "maestre" de Avís João I, rei de Portugal entre 1385 e 1433.

Despois de Paio Sorrede, a través de herdanzas e vendas, o couto iría pasando por distintas ramas dos Soutomaior e os Montaos, quen mantiveron preitos con Baiona pola xurisdición, ata chegar á propiedade de García Sarmiento de Soutomaior, que o merca en 1555 coa correspondente xurisdición, xulgado e escribanía a Fernando Bermúdez de Castro, membro da citada familia nobiliaria coruñesa dos Montaos. Este, tras construír, pode que sobre antigos alicerces, o corpo central do actual Pazo-Fortaleza, funda en 1579, na cidade de Toro, o Morgado de Gondomar constituído pola Casa Principal, as terras, as alcabalas e os se-

ACERCAMIENTO HISTÓRICO Y GEOGRÁFICO[1]

Gondomar, topónimo de origen germánico que según Prudencio de Sandoval, erudito y obispo de Tui en el XVII, se debe al hecho de haber sido fundada por el monarca visigodo Flavio Gundemaro en el siglo VII, teoría esta avalada por otros autores si bien algunos bajo condición de sustituir al monarca por un individuo con poder e influencia social o militar asentado en el lugar, es una villa sobre la que durante el Antiguo Régimen ejercieron jurisdicción civil y criminal los sucesivos condes de igual título, aunque es sabido que ya en el medievo era un coto de propiedad real.

En el siglo XIV, concretamente en 1386, Juan I, rey de Castilla desde 1379 hasta 1390, se lo había cedido a Paio Sorrede de Soutomaior, último merino conocido de las tierras de Turonio y gobernador del castillo de Santa Elena, fortaleza propiedad de la iglesia de Tui asentada en el Montecastelo de Parada de Miñor. Turonio, de límites imprecisos para la Historia, integraba en su demarcación el Val de Miñor. Este Paio Sorrede de Soutomaior era hijo de Fernán Yáñez de Soutomaior, Señor de Soutomaior, Fornelos y Lantaño, y de María Yañez de Noboa. Recogió el autor Conde Mora que en el año 1389 Paio defendió la ciudad y obispado de Tui contra los portugueses del maestre de Avís João I, rey de Portugal entre 1385 y 1433.

Después de Paio Sorrede, a través de herencias y ventas, el coto iría pasando por distintas ramas de los Soutomaior y los Montaos, quienes mantuvieron pleitos con Baiona por la jurisdicción, hasta llegar a propiedad de García Sarmiento de Soutomaior, que lo compra en 1555 con la correspondiente jurisdicción, juzgado y escribanía a Fernando Bermúdez de Castro, miembro de la citada familia nobiliaria coruñesa de los Montaos. Este, tras construir, puede que sobre antiguos cimientos, el cuerpo central del actual Pazo-Fortaleza, funda en 1579, en la ciudad de Toro, el Mayorazgo de Gondomar constituido por la Casa Principal, las

ñoríos de Gondomar, Vincios, Peitieiros e Morgadáns. Os dous últimos eran dos Sarmiento de Soutomaior dende finais do século XIV, herdándoos D. García (IV), en 1553, do pai, D. García (III), que llos mercara, en 1511, ao seu tío Lope de Montenegro. O couto de Vincios foi adquirido por D. García (IV) a D. Fernando Bermúdez ao mesmo tempo que o de Gondomar.

O morgado de Gondomar déixallo García Sarmiento en herdanza ao fillo Diego Sarmiento de Acuña, que terminará por ser I Conde da vila de igual nome, personaxe de profunda identificación co sentir galego e home de gran relevancia política, intelectual e bibliófila en tempos de Filipe II, Filipe III -quen lle concede o título en 1617- e Filipe IV; máis adiante volveremos a el.

Coa chegada do Réxime Liberal a partir da promulgación da Constitución de Cádiz (1812), se ben, co Trienio Liberal por medio, aínda sería necesario esperar á morte do absolutista Fernando VII para que se implantase, Gondomar deixará de ser un señorío laico, desvincúlase dos condes, e, ao amparo da nova distribución territorial do Estado promovida en 1833 por Javier de Burgos durante a rexencia de María Cristina, convértese en 1836 na cabeza do actual Municipio Constitucional; un municipio onde, case douscentos anos despois, a organización parroquial inda mantén viva parte da secular forza.

Levantouse a Casa Consistorial na referente praza da Paradela, xusto nos confíns ao norte da terra soar do Condado, e quedou integrado polas parroquias de Couso, Borreiros, Donas, Chaín, Mañufe, Morgadáns, Peitieiros, Vilaza, Vincios e Gondomar, onde, como xa se dixo, se establece a capital municipal en atención á súa antiga condición de cabeza xurisdicional e vila. Este territorio, que suma 74,8 Km^2 e actualmente posúe unha poboación de 14.185 habitantes, emprázase ao sur da actual provincia de Pontevedra -creada en 1833- distando a vila 19,00 Km. por estrada da raia con Portugal en Tui e algo menos en Goián, Tomiño; 15,10 Km da cidade de Vigo e 4,5 Km da costa at-

tierras, las alcabalas y los señoríos de Gondomar, Vincios, Peitieiros y Morgadáns. Los dos últimos eran de los Sarmiento de Soutomaior desde finales del siglo XIV, heredándolos D. García (IV), en 1553, del padre, D. García (III), que los había comprado, en 1511, a su tío Lope de Montenegro. El coto de Vincios fue adquirido por D. García (IV) a D. Fernando Bermúdez al mismo tiempo que el de Gondomar.

El mayorazgo de Gondomar se lo deja García Sarmiento en herencia al hijo Diego Sarmiento de Acuña, que terminará por ser I Conde de la villa de igual nombre, personaje de profunda identificación con el sentir gallego y hombre de gran relevancia política, intelectual y bibliófila en tiempos de Felipe II, Felipe III -quien le concede el título en 1617- y Felipe IV; más adelante volveremos a él.

Con la llegada del Régimen Liberal a partir de la promulgación de la Constitución de Cádiz (1812), si bien, con el Trienio Liberal por medio, aún sería necesario esperar a la muerte del absolutista Fernando VII para que se implantase, Gondomar deja de ser un señorío laico, se desvincula de los condes, y, al amparo de la nueva distribución territorial del Estado promovida en 1833 por Javier de Burgos durante la regencia de María Cristina, se convierte en 1836 en la cabeza del actual Municipio Constitucional; un municipio donde, casi doscientos años después, la organización parroquial aún mantiene viva parte de la secular fuerza.

Se levantó la Casa Consistorial en la referente plaza de A Paradela, justo en los confines a norte de la tierra solar del Condado, y quedó integrado por las parroquias de Couso, Borreiros, Donas, Chaín, Mañufe, Morgadáns, Peitieiros, Vilaza, Vincios y Gondomar, donde, como ya se dijo, se establece la capital municipal en atención a su antigua condición de cabeza jurisdiccional y villa. Este territorio, que suma 74,8 Km^2 y actualmente posee una población de 14.185 habitantes, se emplaza al sur de la actual provincia de Pontevedra -creada en 1833- distando la villa 19,00 Km. por carretera de la raya con Portugal en Tui y algo menos en Goián, Tomiño; 15,10 Km de la ciudad de

lántica e as praias. Limita co concello de Vigo e co de Nigrán polo norte; con Vigo, O Porriño e Tui polo leste; con Tui e Tomiño polo sur e con Baiona e Nigrán polo oeste. Gondomar, xunto con Baiona, Nigrán e a parroquia viguesa de Zamáns, conforman a paraxe natural coñecida como Val de Miñor, nome, xa citado no século X, recibido do río máis importante que o suca de leste a oeste. O Val, emprazado en plenas Rías Baixas, está delimitado fisicamente pola Serra do Galiñeiro a nacente, o Maúxo ao norte, a Serra da Groba ao sur e a baía de Baiona, no Atlántico, a poñente.

A vila aséntase ao pé do Picoto, vello monte no que aínda hoxe se conservan evocadores e significativos topónimos, tales como Covas e Fundas, lugares denominados xenericamente nun documento de 1106, asinado pola raíña dona Urraca, como Grovam. Os devanditos topónimos son testemuño dun complexo mineiro aurífero a ceo aberto de época romana, que a dicir de Gustavo Pascual Hermida foi de considerable importancia e acubillou un "castro mineiro", o cal, de ser contemporáneo á fundación da mina, viría resultar o asentamento poboacional de máis antigüidade inmediato á actual vila. Este xacemento, alongado a nacente ata o lugar da Mourisca, topónimo que redunda na posibilidade de ocupación ou actividade humana na zona dende antigo, estivo en explotación ata a baixa idade media, ou mesmo despois, en época moderna, segundo sostén o citado investigador; de confirmarse, o topónimo completo conservado, Covas ou Fundas de Sarmento, podería aludir á onomástica dun dos seus explotadores -no libro de foros e rendas do condado, entre 1859 e 1892, aínda aparece Gondomar cun pagamento de 200 "azumbres" de viño en concepto do FORO DO PICOTO.

A vila, orixinalmente con asentamento disperso, presentaba a principios do XIX dous barrios principais emprazados dentro do ámbito que hoxe ocupa. Un formárase, como na maioría das parroquias de Galicia, ao amparo da antiga igrexa de San Bieito, a cal ese mesmo século sería profundamente refor-

Vigo y 4,5 Km de la costa atlántica y las playas. Limita con el ayuntamiento de Vigo y con el de Nigrán por el norte; con Vigo, O Porriño y Tui por el este; con Tui y Tomiño por el sur y con Baiona y Nigrán por el oeste. Gondomar, junto con Baiona, Nigrán y la parroquia viguesa de Zamáns, conforman el paraje natural conocido como Val de Miñor, nombre, ya citado en el siglo X, recibido del río más importante que lo surca de este a oeste. El Val, emplazado en plenas Rías Baixas, está delimitado físicamente por la Sierra de O Galiñeiro a naciente, O Maúxo al norte, la Sierra de A Groba al sur y la bahía de Baiona, en el Atlántico, a poniente.

La villa se asienta al pie de O Picoto, viejo monte en el que aún hoy se conservan evocadores y significativos topónimos, tales como Covas y Fundas, lugares denominados genéricamente en un documento de 1106, firmado por la reina doña Urraca, como Grovam. Los referidos topónimos son testimonio de un complejo minero aurífero a cielo abierto de época romana, que a decir de Gustavo Pascual Hermida, fue de considerable importancia y acogió un "castro minero", el cual, de ser contemporáneo a la fundación de la mina, vendría a resultar el asentamiento poblacional de más antigüedad inmediato a la actual villa. Este yacimiento, alargado a naciente hasta el lugar de A Mourisca, topónimo que redunda en la posibilidad de ocupación o actividad humana en la zona desde antiguo, estuvo en explotación hasta la baja edad media, o incluso después, en época moderna, según sostiene el citado investigador; de confirmarse, el topónimo completo conservado, Covas o Fundas de Sarmento, podría aludir a la onomástica de uno de sus explotadores -en el libro de foros y rentas del condado, entre 1859 y 1892, aún aparece Gondomar con un pago de 200 azumbres de vino en concepto del FORO DO PICOTO.

La villa, originalmente con asentamiento disperso, presentaba a principios del XIX dos barrios principales emplazados dentro del ámbito que hoy ocupa. Uno se había formado, como en la mayoría de las parroquias de Galicia, al amparo de la antigua iglesia de San Biei-

mada e transformada na ecléctica actual baixo promoción do párroco Mariño. O barrio, aínda pequeno, humilde, podería vir de antigo, pois sábese que aproximadamente no mesmo lugar, no ano 1106, xa existía a igrexa románica da Paradela de Gondomar cuxa advocación era San Salvador. Non está claro cando e por que sucedeu o cambio de advocación, pero é posible que niso tivese algo que ver o antigo mosteiro beneditino de monxas de Santa Baia, en Donas, fundado a mediados do século XII e abandonado a finais do XV. O outro barrio importante situábase na citada Paradela, lugar que, con menos intensidade, tamén se chegou a coñecer posteriormente como Vilaverde.

Onde agora se asenta a Praza de Urzaiz, en tempos chamada da Constitución, antigamente da Paradela, e popularmente coñecida moitas décadas atrás, nas primeiras do XX, como Do Peixe -polo uso que desempeñaba-atopábanse, e aínda se atopan, se ben algo transformados, catro camiños de posible orixe medieval nalgún caso que ao paso do tempo remataron por dar lugar á referida Praza da Paradela -nela posuíu o Condado dende inicios do XVII ata a chegada do XX seis casas e muralla porticada, esta xa practicamente derrubada coa apertura da estrada a Guillarei no XIX-. Estes camiños, que seguen a cruzar os ríos a través das antigas Ponte de Rosas -substituída hoxe por unha pasarela de aceiro e madeira debido ao derrubamento da de orixe medieval por mor dunha enchente do río en 1937-, de Entrerrios -tamén chamada da Coelleira ou Baixa da Paradela, inmediata ao antigo matadoiro de reses e comunicando co camiño da Fonte da Vella en dirección a Pousada-, e a Alta da Paradela ou de Ánimas -próxima ao Camiño do Cardal- articularon durante séculos o territorio que nos ocupa.

Esta organización viaria vai sufrir unha transformación xerárquica, e de trazado, de transcendental importancia para a morfoloxía da vila, no último terzo do XIX coa apertura das estradas Guillarei-Gondomar-A Ramallosa e Gondomar-O Porriño. Por certo, a ponte

to, la cual ese mismo siglo sería profundamente reformada y transformada en la ecléctica actual bajo promoción del párroco Mariño. El barrio, aunque pequeño, humilde, podría venir de antiguo, pues se sabe que aproximadamente en el mismo lugar, en el año 1106, ya existía la iglesia románica de A Paradela de Gondomar cuya advocación era San Salvador. No está claro cuando y por qué sucedió el cambio de advocación, pero es posible que en ello tuviese algo que ver el antiguo monasterio benedictino de monjas de Santa Baia, en Donas, fundado a mediados del siglo XII y abandonado a finales del XV. El otro barrio importante se situaba en la citada Paradela, lugar que, con menos intensidad, también se llegó a conocer posteriormente como Vilaverde.

Donde ahora se asienta la Plaza de Urzaiz, en tiempos llamada de la Constitución, antiguamente de A Paradela, y popularmente conocida muchas décadas atrás, en las primeras del XX, como "Do Peixe" -por el uso que desempeñaba- se encontraban, y aún se encuentran, si bien algo transformados, cuatro caminos de posible origen medieval en algún caso que al paso del tiempo remataron por dar lugar a la referida Plaza de A Paradela -en ella poseyó el Condado desde inicios del XVII hasta la llegada del XX seis casas y muralla porticada, esta ya prácticamente derruida con la apertura de la carretera a Guillarei en el XIX-. Estos caminos, que siguen cruzando los ríos a través de los antiguos Puentes de Rosas -sustituido hoy por una pasarela de acero y madera debido al derrumbamiento del de origen medieval por culpa de una crecida del río en 1937-, de Entrerríos -también llamado de A Coelleira o "Ponte Baixa da Paradela", inmediato al antiguo matadero de reses y comunicando con el camino de "A Fonte da Vella" en dirección a Pousada-, y el de Ánimas o "Ponte Alta da Paradela" -próxima al camino de O Cardal- articularon durante siglos el territorio que nos ocupa.

Esta organización viaria va a sufrir una transformación jerárquica, y de trazado, de transcendental importancia para la morfología de la villa, en el último tercio del XIX con la apertura de las carreteras Guillarei-Gon-

da primeira estrada anunciada, que servía para cruzar o río que baixa de Morgadáns nas Cercas, xa estaba arruinada e fóra de servizo en 1905; resolvía o paso unha provisional de madeira. Pouco despois substituíuse por outra de estrutura metálica sobre pilas graníticas, conservada ata as décadas finais do XX, cando se volve substituír pola actual.

Posteriormente, no primeiro cuarto do XX, iniciarase a apertura dunha serie de vías radiais, con centro na vila, xustificando a idea de comunicar directamente as parroquias coa capital administrativa. Para as primeiras empézanse os trámites, que serán moi dilatados no tempo, en 1915, son: Gondomar-Morgadáns, por Chaín; Gondomar-Peitieiros; e Gondomar-Areíña, por Vilaza. Nos anos vinte outros camiños están xa en construción, como sucede co que une As Levadas de Mañufe con Nande; unha comisión encabezada polo enxeñeiro Ramiro Pascual supervísao en 1924.

Algunha das vías radiais, aínda que de xeito pouco ortodoxo, inicia o trazado atendendo á trama urbanística do moi precoz, dado o ámbito de intervención, Proxecto de Reforma e Ensanche da Vila de Gondomar, redactado en 1900 polo antes mencionado enxeñeiro Ramiro Pascual; proxecto cuxa pegada, a pesar do pequeno desenvolvemento urbanístico acreditado pola poboación nas tres primeiras cuartas partes do século XX, é detectable na traza urbana. Posteriormente, en 1975, o Proxecto de Extensión e Reforma Interior do arquitecto José Luís Pereiro, tamén recoñecible na armazón urbana, converteu a proposta ortogonal de 1900 noutra máis orgánica e, loxicamente, máis ampla. O último documento urbanístico de carácter propio polo que estivo rexida a vila, e municipio, foi o Plan Xeral de Ordenación Municipal de 1997 -anulado por sentenza xudicial firme o 15 de novembro de 2001-, que evidentemente tamén contribuíu a crear a imaxe actual da poboación.

Pero a imaxe dunha poboación non só a conforma a morfoloxía urbana; é de vital importancia a tipoloxía

domar-A Ramallosa y Gondomar-O Porriño. Por cierto, el puente de la primera carretera anunciada, que servía para cruzar el río que baja de Morgadáns en las Cercas, ya estaba arruinado y fuera de servicio en 1905; resolvía el paso uno provisional de madera. Poco después se sustituye por otro de estructura metálica sobre pilas graníticas, conservado hasta las décadas finales del XX, cuando se vuelve a sustituir por el actual.

Posteriormente, en el primer cuarto del XX, se iniciará la apertura de una serie de vías radiales, con centro en la villa, justificando la idea de comunicar directamente las parroquias con la capital administrativa. Para las primeras se empiezan los trámites, que serán muy dilatados en el tiempo, en 1915, son: Gondomar-Morgadáns, por Chaín; Gondomar-Peitieiros; y Gondomar-Areíña, por Vilaza. En los años veinte otros caminos están ya en construcción, como sucede con el que une As Levadas de Mañufe con Nande; una comisión encabezada por el ingeniero Ramiro Pascual lo supervisa en 1924.

Alguna de las vías radiales, aunque de forma poco ortodoxa, inicia el trazado atendiendo a la trama urbanística del muy precoz, dado el ámbito de intervención, Proyecto de Reforma y Ensanche de la Villa de Gondomar, redactado en 1900 por el antes mencionado ingeniero Ramiro Pascual; proyecto cuya huella, a pesar del pequeño desarrollo urbanístico acreditado por la población en las tres primeras cuartas partes del siglo XX, es detectable en la traza urbana. Posteriormente, en 1975, el Proyecto de Extensión y Reforma Interior del arquitecto José Luís Pereiro, también reconocible en la trama urbana, convirtió la propuesta ortogonal de 1900 en otra más orgánica y, lógicamente, más amplia. El último documento urbanístico de carácter propio por el que estuvo regida la villa, y municipio, fue el Plan Xeral de Ordenación Municipal de 1997 -anulado por sentencia judicial firme el 15 de noviembre de 2001-, que evidentemente también contribuyó a crear la imagen actual de la población.

arquitectónica, as arquitecturas que poboan os cuarteirón da armazón pública formada por rúas, prazas e parques. Estas, os casos máis significativos, serán comentadas como patrimonio construído no percorrido "GONDOMAR. A VILA CONTEMPORANEA".

As testemuñas máis antigas da presenza do ser humano dentro do actual termo municipal proceden da industria achelense e localizáronse en xacementos paleolíticos como A Lagoa dos Bromús, en Vincios, A Chan das Moutas, en Morgadáns, e sobre todo na Chan do Cereixo, preto da Portavedra, en Donas, a uns 350 m. sobre o nivel do mar; un xacemento moi citado da Prehistoria galega. Nel recolléronse preto de 300 útiles de cuarcita tallada entre os que se atopan machadas de man, bifaces e fendedores pertencentes ao Paleolítico Inferior. En escavacións recentes (2006) localizouse neste mesmo enclave, nas Campurras, un rexistro arqueolóxico que significou unha información inédita para fases da Prehistoria recente galega. Trátase dun conxunto construído de carácter simbólico-artístico, de inicios do IV milenio antes de Cristo, isto é, do Neolítico pleno, no que se descubriron petróglifos contemporáneos ao monumento, o que vén dar un incremento duns dous mil anos nas consideracións de antigüidade que, ata ese momento, sobre a datación da arte rupestre ao aire libre se facían.

Do Neolítico, período onde o ser humano se inicia no uso da agricultura e a gandaría, foron localizados abundantes enterramentos megalíticos, cuxa cronoloxía abrangue dende finais do V ou principios do IV milenio antes de Cristo ata o II milenio, coñecidos co nome de mámoas ou túmulos. Xeralmente de presencia semiesférica ou elipsoidal, no seu interior algúns gardan un monumento granítico coñecido como dolmen ou anta. Estes, os dolmens, son a máis antiga manifestación arquitectónica do municipio, e a maior concentración de mámoas conservada nel localízase na Chan das Moutas, en Morgadáns, onde algúns ortostatos de antas destruídas funciona como peche da capela de San Xosé.

Pero la imagen de una población no solo la conforma la morfología urbana; es de vital importancia la tipología arquitectónica, las arquitecturas que pueblan las cuadras de la retícula pública formada por calles, plazas y parques. Estas, los casos más significativos, serán comentadas como patrimonio construido en la ruta "GONDOMAR. A VILA CONTEMPORANEA".

Los testimonios más antiguos de la presencia del ser humano dentro del actual termino municipal proceden de la industria achelense y se localizan en yacimientos paleolíticos como "A Lagoa dos Bromús", en Vincios, "A Chan das Moutas", en Morgadáns, y sobre todo en "A Chan do Cereixo", cerca de A Portavedra, en Donas, a unos 350 m. sobre el nivel del mar; un yacimiento muy citado de la Prehistoria gallega. En él se recogieron cerca de 300 útiles de cuarcita tallada entre los que se encuentran hachas de mano, bifaces y hendedores pertenecientes al Paleolítico Inferior. En excavaciones recientes (2006) se localizó en este mismo enclave, en "As Campurras", un registro arqueológico que significó una información inédita para fases de la Prehistoria reciente gallega. Se trata de un conjunto construido de carácter simbólico-artístico, de inicios del IV milenio antes de Cristo, esto es, del Neolítico pleno, en el que se descubrieron petroglifos contemporáneos al monumento, lo que viene a dar un incremento de unos dos mil años en las consideraciones de antigüedad que, hasta ese momento, sobre la datación del arte rupestre al aire libre se hacían.

Del Neolítico, período donde el ser humano se inicia en el uso de la agricultura y la ganadería, fueron localizados abundantes enterramientos megalíticos, cuya cronología abarca desde finales del V o comienzos del IV milenio antes de Cristo hasta el II milenio, conocidos con el nombre de "mámoas" o túmulos. Generalmente de presencia semiesférica o elipsoidal, en su interior algunos guardan un monumento granítico conocido como dolmen o anta. Estos, los dólmenes, son la más antigua manifestación arquitectónica del municipio, y la mayor concentración de mámoas conservada en él

Tamén existe no concello unha ampla e moi importante representación de arte rupestre. Os petróglifos ou insculturas son gravados realizados sobre a pedra natural no seu asentamento de orixe, case sempre a ceo aberto e sempre de difícil interpretación; só o da estación do Coto da Moura en Regodagua, Chaín, se atopa a cuberto baixo un abrigo natural de rocha escavada. Os petróglifos, que poden ser figurativos ou abstractos, quedan divididos en prehistóricos e históricos. Podemos citar como estacións máis sobranceiras, en Vincios, as de Cascalleira, Peibó, Pasaxe, Santa Lucía e Agua da Laxe, nesta principalmente os petróglifos da Pedra das Procesións, o conxunto máis importantes de Europa no seu xénero; os de Seixiños Brancos e Fonte da Prata, en Morgadáns; O Sobral e A Regueira dos Barreiros en Couso; San Antoniño e Lombo do Roxás, en Peitieiros; os de Morxón, Pedra Cavada, Gándara e o xa citado do Coto da Moura, en Chaín; e Os Pociños, en Vilaza, no que se mesturan gravados prehistóricos e históricos. Entre os segundos poden nomearse, segundo criterio do Clube Espeleolóxico Maúxo, algúns reticulados de Castro Mendes e os taboleiro de xogo do Castro de Xián, todos en Vincios.

Por último, para pechar o período prehistórico, referir a existencia de varios poboados castrexos pertencentes todos eles á Idade de Ferro, os cales, en casos, foron posteriormente romanizados. Citamos a xeito de exemplo o do Curuto, en Peitieiros, o de Xián, en Vincios, o da Cividá, en Mañufe, e o da Pedra Moura, entre Borreiros e Donas, sen dúbida ningunha o máis importante do municipio e, posiblemente, do Val de Miñor entre os descubertos. Non hai ningún tipo de sondaxes do da Cividá.

O patrimonio construído do municipio, a maiores do referido, tamén ten cumprida representación do Medievo, da Idade Moderna e da Idade Contemporánea, que, con algúns outros de época romana, véñense sumar aos valores naturais, históricos, etnográficos, paisaxísticos, gastronómicos, antropo-

se localiza en "A Chan das Moutas", en Morgadáns, donde algunos ortostatos de antas destruidas funcionan como muro de cierre de la capilla de San Xosé.

También existe en el municipio una amplia y muy importante representación de arte rupestre. Los petroglifos o insculturas son grabados realizados sobre la piedra natural en su emplazamiento de origen, casi siempre a cielo abierto y siempre de difícil interpretación; solo el de la estación de "O Coto da Moura" en Regodagua, Chaín, se encuentra totalmente a cubierto bajo un abrigo natural de roca excavada. Los petroglifos, que pueden ser figurativos o abstractos, quedan divididos en prehistóricos e históricos. Podemos citar como estaciones más importantes, en Vincios, las de Cascalleira, Peibó, Pasaxe, Santa Lucía y Agua da Laxe, en esta, principalmente los petroglifos de "A Pedra das Procesións", el conjunto más importante de Europa en su género; los de Seixiños Brancos y Fonte da Prata, en Morgadáns; O Sobral y A Regueira dos Barreiros en Couso; San Antoniño y Lombo do Roxás, en Peitieiros; los de Morxón, Pedra Cavada, Gándara y el ya citado de O Coto da Moura, en Chaín; y Os Pociños, en Vilaza, en el que se mezclan grabados prehistóricos e históricos. Entre los segundos pueden nombrarse, según criterio del Clube Espeleolóxico Maúxo, algunos reticulados de Castro Mendes y los tableros de juego del Castro de Xián, todos en Vincios.

Por último, para cerrar el periodo prehistórico, referir la existencia de varios poblados "castrexos" pertenecientes todos ellos a la Edad de Hierro, los cuales, en casos, fueron posteriormente romanizados. Citamos a modo de ejemplo el de O Curuto, en Peitieiros, el de Xián, en Vincios, el de A Cividá, en Mañufe, y el de Pedra Moura, entre Borreiros y Donas, sin duda ninguna el más importante del municipio y, posiblemente, del Val de Miñor entre los descubiertos. No existe ningún tipo de estudios y excavaciones del de A Cividá.

El patrimonio construido del municipio, a mayores de lo referido, también tiene cumplida representación del Medievo, de la Edad Moderna y de la Edad Contempo-

lóxicos e tantos outros materiais e inmateriais conservados nestas terras. Valores que nos propuxemos sexan materia e soporte fundamental dos percorridos aquí recompilados.

[1] Este texto pode ser lido completo e coas correspondentes notas documentais e bibliográficas nos distintos artigos publicados polo mesmo autor nos libros "Retallos de Gondomar de Miñor" Ed. Instituto de Estudos Miñoráns, 2012, e "Gondomar 1914-2014. Identidade e representación da vila condal a través da evolución dunha sociedade artístico-deportiva" Ed. Deputación de Pontevedra, 2014.

ránea, que, con algunos otros de época romana, se vienen a sumar a los valores naturales, históricos, etnográficos, paisajísticos, gastronómicos, antropológicos y tantos otros materiales e inmateriales conservados en estas tierras. Valores que nos hemos propuesto sean materia y soporte fundamental de los recorridos aquí recopilados.

[1] Este texto puede ser leído completo y con las correspondientes notas documentales y bibliográficas en los distintos artículos publicados por el mismo autor en los libros "Retallos de Gondomar de Miñor" Ed. Instituto de Estudos Miñoráns, 2012, y "Gondomar 1914-2014. Identidade e representación da vila condal a través da evolución dunha sociedade artístico-deportiva" Ed. Deputación de Pontevedra, 2014.



DIEGO SARMIENTO DE ACUÑA, I CONDE DE GONDOMAR.

Dado que existe numerosa bibliografía publicada sobre a súa figura, susceptible de ser consultada por quen pretenda afondar no seu coñecemento, apenas faremos un mínimo achegamento á figura deste notable persoeiro de finais do renacemento.

Do matrimonio formado por D. García Sarmiento de Soutomaior, Señor de Gondomar, e D.ª Juana de Acuña Henríquez, descendente directa de Pedro I de Portugal e de Henrique II de Castela, nace D. Diego Sarmiento de Acuña (en realidade Diego Sarmento Da Cuña con apelidos antes de seren castelanizados; no Picoto de Gondomar inda se conserva vivo o topónimo Fundas de Sarmento) no ano 1567, personaxe de incontestable importancia durante a monarquía dos Austria e peza moi relevante para a historia de Gondomar e do Val de Miñor.

Este home, que aos 14 anos casa por primeira vez e aos 21 en segundas nupcias, por morte da primeira esposa, con Dª Constanza de Acuña y Abellaneda, nacida en Flandres, é nomeado por Filipe II, aos 27 anos, Cabo das xentes de Guerra do Bispado de Tui (anos máis tarde pasará a ser Gobernador), e aos 29 Gobernador de Baiona e de Monte Real, posto no que sete anos máis tarde será confirmado con carácter de "perpetuo". En 1597 é nomeado Correxedor de Toro e en 1602 Correxedor de Valladolid. Ese mesmo ano, na cidade da Coruña é designado Procurador do Reino de Galicia coa intención de que consiga o voto en Cortes para o devandito reino, que en realidade administrativamente, daquela, durante o Antigo Réxime, xa non era senón unha provincia do territorio baixo coroa española. En 1609, aos 42 anos, é nomeado Notario Maior do Reino de Toledo. En 1612 Filipe III noméao Embaixador en Inglaterra, na Corte de James I Stuart, onde exercerá o cargo durante seis anos coa máxima brillantez; posteriormente, en 1620, volverá de embaixador a Londres. Filipe III, en 1617, con 50

DIEGO SARMIENTO DE ACUÑA, I CONDE DE GONDOMAR

Dado que existe numerosa bibliografía publicada sobre su figura, susceptible de ser consultada por quien pretenda ahondar en su conocimiento, apenas haremos un mínimo acercamiento a la figura de este notable personaje de finales del renacimiento.

Del matrimonio formado por D. García Sarmiento de Soutomaior, Señor de Gondomar, y D.ª Juana de Acuña Henríquez, descendiente directa de Pedro I de Portugal y de Enrique II de Castilla, nace D. Diego Sarmiento de Acuña (en realidad Diego Sarmento Da Cuña con apellidos antes de ser castellanizados; en O Picoto de Gondomar aún se conserva el topónimo Fundas de Sarmento) en el año 1567, personaje de incuestionable importancia durante la monarquía de los Austria y pieza muy relevante para la historia de Gondomar y del Val de Miñor.

Este hombre, que a los 14 años casa por primera vez y a los 21 en segundas nupcias, por muerte de la primera esposa, con D.ª Constanza de Acuña y Abellaneda, nacida en Flandes, es nombrado por Felipe II, a los 27 anos, Cabo de las gentes de Guerra del Obispado de Tui (años más tarde pasará a ser Gobernador), y a los 29 Gobernador de Baiona y de Monte Real, puesto en el que siete años más tarde será confirmado con carácter de "perpetuo". En 1597 es nombrado Corregidor de Toro y en 1602 Corregidor de Valladolid. Ese mismo año, en la ciudad de A Coruña es designado Procurador del Reino de Galicia con la intención de que consiga el voto en Cortes para el citado reino, que en realidad administrativamente, en aquel tiempo, durante el Antiguo Régimen, ya no era otra cosa que una provincia del territorio bajo corona española. En 1609, a los 42 años, es nombrado Notario Mayor del Reino de Toledo. En 1612 Felipe III lo nombra Embajador en Inglaterra, en la Corte de James I Stuart, donde ejercerá el cargo durante seis años con la máxima brillantez; posteriormente, en 1620, volverá de embajador a Londres.

anos, concédelle o título de Conde da Vila de Gondomar. En 1625, xa con Filipe IV no poder, é nomeado Gobernador e Capitán Xeneral do Reino de Galicia. En 1626, á idade de 59 anos, morre en Casa la Reina, preto de Haro, cando regresaba de Bruxelas.

A maiores dos servizos prestados á coroa española, minimamente expostos anteriormente, D. Diego deixou constancia da súa devoción por Galicia; polo idioma galego, ao que sempre defendeu e no que se expresaba con fluidez segundo proban diversos fragmentos do seu puño e letra conservados entre os escritos da inxente correspondencia cruzada con personaxes, familiares e amigos da Europa do seu tempo; e de xeito superlativo por Gondomar, a onde volvía sempre que as ocupacións e compromisos llo permitían e pola que non deixaba de sentir morriña cando llo impedían. Consecuencia deste apego, polo menos en gran parte, son os grandes investimentos económicos que realizou co obxectivo de mellorar, incrementar, ennobrecer e fortificar as terras e o pazo da vila.

D. Diego, gran bibliófilo, chegou a reunir aproximadamente 10.000 volumes na Casa del Sol, en Valladolid, palacete que mercara en 1599 xunto coa igrexa de San Benito el Viejo, tamén adquirida na mesma cidade. Hoxe esa biblioteca excepcional, testemuña da querenza deste home polas letras e o coñecemento, consérvase na súa maioría integrando a Biblioteca Real, despois de ser adquirida por Carlos IV e recibida polo Comisionado Real en 1806.

Felipe III, en 1617, con 50 años, le concede el título de Conde de la Villa de Gondomar. En 1625, ya con Felipe IV en el poder, es nombrado Gobernador y Capitán General del Reino de Galicia. En 1626, a la edad de 59 años, muere en Casa la Reina, cerca de Haro, cuando regresaba de Bruselas.

Además de los servicios prestados a la corona española, mínimamente expuestos anteriormente, D. Diego dejó constancia de su devoción por Galicia; por el idioma gallego, al que siempre defendió y en el que se expresaba con fluidez según prueban diversos fragmentos de su puño y letra conservados entre los escritos de la ingente correspondencia cruzada con personajes, familiares y amigos de la Europa de su tiempo; y de modo superlativo por Gondomar, a donde volvía siempre que las ocupaciones y compromisos se lo permitían y por la que no dejaba de sentir morriña cuando se lo impedían. Consecuencia de este apego, cuando menos en gran parte, son las grandes inversiones económicos que realizó con el objetivo de mejorar, incrementar, ennoblecer y fortificar las tierras y el pazo de la villa.

D. Diego, gran bibliófilo, llegó a reunir aproximadamente 10.000 volúmenes en la Casa del Sol, en Valladolid, palacete que había comprado en 1599 junto con la iglesia de San Benito el Viejo, también adquirida en la misma ciudad. Hoy esa biblioteca excepcional, testimonio de la querencia de este hombre por las letras y el conocimiento, se conserva en su mayoría integrando la Biblioteca Real, después de ser adquirida por Carlos IV y recibida por el Comisionado Real en 1806.

CAPÍTULO DOUS

PERCORRIDOS MIXTOS OU DE TEMÁTICA ALEATORIA



BORREIROS. DE SAN MARTIÑO ÁS ESCUBICHAS

01. Igrexa de San Martiño, cemiterio e cruceiro 02. Núcleo tradicional 03. Vista panorámica 04. Mina e presa da Lagarteira 05. Borreiros de Borreiros 06. Fonte do Charco 07. Imaxe granítica de San Domingos 08. Camiño das Escubichas 09. Pazo de Cadaval e Ponte da Ramallosa 10. Esteiro do río Miñor 11. Bosque de ribeira 12. Carballeira no Castro 13. Fonte de San Martiño 14. A Pousa


0
300 M.
ponte da Ramallosa
TERMO MUNICIPAL DE NIGRÁN
Río Miñor
Río Miñor
Capela da Virxe da Luz
A Xunqueira
O BURGOVEDRO
O TELLEIRO
A Esparela
O CASTRO
A ESTRADA
Viso de Calvos
O CRUCEIRO
A TOMADA
BORREIROS
SAN MARTIÑO
Igrexa
A VALADA
TERMO MUNICIPAL DE BAIONA
09
10
08
10
11
08
12
07
13
06
05
14
04
01
03
02



01.



05.



09.



11.

06.



07.



DESCRICIÓN DO PERCORRIDO.

Esta ruta lévanos polas terras máis occidentais do municipio, dende as cales o mar apenas dista uns centos de metros. Borreiros é a única parroquia do concello gondomarés que limita cos outros dous do Val de Miñor: Baiona e Nigrán. Esta característica única recóllese no presente percorrido. Unha pequena mostra de ambos os dous municipios forma parte das paisaxes abarcables dende algún punto do itinerario e os tres xúntanse para ofrecer un dos lugares máis belos e singulares de todo o Val: o esteiro e desembocadura do río Miñor. Ao longo da camiñada, entre outras, poderemos ver, escoitar, ulir ou tocar arquitecturas, paisaxes e vexetacións; tamén algunha pequena fauna, encontradizas e ocasionais persoas, a brisa salgada do mar,…. Toparémonos con case todo o imaxinado agás gastronomía: en todo o percorrido non hai nin un só bar, cafetaría, mesón ou taberna onde tomar un café a menos que nos desviemos minimamente do trazado establecido.

01. Igrexa de San Martiño, cemiterio e cruceiro.

Igrexa. A primeira noticia dunha igrexa nesta parroquia fornécea Enrique Flórez na súa voluminosa obra España Sagrada, e corrobóraa o historiador Ávila y La Cueva, emprazándoa no ano 1170, cando o rei Fernando II a doa ao Bispo de Tui. Da edificación románica nada queda. A actual, polo menos a capela maior, foi construída en 1785 segundo indica unha inscrición exterior no cabeceiro: ESTA CAPILLA SE HIZO/ SIENDO ABAD LIZENCIADO DON LOIS CAS/TRO AÑO DE 1785.

A parroquial, con intervencións de influencia barroca, é basilical dunha soa nave con incorporación pegada ao muro setentrional da sancristía, unha capela e un pórtico aberto para reunións, que en tempos foi bastante habitual no Miñor. No muro meridional chama a atención a desigualdade da fábrica de granito, consecuencia das diferentes reformas sufridas

DESCRIPCIÓN DE LA RUTA.

Dos dous matrimonios contraídos por D. Juan Antonio xurdirán as ramas dos Gabiño estendidas por Perú e Chile, diáspora que levará a que o morgado recaia na descendencia dunha das fillas, D.ª Juana Liberata Gabiño, casada con D. Manuel Antonio de Ocampo e Coronel, señor da casa e morgado da Cruz, en Mañufe, e descendente dos patróns do desaparecido mosteiro beneditino de Donas. O herdeiro foi D. Juan Antonio de Ocampo, avogado da Real Audiencia de Galicia, que alternou a residencia entre os pazos da Cruz e O Telleiro.

A casa seguiu en mans da familia, que ao paso do tempo emparentou co morgado do Avelar, en Gondomar, e a casa de Cernadas, en Chaín, ata que a súa última propietaria, a fundadora da Congregación de Misioneiras de María Mediadora, Reverenda Nai Sor Rosario Fernández Pereira, bautizada como Dolores, a converte en sede da Congregación, onde morre en 1992.

O antigo pazo, que actualmente segue como sede da citada Congregación, ten planta en forma de L e foi sometido a moi desacertadas reformas ao longo do século XX. Entre as máis desafortunadas cóntanse as acoger comercio o taller. La mayoría de edificaciones presentan cantería de calidad.

13. Torre de O Telleiro o pazo de Gabiño.

Según Rodríguez Fdez-Broullón el primitivo origen de esta casa procede del tercio final del siglo XVI. Sus primeros propietarios fueron el matrimonio de enriquecidos campesinos de la parroquia formado por D. Amaro González y D.ª María Afonso de Borreiros. El hijo natural reconocido de ella, D. Gregorio Pérez Bugarín, al no tener el matrimonio legítimos, les sucederá y la hija de este mercader de la villa de Baiona, D.ª Juana Pérez de Bugarín, casada con D. Domingo Gabiño Pérez, será la que funde el mayorazgo y amplíe el patrimonio.

Entre 1665 y 1667, durante el conflicto de la Guerra de Restauración, las tropas portuguesas entran en el Val de Miñor varias veces saqueando y quemando lo que encuentran a su paso, entre otras esta casa. Fue reedificada poco después por el hidalgo y regidor perpetuo de Baiona D. Juan Antonio Gabiño Bugarín, que la ennoblece, dota de torre y, además, recupera cultivos y viñas. La torre todavía se conservaba en 1796, según apunta Broullón.

De los dos matrimonios contraídos por D. Juan Antonio surgirán las ramas de los Gabiño extendidas por Perú y Chile, diáspora que llevará a que el mayorazgo recaiga en la descendencia de una de las hijas, D.ª Juana Liberata Gabiño, casada con D. Manuel Antonio de Ocampo y Coronel, señor de la casa y mayorazgo de A Cruz, en Mañufe, y descendiente de los patronos del desaparecido monasterio benedictino de Donas. El heredero fue D. Juan Antonio de Ocampo, abogado de la Real Audiencia de Galicia, que alternó su residencia entre los pazos de A Cruz y O Telleiro.

La casa siguió en manos de la familia, que al paso del tiempo emparentó con el mayorazgo de Avelar, en Gondomar, y la casa de Cernadas, en Chaín, hasta que su última propietaria, la fundadora de la Congregación de Misioneras de María Mediadora, Reveren-

transformacións do antigo patín de acceso e a ampliación parcial dunha planta sobre cuberta. Tamén é de resaltar, ademais das transformacións interiores, a desaparición de dúas pedras armeiras coas insignias dos Bugarín e doutras familias vinculadas á casa, situadas no antigo patín. Hoxe no lugar só quedan as insignias da inquisición gravadas na pedra.

da Madre Sor Rosario Fernández Pereira, bautizada como Dolores, la convierte en sede de la Congregación, donde muere en 1992.

El antiguo "pazo", que actualmente sigue como sede de la citada Congregación, tiene planta en forma de L y fue sometido a muy desacertadas reformas a lo largo del siglo XX. Entre las más desafortunadas se cuentan las transformaciones del antiguo patín de acceso y la ampliación parcial de una planta sobre cubierta. También es reseñable, además de las trasformaciones interiores, la desaparición de dos piedras armeras con las enseñas de los Bugarín y de otras familias vinculadas a la casa, emplazadas en el antiguo patín. Hoy en el lugar solo quedan las enseñas de la inquisición grabadas en la piedra.

DATOS DE INTERESE

Tipo de percorrido: Circular
Distancia: 3,9 km.
Dificultade: Baixa
Desnivel acumulado: 94 m.
Tempo aproximado: 50 min





DONAS E BORREIROS. DE SAN CIBRÁN A ABROLIDO

01. Capela e cruceiro de San Cibrán 02. Presa de regadío da Pradela 03. Fonte dos Campaíños 04. Etnografía. Canizo con eira 05. O Monte do Castro 06. Conxunto hídrico do Castro 07. Leiras entre carballeiras na Sermán 08. Núcleo das Regadas 09. A Oliveira. Conxunto etnográfico-paisaxístico 10. Río Groba. A Fraga da Oliveira 11. Etnografía. Canizos e casas de Abrolido 12. Cemiterio de San Cibrán 13. Casas e canizos do barrio da Rúa


0
300 M.
Cotarel
As Velosas
AS REGADAS
08
SERMÁN
07
Club Bolos San Lázaro
Coto Acevedo
O ESTRIPEIRO
CABALEIROS
12
06
03
09
A RÚA
13
O CASTRO
04
A OLIVEIRA
05
Grabia
10
01
SAN CIBRÁN
O MEIXÓN
02
Chan da Figueira
TERMO MUNICIPAL DE BAIONA
Fonte
11
ABROLLIDO
Fonte



01.



02.



04.

07.





11.

05.



DESCRICIÓN DO PERCORRIDO.

Como tantas veces sucederá nestas propostas, a visita e camiñada discorre por lugares pertencentes a dúas parroquias, neste caso farémolo rodeados de natureza e situados nunha das zonas de maior altura do municipio. Ao longo do trazado atoparémonos con algún depósito arqueolóxico, abundante etnografía, continua presenza da auga, belas vistas, bosques nos que domina a presenza do piñeiro e tamén, é inevitable, veremos algunha intervención pouco afortunada. Durante todo o percorrido soamente daremos cunha tenda-tasca, emprazada no lugar da Rúa, na que poder comer ou beber algunha cousa.

01. Capela e cruceiro de San Cibrán.

Capela. Non se sabe con certeza a súa orixe, se ben podería proceder dunha fundación ou capelanía dalgunha familia podente da parroquia, costume que tivo o seu apoxeo entre os séculos XVI e XVIII. En todo caso quizais conveña non esquecer a proximidade respecto dela do asentamento precristián descuberto no Monte do Castro, o que puido ser motivo para o establecemento dalgún oratorio coa idea de cristianizar o lugar ao que esta rematou por substituír. Os historiadores Pallares e Portela citan o topónimo (*San Ciprian*) como procedente do século XII polo que esta tese parece a máis probable. Segundo datos conservados no Arquivo Diocesano de Tui, xa existía en 1806. Como toda obra, sufriu diversas reformas e modificacións ao longo do tempo executándose unha delas en 1940, quizais a actual espadana, segundo recolle a inscrición en alto relevo que esta presenta. Máis tarde, na década dos noventa do século pasado, é sometida a outra de consideración que lle achega a imaxe actual.

A capela ten planta rectangular con ábsida de igual altura e ancho que a nave separándose desta mediante arco de medio punto, a xeito de triunfal, que, sumado a outro de igual trazada emprazado

DESCRIPCIÓN DE LA RUTA.

Como tantas veces sucederá, la visita y caminata discurre por lugares pertenecientes a dos parroquias, en este caso lo haremos rodeados de naturaleza y emplazados en una de las zonas de mayor altura del municipio. A lo largo del trazado nos encontraremos con algún yacimiento arqueológico, abundante etnografía, continua presencia del agua, bellas vistas, bosques en los que domina la presencia del pino y también, es inevitable, veremos alguna intervención poco afortunada. Durante todo el recorrido solamente daremos con una tienda-tasca, emplazada en el barrio de A Rúa, en la que poder comer o beber algo.

01. Capilla y crucero de San Cibrán.

Capilla. No se sabe con certeza su origen, aunque podría proceder de una fundación o capellanía de alguna familia pudiente de la parroquia, costumbre que tuvo su apogeo entre los siglos XVI y XVIII. En todo caso quizás convenga no olvidar la proximidad respecto de ella del asentamiento precristiano descubierto en el Monte do Castro, lo que podría haber conducido al establecimiento de algún oratorio con idea de cristianizar el lugar al que esta habría sustituido. Los historiadores Pallares y Portela citan el topónimo (*San Ciprian*) con origen en el siglo XII por lo que esta tesis parece la más probable. Según datos conservados en el Archivo Diocesano de Tui, ya existía en 1806. Como toda obra, sufrió diversas reformas y modificaciones a lo largo del tiempo ejecutándose una de ellas en 1940, quizás la actual espadaña, según recoge la inscripción en alto relieve que esta presenta. Más tarde, en la década de los noventa del siglo pasado, es sometida a otra de consideración que le aporta la imagen actual.

La capilla tiene planta rectangular con ábside de igual altura y ancho separado de la nave mediante arco de medio punto, a modo de triunfal, que, sumado a otro de igual trazada emplazado a mitad de la nave, sujetan la bóveda de cañón. Esta arranca

na metade da citada nave, suxeitan a bóveda de canón. Esta arranca dunha moldura pétrea que funciona como liña de impostas. A capela, orientada estrañamente segundo o eixe sur-norte, ten pegada polo lateral de nacente a sancristía. Os seus muros están constituídos a base de cachotaría de granito con contrafortes exteriores.

A fachada de acceso é lisa e simétrica segundo eixe vertical sobre o que se sitúa a porta de entrada rematada en arco de tres doelas a xeito de lintel. Sobre ela un pequeno rosetón circular pétreo con seis orificios en forma de aspa. Remata o lenzo unha dobre moldura cóncava que, iniciándose en ambos os dous aleiros en posición horizontal, sobe para rematar en correspondentes volutas centradas baixo unha peaña de asento da espadana de dobre van rematada en frontón semicircular coroado por unha cruz entre dous pináculos.

Tanto a cuberta da nave como da sancristía están resoltas a dúas augas e rematadas en tella curva que forma beiril sinxelo sobre cornixa de granito. Os muros do cabeceiro da capela e da sancristía rematan en pincho con capeado de pedra.

Cruceiro de San Cibrán. Emprázase a unhas decenas de metros, en dirección norte, da capela. Entre ambos os dous, o pequeno palco da música no antigo recinto da festa, hoxe asfaltado, baixo un notable carballo.

O cruceiro é moi similar ao existente na parte baixa da parroquia, no barrio do Cruceiro. Tamén ten a plataforma circular, neste caso con catro bancadas, o pedestal prismático, coas arestas moi redondeadas, o varal cilíndrico e liso e a cruz con figuración en anverso e reverso. Pero a diferenza daquel todo parece máis depurado, coma se fose levantado seguindo a pauta marcada polo outro se ben executado con máis pericia, o que nos leva a pensar que é posterior no tempo e traballado por distinta man.

Como variantes máis notables deben destacarse a falta de simboloxía e de inscrición no pedestal e o

de una moldura pétrea que funciona como línea de impostas. La capilla, orientada extrañamente según el eje sur-norte, tiene adosada por el lateral de naciente la sacristía. Sus muros están constituidos a base de mampostería de granito con contrafuertes exteriores en los laterales de la nave.

La fachada de acceso es lisa y simétrica según eje vertical sobre el que se sitúa la puerta de entrada rematada en arco a modo de dintel en tres piezas. Sobre ella un pequeño rosetón circular pétreo con seis orificios en forma de aspa. Remata el lienzo una doble moldura cóncava que, iniciándose en ambos aleros en posición horizontal, sube para rematar en sendas volutas centradas bajo una peana de asiento de la espadaña de doble vano rematada en frontón semicircular coronado por una cruz entre dos pináculos.

Tanto la cubierta de la nave como de la sacristía están resueltas a dos aguas y rematadas en teja curva que forma alero sencillo sobre cornisa de granito. Los muros del cabecero de la capilla y de la sacristía rematan en muro pincho con capeado de piedra.

Crucero de San Cibrán. Se emplaza a unas decenas de metros, en dirección norte, de la capilla. Entre ambos el pequeño palco de música en el antiguo recinto de la fiesta, hoy asfaltado, bajo un notable "carballo".

El crucero es muy similar al existente en la parte baja de la parroquia en el barrio de O Cruceiro. También tiene la plataforma circular, en este caso con cuatro bancadas, el pedestal prismático, con las aristas muy redondeadas, el varal cilíndrico y liso y la cruz con figuración en anverso y reverso. Pero a diferencia de aquel todo parece más depurado, como si hubiera sido levantado siguiendo la pauta marcada por el otro pero ejecutado con más pericia, lo que nos lleva a pensar que es posterior en el tiempo y tallado por distinta mano.

Como variantes más notables deben destacarse la falta de simbología y de inscripción en el pedestal y el cuidado en los trabajos de la cruz. Esta presenta los

coidado nos traballos da cruz. Esta mostra os brazos e cabeceiro con remates lobulados e no anverso un Cristo bastante expresivo baixo lenda do INRI, con tres cravos e as pernas dobradas e separadas da cruz. No reverso aparece unha representación da Virxe, tamén baixo a advocación da Dolorosa, en posición orante e de pé sobre un querubín.

02. Presa de regadío da Pradela.

Tanque de notables dimensións para almacenamento das augas necesarias a utilizar en tempo de regadío. Está construída en granito e dotada de vertedoiros, boca para baleirado, canles e demais elementos necesarios para un correcto funcionamento. Coñécese co nome de presa da Pradela ou da Paradela e seguindo o percorrido da auga antecédelle un lavadoiro. Ultimamente está necesitada de mantemento e limpeza.

Durante parte do traxecto que segue á presa obtéñense amplas e abertas vistas sobre a Serra da Groba, en dirección sueste, o promontorio e monte do Castro, a pouca distancia, e a ría de Baiona pechada por Monterreal, as illas Estelas e Monteferro. Algo máis alá, en pleno Atlántico, as Illas Cíes.

03. Fonte dos Campaíños.

Forma parte das tipoloxicamente coñecidas como de biqueira, abrollando a auga a través dunha barbacá pétrea para caer nun tanque monolítico executado no mesmo material. Emprázase á marxe do camiño que, continuando en dirección norte, baixa ao Mosteiro, xusto ao pé duns carballos que se mesturan coa gran masa arbórea de piñeiros e eucaliptos que defendida por equivocadas políticas de repoboación forestal invaden o municipio. É este un lugar no que abundan os corvos, as pegas e outras aves.

04. Hórreo con eira de pedra.

Forman grupo con outras edificacións adxectivas ou complementarias da casa do Cordas. O hórreo é da tipoloxía Pontevedra, onde a pedra da es-

brazos y cabecero con remates lobulados y en el anverso un Cristo bastante expresivo bajo cartela del INRI, con tres clavos y las piernas dobladas y separadas de la cruz. En el reverso aparece una representación de la Virgen, también bajo la advocación de la Dolorosa, en posición orante y de pie sobre un querubín.

02. Presa de regadío de A Pradela.

Tanque de notables dimensiones para almacenamiento de las aguas necesarias a utilizar en tiempo de regadío. Está construida en granito y dotada de aliviaderos, boca para vaciado, canales y demás elementos necesarios para un correcto funcionamiento. Se conoce con el nombre de presa de A Pradela o A Paradela y siguiendo el recorrido del agua le antecede un lavadero. Últimamente está necesitada de mantenimiento y limpieza.

Durante parte del trayecto que sigue a la presa se obtienen amplias y abiertas vistas sobre A Serra da Groba, en dirección suroeste, el promontorio y monte de O Castro, a poca distancia, y la ría de Baiona cerrada por Monterreal, las islas Estelas y Monteferro en la lejanía. Algo más allá, en pleno Atlántico, las Islas Cies.

03. Fuente de Os Campaíños.

Forma parte de las tipológicamente conocidas como de caño, brotando el agua a través de una barbacana pétrea para caer en un tanque monolítico ejecutado en el mismo material. Se emplaza al margen del camino que continuando en dirección norte baja a O Mosteiro, justo al pie de unos robles que se mezclan con la gran masa arbórea de pinos y eucaliptos, que invaden el municipio, defendida por equivocadas políticas de repoblación forestal. Es este un lugar en el que abundan los cuervos, las urracas y otras aves.

04. Hórreo con era de piedra.

Forman grupo con otras edificaciones adjetivas o complementarias de la casa de O Cordas. El hórreo es

trutura se mestura co ladrillo para a ventilación nos claros. A variante é Mañufe, polo telladiño central ou archete baixo o que se sitúa a porta principal. Sobre ela aparece a inscrición: ANO/Ð/1923/ JAM. Ten unha segunda porta no penal máis protexido dos ventos.

A data da inscrición é a que xustifica que os claros non estean resoltos en madeira e que a tella sexa plana, algo nada usual. É de resaltar que cada mó ou tornarratos cubra dous pés, isto é bastante habitual no Val de Miñor.

Por último chamar a atención sobre a alta calidade da eira empedrada e murada que aparece ante el. Nela realizábanse distintas tarefas agrícolas. No municipio hai poucas tan notables; só unha máis importante: a do pazo Mendoza en Mañufe.

05. Monte do Castro.

Topónimo que sinala a localización dun asentamento precristián. Segundo os arqueólogos Hidalgo Cuñarro e Costas Goberna, consta de acrópole e terraza orientada a poñente. Non foi escavado e en superficie ata agora apareceu escasa cerámica. Hoxe o recinto está invadido por vexetación incontrolada, principalmente piñeiros.

06. Conxunto hídrico do Castro.

Todo o conxunto xira arredor da fonte do mesmo nome. A auga mana por unha biqueira pétrea encaixada baixo os perpiaños que pechan a boca da mina que a alimenta encaixada no muro de contención de terras do campo posterior. A auga manada recondúcese en dúas direccións a través de canles de pedra. Á esquerda, abastece un curioso e ben construído lavadoiro de granito. De fronte alimenta unha notable presa de regadío de 25,00 m. de longo, compartimentada en dúas partes. Todo o conxunto ten un interese etnográfico que só pode apreciarse se temos a fortuna de achegarnos cando o recinto está coa vexetación cortada en data recen-

de la tipología Pontevedra, donde la piedra de la estructura se mezcla con el ladrillo para la ventilación en los "claros". La variante es Mañufe, por el tejadillo central o "archete" bajo el que se emplaza la puerta principal. Sobre ella tiene la inscripción: ANO/Ð/1923/ JAM. Tiene una segunda puerta en el "penal" más protegido de los vientos.

La fecha de la inscripción es la que justifica que los "claros" no estén resueltos en madera y que la teja sea plana, algo nada usual. Es de resaltar el que cada "mó" o "tornarratos" cubra dos pies, esto sí bastante habitual en el Val de Miñor.

Por último llamar la atención sobre la alta calidad de la era empedrada y murada que aparece ante él. En ella se realizaban distintas tareas agrícolas. En el municipio hay pocas tan notables; solo una más importante: la del pazo Mendoza en Mañufe.

05. Monte de O Castro.

Topónimo que señala el emplazamiento de un asentamiento precristiano. Según los arqueólogos Hidalgo Cuñarro y Costas Goberna, consta de acrópolis y terraza orientada a poniente. No fue excavado y en superficie hasta ahora apareció escasa cerámica. Hoy el recinto está invadido por vegetación incontrolada, principalmente pinos.

06. Conjunto hídrico de O Castro.

Todo el conjunto gira alrededor de la fuente del mismo nombre. El agua mana por un caño pétreo encajado bajo los perpiaños que cierran la boca de la mina que la alimenta encajada en el muro de contención de tierras del campo posterior. El agua manada se reconduce en dos direcciones a través de canales de piedra. A la izquierda, abastece un curioso y bien construido lavadero de granito. De frente surte a una notable presa de regadío de 25,00 m. de largo, compartimentada en dos partes. Todo el conjunto tiene un interés etnográfico que solo puede apreciarse si tenemos la fortuna de acercarnos cuando el recinto está

te. Bordeando a presa baixaremos cara ás antigas escolas para continuar a ruta.

07. Leiras entre carballeiras na Sermán.

Polos barrios do Estripeiro e da Sermán é habitual atoparse con prados rodeados de carballos, froiteiras e loureiros de notable dimensión. Mesmo pasaremos tanxencialmente a unha carballeira de considerables dimensións na que non é estraño ver algunha pequena ave rapaz. A nota negativa pona a constante presenza de piñeiros e eucaliptos.

08. Núcleo das Regadas.

Antigo núcleo tradicional con varias casas rehabilitadas e reformadas, unhas con máis criterio que outras. Aséntase na parte baixa, preto do río, seguindo o criterio lineal que lle impón o camiño. O material predominante de construción é o granito e algunha carpintaría de ventás e portas exteriores presenta cor, tal e como é costume na arquitectura tradicional do municipio.

09. A Oliveira. Conxunto etnográfico-paisaxístico.

A pouco de chegar a este outro grupo de edificacións tradicionais, mesturadas con algunha nova, veremos á nosa dereita entre árbores doutras especies unha extraordinaria sobreira á que paga a pena dedicarlle un tempo. Tristemente, pouco máis alá á mesma man do camiño toparemos un almacén de residuos de construción visible xa dende o exemplar botánico antes citado. Contradicións indesexables e de posible arranxo.

10. Río Groba. A Fraga da Oliveira.

Para contemplar o ámbito inmediato e a canle ocasionalmente pétrea do Río Groba, que durante gran parte do percorrido separa os municipios de Gondomar e Baiona, habemos de desviarnos momentaneamente da ruta. Nalgúns tramos deste consérvanse agradables fragas de vexetación autóctona propia destas zonas húmidas nas que vive e aniña fauna

con la vegetación recién cortada. Bordeando la presa bajaremos hacia las antiguas escuelas para continuar la ruta.

07. Prados rodeados de robles por A Sermán.

Por los barrios de O Estripeiro y A Sermán es habitual encontrarse con prados rodeados de robles, frutales y laureles de notable dimensión. Incluso pasaremos tangencialmente a una "carballeira" de considerables dimensiones en la que no es extraño ver alguna pequeña ave rapaz. La nota negativa la ponen la constante presencia de pinos y eucaliptos.

08. Núcleo de As Regadas.

Antiguo núcleo tradicional con varias casas rehabilitadas y reformadas, unas con más criterio que otras. Se asienta en la parte baja, cerca del río, siguiendo el criterio lineal que le impone el camino. El material predominante de construcción es el granito y alguna carpintería de ventanas y puertas exteriores presenta color, tal y como es costumbre en la arquitectura tradicional del municipio.

09. A Oliveira. Conjunto etnográfico-paisajístico.

A poco de llegar a este otro grupo de edificaciones tradicionales, entreveradas con alguna nueva, veremos a nuestra derecha entre árboles de otras especies un extraordinario alcornoque al que merece la pena dedicarle un tiempo. Tristemente, poco más allá a la misma mano del camino toparemos un almacén de residuos de construcción visible ya desde el ejemplar botánico antes citado. Contradicciones indeseables y subsanables.

10. Río Groba. A Fraga de Oliveira.

Para contemplar el entorno inmediato y el cauce ocasionalmente pétreo del Río Groba, que durante gran parte de su recorrido separa los municipios de Gondomar y Baiona, hemos de desviarnos momentáneamente de la ruta. En algunos tramos de aquel se

avícola. A máis importante e coñecida é a Fraga de Oliveira, ou sexa, a deste barrio.

11. Etnografía. Hórreos e casas en Abrolido.

Este apartado e tradicional barrio é hoxe un lugar desolador por culpa do mal gusto imperante. As edificacións adxectivas están arruinadas na súa maioría e as únicas casas que se salvan esteticamente falando son aquelas que aínda non foron intervidas. Varias posúen patín e os eidos-horta estaban ateigados de árbores froiteiras e outras ornamentais, como camelias. Hoxe esta presenza vexetal só se conserva con toda a súa romántica beleza nas abandonadas. Tamén é de subliñar un dos hórreos do lugar, actualmente constrinxido tras un novo, inadecuado e moi próximo muro de peche.

12. Cemiterio de San Cibrán.

Logo dun bo treito camiñando a través dun bosque no que domina o piñeiro e o eucalipto chegamos a un cruzamento cercado por casas, cuxo topónimo é A Rúa, dende o cal se localiza o cemiterio a pouca distancia.

Este cemiterio hixienista foi construído e valado no ano 1931, tal como indica a inscrición existente no lintel do portalón de acceso, a xeito de complemento do outro da parroquia existente no Mosteiro. A xustificación foi a mesma que a da capela: a gran distancia existente entre esta aldea e Abrolido coa parroquial.

No ano 2016 o Concello en calidade de propietario recibiu as obras de ampliación e urbanización intramuros executadas en granito país e mármore Macael branco seguindo a pauta establecida nos anos trinta polos mestres canteiros no lugar. Aquelas primeiras columnas de nichos mostran unha arquitectura ecléctica; os actuais pretenden atender os ditados contemporáneos. No seu interior consérvase o único cruceiro policromado de todo o municipio e Val executado completamente en morteiro de cemento.

conservan agradables "fragas" de vegetación autóctona propia de estas zonas húmedas en las que vive y anida fauna avícola. La más importante y conocida es la Fraga de Oliveira, o sea, la de este barrio.

11. Etnografía. Hórreos y casas en Abrolido.

Este apartado y tradicional barrio es hoy un lugar desolador por culpa del mal gusto imperante. Las edificaciones adjetivas están arruinadas en su mayoría y las únicas casas que se salvan estéticamente hablando son aquellas que aún no han sido intervenidas. Varias poseen patín y las fincas-huerto estaban cubiertas de árboles frutales y otros ornamentales, como camelias. Hoy esta presencia vegetal solo se conserva con toda su romántica belleza en las abandonadas. También es especialmente reseñable uno de los hórreos del lugar, actualmente constreñido tras un nuevo, inadecuado y muy próximo muro de cierre.

12. Cementerio de San Cibrán.

Luego de un buen trecho caminando a través de un bosque en el que domina el pino y el eucalipto llegamos a un cruce cercado por casas, cuyo topónimo es A Rúa, desde el cual se localiza el cementerio a poca distancia.

Este cementerio higienista fue construido y vallado en el año 1931, tal como indica la inscripción existente en el dintel del portalón de acceso, a modo de complemento del otro de la parroquia existente en O Mosteiro. La justificación fue la misma que la de la capilla: la gran distancia existente entre esta aldea y Abrolido con la parroquial.

En el año 2016 el Concello en calidad de propietario recibió las obras de ampliación y urbanización intramuros ejecutadas en granito país y mármol Macael blanco siguiendo la pauta establecida en los años treinta por los maestros canteros en el lugar. Aquellas primeras columnas de nichos muestran una arquitectura ecléctica; los actuales pretenden atender a los dictados contemporáneos. En su interior se conserva el único

13. Casas e hórreos no lugar da Rúa.

Interesante grupo de casas, algunhas deficientemente intervidas, asentadas no territorio seguindo as directrices marcadas polo camiño pero resoltas sen fachada urbana, é dicir, voltas cara ao interior dos terreos privados ou resoltas directamente separadas del por medio dun muro de pedra. Algunha delas presenta edificacións auxiliares de consideración destacando entre elas algún hórreo tipo Pontevedra, abundando particularmente os da variedade Mañufe. Todos neste caso insisten na resolución da ventilación nos claros a base de ladrillo cerámico colocado con clara intencionalidade estética ademais de funcional. Anexo a este grupo de casas, xusto no cruzamento de camiños asfaltados, atópase a única tenda-bar de todo o percorrido. O núcleo construído, que empeza na Rúa, remata camiño arriba, en dirección á capela, coa casa e presa do Piollo. O topónimo A Rúa quizais sexa consecuencia da xerarquía territorial que nalgún tempo pudo ter o camiño que saíndo de Baiona comunicaba, pasando por aquí e polo Monte Cereixo, na Portavedra, coas terras do actual Baixo Miño. Espinosa Rodríguez establece unha orixe pre-medieval para este camiño.

crucero policromado de todo el municipio y Val ejecutado completamente en mortero de cemento.

13. Casas y hórreos en el lugar de A Rúa.

Interesante grupo de casas, algunas deficientemente intervenidas, asentadas en el territorio siguiendo las directrices marcadas por el camino pero resueltas sin fachada urbana, es decir, vueltas hacia el interior de las fincas privadas o resueltas directamente separadas de él por medio de un muro de piedra. Alguna de ellas presenta edificaciones auxiliares de consideración destacando entre ellas algún hórreo tipo Pontevedra, abundando particularmente los de la variedad Mañufe. Todos en este caso insisten en la resolución de la ventilación en los "claros" a base de ladrillo cerámico colocado con clara intencionalidad estética además de funcional. Anexo a este grupo de casas, justo en el cruce de caminos asfaltados, se encuentra la única tienda-bar de todo el recorrido. El núcleo construido, que había empezado en A Rúa, remata camino arriba, en dirección a la capilla, con la casa y presa de O Piollo. El topónimo A Rúa quizás sea consecuencia de la jerarquía territorial que en algún tiempo debió tener el camino que partiendo de Baiona comunicaba, pasando por aquí y por el Monte Cereixo, en A Portavedra, con las tierras del actual Baixo Miño. A este camino Espinosa Rodríguez le asigna un origen pre-medieval.

DATOS DE INTERESE

Tipo de percorrido: Circular
Distancia: 7,1 km.
Dificultade: Moderada
Desnivel acumulado: 256 m.
Tempo aproximado: 2 h





DONAS. A PARROQUIA, CON INICIO E REMATE NO MOSTEIRO

01. Igrexa románica e restos da Casa Acevedo 02. Camiño tradicional 03. Souto polas Laxes 04. Carreiro etnográfico cara á Mangarela 05. Sede da asociación Espazo Lectura 06. Edificación do XVIII. Hórreo de interese 07. Casa do Alcóucer 08. A Barcalla 09. Etnografía. Lavadoiro comunal 10. Camiño do Aciquelo da Baixo 11. Vistas panorámicas 12. Vistas panorámicas 13. Cemiterio do Mosteiro 14. Sede da extinta Sociedade de Agricultores 15. Calvario do Mosteiro


0
300 M.
03
07
06
05
04
A NOGUEIRA
O ALCÓUCER
10
09
08
O SOUTO
Pequeno
Río
02
DONAS (SANTA BAIA)
A BARCALLA
14
15
O MOSTEIRO
13
01
11
A PALMA
A Sobreira
12
As Cruces

11.





01.



07.



08.

15.



13.



DESCRICIÓN DO PERCORRIDO.

A ruta percorre algúns dos lugares máis emblemáticos dunha parroquia que tomou o seu nome da condición feminina do mosteiro beneditino que nela se fundou cando o rei Afonso VII doa en 1149 a dona Aurea Bellide (dona Orbelido segundo o profesor Gonzalo Navaza) o couto de Santa Baia no Val de Miñor, ou sexa, estas terras. A parroquia baixo advocación de Santa Baia xa existía cando isto sucedeu.

Teremos oportunidade de contemplar unha das mellores pezas do románico municipal, interesantes mostras de etnografía, en ocasións non tan ben tratadas como nos gustaría, camiñaremos por antigas vereas acoutadas por grosos muros de cantería e atoparémonos con hortas ateigadas de cultivos e con paisaxes insospeitadas. Tamén con xentes dispostas a axudarnos. No punto de inicio e remate toparemos o único bar existente ao longo do percorrido.

01. Igrexa románica e restos da Casa Acevedo.

Igrexa románica. É o único que se conserva do mosteiro fundado a mediados do século XII e abandonado a finais do XV, cando as monxas da orde beneditina se concentran en San Paio de Antealtares, en Compostela. Este mosteiro foi o que deu topónimo ao barrio e a súa condición feminina á parroquia.

A primitiva igrexa foi de planta rectangular, dunha nave, con ábsida tamén rectangular. Logo, co paso do tempo, sufriría adicións.

A nave en orixe tiña tres accesos: o principal e dous secundarios máis sinxelos e pequenos, actualmente tapiados, de probable comunicación co resto de dependencias do mosteiro na fachada meridional. Así mesmo, posuía seis ventás tipo seteira das que só se conservan cinco. Todas presentan derramo ao interior e rematan en arco de medio punto en aresta viva que apoia en dúas columnas cilíndricas monolíticas e lisas. Estas posúen bases de perfil ático, con poutas, e capiteis decorados con vexetación diversa agás tres historiados.

DESCRIPCIÓN DE LA RUTA.

La ruta recorre algunos de los lugares más emblemáticos de una parroquia que tomó su nombre de la condición femenina del monasterio benedictino que en ella se fundó cuando el rey Alfonso VII dona en 1149 a doña Aurea Bellide (doña Orbellido según el profesor Gonzalo Navaza) el coto de Santa Baia en el Val de Miñor, o sea, estas tierras. La parroquia bajo advocación de Santa Baia ya existía cuando esto sucedió.

Tendremos oportunidad de contemplar una de las mejores piezas del románico municipal, interesantes muestras de etnografía, en ocasiones no tan bien tratadas como nos gustaría, caminaremos por antiguas veredas acotadas por gruesos muros de cantería y nos encontraremos con huertas rebosantes de cultivos y con paisajes insospechados. También con gentes dispuestas a ayudarnos. En el punto de inicio se emplaza el único bar existente a lo largo del recorrido.

01. Iglesia románica y restos de la casa Acevedo.

Iglesia románica. Es lo único que se conserva del monasterio fundado a mediados del siglo XII y abandonado a finales del XV, cuando las monjas de la orden benedictina se concentran en San Paio de Antealtares, en Compostela. Este monasterio fue el que dio topónimo al barrio y su condición femenina a la parroquia.

La primitiva iglesia fue de planta rectangular, de una nave, con ábside también rectangular; luego, con el paso del tiempo, sufriría adiciones.

La nave originalmente tenía tres accesos: el principal y dos secundarios más sencillos y pequeños, actualmente tapiados, de probable comunicación con el resto de dependencias del monasterio en la fachada sur. Así mismo, poseía seis ventanas tipo saetera de las que solo se conservan cinco. Todas presentan derrame al interior y rematan en arco de medio punto en arista viva que apoya en dos columnas cilíndricas monolíticas y lisas. Estas poseen bases de perfil ático con garras y capiteles decorados con vegetación diversa excepto tres historiados.

Tamén a ábsida está dotada de iluminación natural a través doutras dúas seteiras en orixe similares ás anteriores, que non manteñen a proposta inicial. Ambas as dúas están entre senllas columnas entregas sobre as que descargan dous arcos faixóns ou perpiaños. Os capiteis correspondentes ao par occidental están barbaramente rasurados en tanto os dous orientais manteñen escultura historiada. No do norte aprécianse catro figuras que de esquerda a dereita poden describirse do xeito seguinte: un personaxe sentado cun libro aberto, outros dos personaxes, quizais tamén sentados, agarrando algo conxuntamente ou agarrándose entre si e, o último, un anxo coas ás abertas ao tempo que fai unha xenuflexión. O do sur presenta outras catro figuras: no centro aparece a Virxe co Neno no brazo esquerdo en tanto co dereito efectúa acción de bendicir, xesto que repite o neno; a ambos os lados cadansúa figura de longas vestimentas sosteñen a túnica da Virxe. Esta escultura dátase como do terceiro cuarto do século XII. Para finalizar a descrición da ábsida, mencionar que o teito foi resolto mediante bóveda granítica de canón, algo peraltada, sobre os arcos faixóns xa citados.

Exteriormente a fábrica pétrea preséntase lisa sendo o punto de máximo interese a portada occidental. Compóñena tres arquivoltas en arco semicircular decorado, sobre dous pares de columnas as exteriores e sobre xambas a interior. O tímpano, formado por cinco doelas, presenta chafrán con bólas e carga sobre lintel liso. As columnas, todas cilíndricas lisas e monolíticas, son acaroadas con capiteis e bases entregas, estas de perfil ático e plinto decorado e aqueles con escultura vexetal (tres) ou historiada (un). Interiormente a portada mostra dúas arquivoltas. Toda a escultura aplicada esta moi erosionada.

Os canzorros e cornixa románica, tanto da nave coma da ábsida, desapareceron con motivo das varias reformas ás que foi sometida a igrexa. Parte dos canzorros orixinais, tras unha casual localización de 24 unidades no Museo Diocesano de Tui, están instalados a xeito de testemuño nun muro lateral da nave.

También el ábside está dotado de iluminación natural a través de otras dos saeteras en origen similares a las anteriores, que no conservan la propuesta inicial. Ambas están entre sendas columnas entregas sobre las que descargan dos arcos fajones. Los capiteles correspondientes al par occidental están bárbaramente rasurados en tanto los dos orientales mantienen escultura historiada. En el del norte se aprecian cuatro figuras que de izquierda a derecha pueden describirse de la siguiente manera: un personaje sentado con un libro abierto, otros dos personajes, quizás también sentados, agarrando algo conjuntamente o agarrándose entre sí y, el último, un ángel con las alas abiertas al tiempo que hace una genuflexión. El del sur presenta otras cuatro figuras: en el centro aparece la Virgen con el Niño en el brazo izquierdo en tanto con el derecho efectúa acción de bendecir, gesto que repite el niño; a ambos lados sendas figuras de largas vestimentas sostienen la túnica de la Virgen. Esta escultura está datada como del tercer cuarto del siglo XII. Para finalizar la descripción del ábside, mencionar que el techo fue resuelto mediante bóveda granítica de cañón, algo peraltada, sobre los arcos fajones ya citados.

Exteriormente la fábrica pétrea se presenta lisa siendo el punto de máximo interés la portada occidental. Está compuesta por tres arquivoltas en arco semicircular decorado, sobre dos pares de columnas las exteriores y sobre jambas la interior. El tímpano, formado por cinco dovelas, presenta chaflán con bolas y carga sobre dintel liso. Las columnas, todas cilíndricas lisas y monolíticas, son adosadas con capiteles y bases entregas, estas de perfil ático y plinto decorado y aquellos con escultura vegetal (tres) o historiada (uno). Interiormente la portada muestra dos arquivoltas. Toda la escultura aplicada está muy erosionada.

Los canecillos y cornisa románica, tanto de la nave como del ábside, desaparecieron con motivo de las varias reformas a las que fue sometida la iglesia. Parte de estos canecillos, tras una casual localización de 24 unidades en el Museo Diocesano

Como xa se dixo, a igrexa sufriu diversas modificacións ao longo do tempo, algo bastante habitual, sendo as de maior calado as efectuadas a partir do XVIII, despois de desvincularse do mosteiro. Entre elas cabe destacar a ampliación que sufriu na fachada norte a finais do XVIII ou inicios do XIX co fin de emprazar a sancristía e, seguramente en paralelo, unha nova capela, a do Cristo. A execución destas obras levou aparellada a apertura dunha porta no muro lateral do presbiterio, o tapiado dunha das ventás da ábsida e a apertura dun gran van baixo arco semicircular na parede da nave coa conseguinte mutilación da liña de impostas e a desaparición dunha seteira. A sancristía e a capela están teitadas con bóveda de canón en pedra e na primeira consérvase unha curiosa almofía granítica. De finais do XVIII tamén deben proceder o muro piñón de remate da fachada occidental e a torre-campanario levantada sobre a aresta noroeste.

Restos da casa Acevedo. Sábese que a mediados do XVI todas as dependencias do mosteiro seguían en mans do Cabido da Catedral de Tui, non obstante descoñécese cando e a quen foron vendidas posteriormente, excepto a igrexa. A casa de Acevedo é fundada, segundo dicir de Espinosa Rodríguez, sobre os restos do antigo mosteiro situados a sur da igrexa. Constrúea D. Jorge de Acevedo, quen a converterá en cabeza de morgado no ano 1692. A casa, de traza esencialmente lineal na dirección leste-oeste, mantívose agrupada e gardou criterio de unidade arquitectónica ata que a partir de 1841, en pleno Estado Liberal, coa abolición definitiva da lei de morgados, divídese a propiedade.

A repartición da casa e terreo entre os distintos herdeiros fai que se acomode cada unha das partes ás necesidades de vivenda completa, feito que transforma totalmente a morfoloxía da obra inicial. Ademais, ao longo da segunda metade do XIX e todo o XX producense mutilacións e ampliacións que converten en irrecoñecible a peza orixinal. Hoxe, na parte máis arruinada, aínda se pode ver parte do antigo corredor pétreo de Tui, están instalados como testimonio en un muro lateral de la nave.

Como ya se dijo, la iglesia sufrió diversas modificaciones a lo largo del tiempo, algo bastante habitual, siendo las de mayor calado las efectuadas a partir del XVIII, una vez desvinculada del monasterio. Entre ellas cabe destacar la ampliación que sufrió en la fachada norte a finales del XVIII o inicios del XIX con el fin de emplazar la sacristía y, seguramente en paralelo, una nueva capilla, la del Cristo. La ejecución de estas obras llevó aparejada la apertura de una puerta en el muro lateral del presbiterio, el tapiado de una de las ventanas del ábside y la apertura de un gran vano bajo arco semicircular en la pared de la nave con la consiguiente mutilación de la línea de impostas y la desaparición de una saetera. La sacristía y la capilla están techadas con bóveda de cañón en piedra. De finales del XVIII también deben proceder el muro piñón de remate de la fachada occidental y la torre-campanario levantada sobre la arista noroeste.

Restos de la Casa Acevedo. Se sabe que a mediados del XVI todas las dependencias del monasterio seguían en manos del Cabildo de la Catedral de Tui, sin embargo se desconoce cuándo y a quién fueron vendidas posteriormente, excepto la iglesia. La casa de Acevedo es fundada, según decir de Espinosa Rodríguez, sobre los restos del antiguo cenobio emplazados a sur de la iglesia. La construye D. Jorge de Acevedo, el cual la convertirá en cabeza de mayorazgo en el año 1692. La casa, de traza esencialmente lineal en la dirección este-oeste, se mantuvo agrupada y guardó criterio de unidad arquitectónica hasta que a partir de 1841, en pleno Estado Liberal, con la abolición definitiva de la ley de mayorazgos, se divide la propiedad.

El reparto de la casa y finca entre los distintos herederos hace que se acomode cada una de las partes a las necesidades de vivienda completa lo que transforma totalmente la morfología de la obra inicial. Además, a lo largo de la segunda mitad del XIX y todo

sobre columnas da fachada norte, tras o muro que a separa da igrexa, e na fachada sur restos dun patín de acceso a unha desaparecida solaina e un arco apuntado que servía de entrada ao paso que atravesaba a casa de sur a norte a nivel de planta baixa. Igual sorte correron as terras que a rodeaban.

02. Camiño tradicional.

Este foi o único acceso para chegar á igrexa dende os barrios do norte da parroquia ata que se abriu o actual asfaltado atravesando o barrio do Souto. A vía coñécese como Camiño da Igrexa e durante o verán é usual atoparse coa auga canalizada que seguindo o seu curso se dirixe aos inmediatos campos de millo.

03. Souto polas Laxes.

Terreos delimitados por distintos muros entre os que sobresae un pequeno tramo conservado de peche tradicional, de non moita altura e uns sesenta centímetros de espesor, executado en cachotaría de granito país combinado coa pedra propia de Borreiros e Donas, material que en forma de "pastas" se utiliza para rematar, "testar", o citado peche. Nestes terreos das Laxes repoboouse con vexetación en altura, árbores, entre os que abunda o eucalipto pero, non obstante, destaca a tradicional presenza de castiñeiros. En Galicia a unha masa forestal de castiñeiros chámaselle "souto".

04. Carreiro etnográfico cara á Mangarela.

O carreiro é o máis humilde dos camiños do rural galego; o seu uso é peonil. Este da Nogueira, chamado "da Vicentiña", é moi particular porque ao feito da estreiteza acoutada por muros de granito de mediana altura, o que lle confire unhas características espaciais só aprehensibles se se transita, súmase a peculiaridade do leito de tránsito. O ancho total está pensado e resolto para dar paso a persoas ao tempo que tamén o fai a auga para regadío. Aquelas a través dun lousado de granito que ocupa a metade do ancho. Esta mediante un rego, hoxe cuberto de terra pola perda do

el XX se producen mutilaciones y ampliaciones que convierten en irreconocible la pieza original. Hoy, en la parte más arruinada, aún se puede ver parte del antiguo corredor pétreo sobre columnas en la fachada norte, tras el muro que la separa de la iglesia, y en la fachada sur restos de un "patín" de acceso a una desaparecida "solaina" y un arco apuntado que servía de entrada al paso que atravesaba la casa de sur a norte a nivel de planta baja. Igual suerte corrieron las tierras que la rodeaban.

02. Camino tradicional.

Este fue el único acceso para llegar a la iglesia desde los barrios del norte de la parroquia hasta que se abrió el actual asfaltado atravesando el barrio de O Souto. El vial se conoce como Camiño da Igrexa y durante el verano es usual encontrarse con el agua canalizada que siguiendo su curso se dirige a los inmediatos campos de maíz.

03. Souto por As Laxes.

Fincas delimitadas por distintos muros entre los que sobresale un pequeño tramo conservado de cierre tradicional, de no mucha altura y unos sesenta centímetros de espesor, ejecutado en mampostería de granito país combinado con la piedra propia de Borreiros y Donas, material que en forma de "pastas" se utiliza para rematar, "testar", el citado cierre. En estas fincas de As Laxes se repobló con vegetación en altura, árboles, entre los que abunda el eucalipto pero, sin embargo, destaca la tradicional presencia de castaños. En Galicia a una masa forestal de castaños se la denomina "souto".

04. Senda etnográfica a A Mangarela.

La senda es el más humilde de los caminos del rural gallego; su uso es peatonal y recibe el nombre de "carreiro". Este de A Nogueira, llamado de A Vicentiña, es muy particular porque al hecho de su estrechez acotada por muros de granito de mediana altura, lo que le confiere unas características espaciales solo aprehen-

uso, que abrangue a outra metade. Unha sinxela pero enxeñosa obra de etnografía, como sempre acontece coa arquitectura vernácula. A Nogueira é un topónimo cuxa existencia está constatada xa no século XII.

05. Sede da asociación Espazo Lectura.

É esta unha asociación multipremiada que ten como principal obxectivo difundir o enriquecedor hábito da lectura. Desenvolve algunhas das actividades en Gondomar vila, pero esta é realmente a súa sede: unha antiga escola unitaria que quedara sen uso, para a cal, por iniciativa da asociación, redactouse un proxecto arquitectónico co obxecto de, mellorando a sede, convertela en Museo do Conto.

06. Edificación do XVIII. Hórreo de interese.

Pequeno grupo de edificacións no barrio da Nogueira, hoxe quizais vindas a menos e algo maltratadas, que vistas con detemento presentan algúns elementos arquitectónicos demostrativos de certa solvencia económica da propiedade no pasado. Entre estes destacan a cornixa pétrea da casa, coñecida como a de María Claudino, e a tamén cornixa dunha pequena edificación adxectiva e o lintel rotulado da mesma, que a data no século XVIII.

Pero a peza máis característica do grupo é o canizo pertencente á casa. É da tipoloxía Morrazo, a máis sofisticada e artisticamente importante entre as existentes en Galicia sur. Esta tipoloxía só se diferenza do tipo Pontevedra no material constituínte: unicamente utiliza a pedra de granito. No caso que nos ocupa é de destacar as doelas monolíticas que conforman os claros de ventilación e o traballo de estereotomía das mós ou tornarratos. Pena que o cumio da cuberta non estea resolta tamén en pedra en vez das recolocadas tellas.

07. Casa do Alcóucer.

É a terceira na escala, despois da Casa de Acevedo e a Casa da Inquisición, entre as "casas grandes"

sibles si se transita, se suma la peculiaridad del plano de tránsito. El ancho total está pensado y resuelto para dar paso a personas al tiempo que también lo hace el agua para regadío. Aquellas a través de un enlosado de granito que ocupa la mitad del ancho. Esta mediante un riego, hoy cubierto de tierra por la pérdida del uso, que abarca la otra mitad. Una sencilla pero ingeniosa obra de etnografía, como siempre ocurre con la arquitectura vernácula. A Nogueira es un topónimo cuya existencia ya está documentada en el siglo XII.

05. Sede de la asociación Espazo Lectura.

Es esta una asociación multipremiada que tiene como principal objetivo difundir el enriquecedor hábito de la lectura. Desarrolla algunas de las actividades en Gondomar villa, pero esta es realmente su sede: una antigua escuela unitaria que se había quedado sin uso, para la cual, por iniciativa de la asociación, se redactó un proyecto arquitectónico con el objeto de, mejorando la sede, convertirla en Museo del Cuento.

06. Edificación del XVIII. Hórreo de interés.

Pequeño grupo de edificaciones en el barrio de A Nogueira hoy quizás venidas a menos y algo maltratadas, que vistas con detenimiento presentan algunos elementos arquitectónicos denotativos de cierta solvencia económica de la propiedad en el pasado. Entre estos destacan la cornisa pétrea de la casa, conocida como la de María Claudino, y la también cornisa de una pequeña edificación adjetiva y el dintel rotulado de la misma, que la data en el siglo XVIII.

Pero la pieza más característica del grupo es el hórreo perteneciente a la casa. Es de la tipología Morrazo, la más sofisticada y artísticamente importante entre las existentes en Galicia sur. Esta tipología solo se diferencia del tipo Pontevedra en el material constituyente: únicamente utiliza la piedra de granito. En el caso que nos ocupa es de destacar las dovelas monolíticas que conforman los "claros" de ventilación y el trabajo de estereotomía de las "mós" o "tornarratos". Pena que

que existiron na parroquia durante o Antigo Réxime. Está documentado que en 1681 xa existía aquí unha casa, non sabemos se morfoloxicamente igual, probablemente non, da que eran propietarios o matrimonio de labradores formado por D. Juan do Cotro e D.ª Isabel Alonso. A cousa é que a casa debeu prosperar economicamente e rematou por emparentar coa Casa da Inquisición, casa forte emprazada no barrio do Pereiro desta parroquia.

A casa de O Alcóucer ou O Alcouse, así cítana no XVII, leva anos arruinada sendo máis recentemente cando unha parte se somete a obras de reforma e ampliación de discutible consideración. Non consta a existencia de escudo de armas, probablemente nunca o tivo, pero presenta solucións e elementos arquitectónicos que denotan o seu pasado esplendor tales como o pequeno balcón, a cornixa, un moi transformado e mutilado sistema de canalizacións e embalsado de auga corrente e, sobre todo, a notable escaleira-patín con varanda cega.

08. A Barcalla.

Unha vez máis atopámonos cun pequeno grupo de antigas casas alterado co obxecto de adaptalo ás necesidades actuais de vida, cuestión comprensible, pero resolto de xeito inadecuado. En moitas ocasións á casa rural no Val de Miñor, cando se empraza inmediata a un camiño, antecédelle un patio pechado por muro de pedra co correspondente portalón. No lintel dese portal pode aparecer unha cruz exenta, soa ou entre outros motivos, ou algunha lenda. É o que acontece con algúns deste núcleo de nome único en Galicia: A Barcalla. Nun lese: AÑO DE 1887. Noutro: AÑO Ð MDCCCXXXXII.

09. Etnografía. Lavadoiro comunal.

Este tipo de pezas públicas ou comunais foi de grande importancia nun tempo no que a roupa se lavaba a man. Ademais da función citada servía de punto de encontro social e transmisión de noticias entre as

la cumbrera de la cubierta no esté resuelta también en piedra en vez de las recientes tejas.

07. Casa de O Alcóucer.

Es la tercera en el escalafón, después de la Casa de Acevedo y la Casa da Inquisición, entre las "casas grandes" que existieron en la parroquia durante el Antiguo Régimen. Está documentado que en 1681ya existía aquí una casa, no sabemos si morfológicamente igual, probablemente no, de la que eran propietarios el matrimonio de labradores formado por D. Juan do Cotro y D.ª Isabel Alonso. La cosa es que la casa debió prosperar económicamente y terminó por emparentar con la Casa da Inquisición, casa fuerte emplazada en el barrio de O Pereiro de esta parroquia.

La casa de O Alcóucer o también O Alcouse, así la citan en el XVII, lleva años arruinada siendo más recientemente cuando una parte se somete a obras de reforma y ampliación de discutible consideración. No consta la existencia de escudo de armas, probablemente nunca lo tuvo, pero presenta soluciones y elementos arquitectónicos que denotan su pasado esplendor tales como el pequeño balcón, la cornisa, un muy transformado y mutilado sistema de canalizaciones y embalsado de agua corriente y, sobre todo, la notable escalera-patín con baranda ciega.

08. A Barcalla.

Una vez más nos encontramos con un pequeño grupo de antiguas casas alterado con objeto de adaptarlo a las necesidades actuales de vida, cuestión comprensible, pero resuelto de manera inadecuada. En muchas ocasiones a la casa rural en el Val de Miñor, cuando se asienta inmediata a un camino, le antecede un patio cerrado por muro de piedra con el correspondiente portalón. En el dintel de ese portal puede aparecer una cruz exenta, sola o entre otros motivos, o alguna leyenda. Es lo que ocurre con algunos de este núcleo de nombre único en Galicia: A Barcalla. En uno se lee: AÑO DE 1887. En otro: AÑO Ð MDCCCXXXXII.

mulleres dos barrios próximos; elas eran as que se encargaban desa tarefa, e doutras moitas.

Algúns protexíanse dos axentes atmosféricos mediante cuberta de tella curva asentada sobre estrutura de madeira e esta, á súa vez, apoiada en piares ou columnas de pedra. Este é o sistema que con pequenas variantes se pode ver neste. Os apoios para a estrutura está resolta a base de muro de cachotaría de pedra e dous postes a xeito de columnas. A cubrición está executada en chapa de aceiro pintada.

Este lavadoiro, que forma grupo coa antiga fonte da Barcalla, foi mandado construír por Madalena Domínguez no ano 1927 segundo consta rotulado no lenzo pétreo que preside o conxunto á altura do camiño. Hoxe está sen uso e presenta un lamentable estado de conservación.

10. Camiño do Aciquelo de Abaixo.

Fermosa presenza ambiental a que ofrece a primeira metade desta verea que conduce ao Aciquelo, en Borreiros, e por unha variante ao barrio do Cruceiro, en Donas. Desenvólvese entre muros de cachotaría de granito, vellas e tradicionais edificacións reladas polo tempo e diversa vexetación autóctona entre a que sobresae a abundancia e tamaño dos loureiros se ben tamén aparece o omnipresente eucalipto. Os de Aciquelo chámanlle Camiño da Barcalla. Un paseo evocador que, para efectualo, obriga a desviarse minimamente da ruta á que despois debemos regresar.

11. Vistas panorámicas.

Zona aberta situada aos pés da Devesa do Rei, superficie de terra acoutada onde se cultivaban castiñeiros e sobre todo carballos durante o Antigo Réxime para abastecemento das necesidades navais e outras varias da coroa.

Dende este punto do camiño pódese contemplar unha panorámica da Serra do Galiñeiro, monte mítico entre os do Val de Miñor. Tamén hai unha aceptable vista das Escolas Pro-Val, antigas Hispano-Americanas

09. Etnografía. Lavadero comunal.

Este tipo de piezas públicas o comunales fue de gran importancia en un tiempo en el que la ropa se lavaba a mano. Además de la función citada servía de punto de encuentro social y transmisión de noticias entre las mujeres de los barrios próximos; ellas eran las que se encargaban de esa tarea, y de otras muchas.

Algunos se protegían de los agentes atmosféricos mediante cubierta de teja curva asentada sobre estructura de madera y esta, a su vez, apoyada en pilares o columnas de piedra. Este es el sistema que con pequeñas variantes se puede ver en este. Los apoyos para la estructura están resueltos a base de muro de mampostería de piedra y dos postes a modo de columnas. La cubrición esta ejecutada en chapa de acero pintada.

Este lavadero, que forma grupo con la antigua fuente de A Barcalla, fue mandado construir por Magdalena Domínguez en el año 1927 según consta rotulado en el lienzo pétreo que preside el conjunto a la altura del camino. Hoy está sin uso y presenta un lamentable estado de conservación.

10. Camino de Aciquelo de Abaixo.

Hermosa presencia ambiental la que ofrece la primera mitad de esta vereda que conduce a Aciquelo da Baixo, en Borreiros, y mediante una variante al barrio de O Cruceiro, en Donas. Se desarrolla entre muros de mampostería de granito, viejas y tradicionales edificaciones carcomidas por el tiempo y diversa vegetación autóctona entre la que sobresale la abundancia y tamaño de los laureles si bien también aparece el omnipresente eucalipto. Un paseo evocador que, para efectuarlo, obliga a desviarse mínimamente de la ruta a la que después debemos regresar.

11. Vistas panorámicas.

Zona abierta situada a los pies de la Devesa do Rei, superficie de tierra acotada donde se cultivaban castaños y sobre todo robles durante el Antiguo Régimen para abastecimiento de las necesidades navales

promovidas, construídas e inauguradas en 1914 por indianos do Val de Miñor, aqueles emigrados a terras americanas que acadaron riquezas.

12. Vistas panorámicas.

A pouco de empezar a subir a Costa do Chosco desviámonos por unha senda, onde os depósitos de auga parroquial, obtendo dende esta zona alta espléndidas vistas sobre parte de Donas e Mañufe, na proximidade, máis alá Gondomar e Vilaza e para rematar parte das parroquias de Vincios, Chaín, Morgadáns e Peitieiros coroadas pola Serra do Galiñeiro. Despois un paseo a través do bosque ateigado de piñeiros lévanos ao cemiterio parroquial.

13. Cemiterio do Mosteiro.

Este é o principal cemiterio hixienista da parroquia que veu substituír os enterramentos que dende o medievo se facían no adro e interior da parroquial. Trátase dun recinto rectangular e valado por muro de pedra de granito colocado nun lugar alto e ben ventilado tal e como recollía a lexislación que sobre este tipo de novos recintos fora aparecendo dende que Carlos III no ano 1787, ao amparo da Ilustración, expedise a "Real Cédula para restablecer el uso de Cementerios ventilados para sepultar los Cadáveres de los Fieles".

No interior conserva un cruceiro novo, que substitúe outro anterior, ante o que aparece unha mesa-pousadoiro na que ata non hai moito se facía descansar o ataúde para rezarlle un responso ao defunto antes de sepultalo. O recinto rematouse en 1926 e dous anos despois sumóuselle un pequeno apéndice. Só posúe un panteón, construído en 1930. Todo o demais son columnas de nichos e tumbas na terra.

14. Sede da extinta Sociedade de Agricultores.

Pequena edificación de planta rectangular e cuberta a dúas augas asentada sobre unha especie de plinto formado polo propio terreo, máis alto que o camiño de acceso, suxeito por un murete de pedra a través

y otras varias de la corona. Desde este punto del camino se puede contemplar una panorámica de A Serra do Galiñeiro, monte mítico entre los del Val de Miñor. También hay una aceptable vista de las Escolas Pro-Val, antiguas Hispano-Americanas promovidas, construidas e inauguradas en 1914 por indianos del Val de Miñor, aquellos emigrados a tierras americanas que habían conseguido enriquecerse.

12. Vistas panorámicas.

A poco de empezar a subir A Costa do Chosco nos desviamos por una senda, por donde los depósitos de agua parroquiales, obteniendo desde esta zona alta espléndidas vistas sobre parte de Donas y Mañufe, en la cercanía, luego sobre Gondomar y Vilaza, y para terminar parte de las parroquias de Vincios, Chaín, Morgadáns y Peitieiros coronadas por A Serra do Galiñeiro. Luego un paseo a través del bosque cuajado de pinos nos lleva al cementerio parroquial.

13. Cementerio de O Mosteiro.

Este es el principal cementerio higienista de la parroquia que vino a sustituir a los enterramientos que desde el medievo se hacían en el atrio e interior de la parroquial. Se trata de un recinto rectangular y vallado por muro de piedra de granito colocado en un lugar alto y bien ventilado tal y como recogía la legislación que sobre este tipo de nuevos recintos había ido apareciendo desde que Carlos III en el año 1787, al amparo de la Ilustración, expidiera la "Real Cédula para restablecer el uso de Cementerios ventilados para sepultar los Cadáveres de los Fieles".

En el interior conserva un crucero nuevo, que sustituye a otro anterior, ante el que aparece una mesa-pousadoiro en la que hasta no hace mucho se hacía descansar el ataúd para rezarle un responso al difunto antes de sepultarlo. El recinto se remató en 1926 y dos años después se le adicionó un pequeño apéndice. Solo posee un panteón, construido en 1930. Todo lo demás son columnas de nichos y tumbas en la tierra.

do cal se accede mediante escaleira do mesmo material. Nas reunións que neste local se producían no primeiro terzo do século XX era habitual atopar a José Cribeiro, mestre da parroquia e alcalde accidental de Gondomar, posteriormente represaliado por parte do alzamento militar. Rematada a actividade sindical, funcionou durante años como obradoiro artesanal de cestos de vimbio.

15. Calvario do Mosteiro.

O calvario é a última estación dun viacrucis e, obviamente, representa a crucifixión de Cristo e os dous ladróns no monte Gólgota. Cando a súa presenza é completa está composto por tres cruceiros, un cruceiro e dúas cruces ou tres cruces altas. Sempre de granito. Sempre con xerarquía da peza central. Algunhas veces, cando o viacrucis era modesto a última estación limitábase a unha única cruz, que os campesiños da zona xeralmente tamén chamaban calvario.

O Calvario do Mosteiro é o segundo máis importante do municipio gondomarés e un dos poucos que existen no Val de Miñor. Formou parte dun desaparecido viacrucis do que apenas quedan restos no adro da parroquial e a súa existencia está constatada xa no século XVIII segundo confirman documentos do arquivo da antiga casa de Acevedo. Trátase de tres cruces altas, con dominio da central, asentadas sobre pedestal e este, á súa vez, sobre plataforma. É de destacar o recinto valado no que se emprazan, executado para conseguir un espazo horizontal, e moi criticable a contaminación estética e visual que sofre o monumento por culpa dos postes e cables das instalacións de electricidade e telefonía. Inaceptable.

14. Sede de la extinta Sociedad de Agricultores.

Pequeña edificación de planta rectangular y cubierta a dos aguas asentada sobre una especie de plinto formado por el propio terreno, más alto que el camino de acceso, sujeto por un murete de piedra a través del cual se accede mediante escalera del mismo material. En las reuniones que en este local se producían en el primer tercio del siglo XX era habitual encontrar a José Cribeiro, maestro de la parroquia y alcalde accidental de Gondomar, posteriormente represaliado por parte del alzamiento militar. Rematada la actividad sindical, funcionó durante años como taller artesanal de cestos de mimbre.

15. Calvario de O Mosteiro.

El calvario es la última estación de un vía crucis y, obviamente, representa la crucifixión de Cristo y los dos ladrones en el monte Gólgota. Cuando su presencia es completa está compuesto por tres cruceros, un crucero y dos cruces o tres cruces altas. Siempre de granito. Siempre con jerarquía de la pieza central. Algunas veces, cuando el vía crucis era modesto la última estación se limitaba a una única cruz, que los campesinos de la zona generalmente también llamaban calvario.

El Calvario de O Mosteiro es el segundo más importante del municipio gondomarés y uno de los pocos que existen en el Val de Miñor. Formó parte de un desaparecido vía crucis del que apenas quedan restos en el atrio de la parroquial y su existencia está constatada ya en el siglo XVIII según confirman documentos del archivo de la antigua casa de Acevedo. Se trata de tres cruces altas, con dominio de la central, asentadas sobre pedestal y este, a su vez, sobre plataforma. Es de destacar el recinto vallado en el que se emplazan, ejecutado para conseguir un espacio horizontal, y muy criticable la contaminación estética y visual que sufre el monumento por culpa de los postes y cableado de las instalaciones de electricidad y telefonía. Inaceptable.

DATOS DE INTERESE

Tipo de percorrido: Circular
Distancia: 3,8 km.
Dificultade: Baixa
Desnivel acumulado: 138 m.
Tempo aproximado: 50 min





DONAS E MAÑUFE. DE SANTA BAIA A NANDE

01. Igrexa románica de Santa Baia e torreiro 02. Casa da Inquisición 03. Camiño empedrado 04. Vistas panorámicas 05. A Carballeira 06. Muíños hidráulicos do Martiño 07. Nande. Conxunto etnográfico 08. Ermida e cruceiros de Santo André 09. Souto do Barco 10. Antiga escola de Nande 11. Canizo tipo Mañufe 12. Cultivos 13. Canizo do XIX


0
300 M.
Igrexa Santa Baia
01
O MOSTEIRO
Pequeno
Río
A ANDURIÑA
10
do
Folón
09
O Barco
A PALMA
13
12
A SEQUIÑA
11
08
02
Río
SANTO ANDRÉ
As Cruces
03
04
05
07
07
NANDE
As Cancelas
06
As Pedreiras
As Velosas
Os Pousos



06.



03.



05.

07.



02.





08.

DESCRICIÓN DO PERCORRIDO.

Comunica a igrexa do antigo mosteiro beneditino de Donas co barrio máis afastado da parroquia de Mañufe, constituído por unha pequena agrupación de vellas casas e as correspondentes edificacións secundarias baixo dominio topográfico da vella capela de Santo André. A comunicación faise de poñente a nacente a través dun camiño, hoxe asfaltado, que foi límite entre as terras de cultivo e o territorio dedicado a monte, xa na parte baixa da Serra da Groba, algo disto aínda queda, e o regreso de levante a solpor utilizando unha senda que atravesa campos de labranza. En todo o percorrido só existe un bar no Mosteiro.

01. Igrexa románica, adro e recinto de festas.

Igrexa románica. É o único que se conserva do mosteiro fundado a mediados do século XII e abandonado a finais do XV, cando as monxas da orde beneditina se concentran en San Paio de Antealtares, en Compostela. Este mosteiro foi o que deu topónimo ao barrio e a súa condición feminina á parroquia.

A primitiva igrexa foi de planta rectangular, dunha nave, con ábsida tamén rectangular. Logo, co paso do tempo, sufriría adicións.

A nave en orixe tiña tres accesos: o principal e dous secundarios máis sinxelos e pequenos, actualmente tapiados, de probable comunicación co resto de dependencias do mosteiro na fachada meridional. Así mesmo, posuía seis ventás tipo seteira das que só se conservan cinco. Todas presentan derramo ao interior e rematan en arco de medio punto en aresta viva que apoia en dúas columnas cilíndricas monolíticas e lisas. Estas posúen bases de perfil ático, con poutas, e capiteis decorados con vexetación diversa agás tres historiados.

Tamén a ábsida está dotada de iluminación natural a través doutras dúas seteiras en orixe similares ás anteriores, que non manteñen a proposta inicial. Ambas as dúas están entre senllas columnas entregas

DESCRIPCIÓN DE LA RUTA.

Comunica la iglesia del antiguo monasterio benedictino de Donas con el barrio más alejado de la parroquia de Mañufe, constituido por una pequeña agrupación de viejas casas y sus edificaciones secundarias bajo dominio topográfico de la vieja capilla de San Andrés. La comunicación se hace de poniente a naciente a través de un camino, hoy asfaltado, que fue límite entre las tierras de labradío y el territorio dedicado a monte ya en la parte baja de A Serra da Groba, algo de esto todavía queda, y el regreso de levante a poniente por una senda que atraviesa campos de cultivo. En todo el recorrido solo existe un bar en O Mosteiro.

01. Iglesia románica, atrio y recinto de fiestas.

Iglesia románica. Es lo único que se conserva del monasterio fundado a mediados del siglo XII y abandonado a finales del XV, cuando las monjas de la orden benedictina se concentran en San Paio de Antealtares, en Compostela. Este monasterio fue el que dio topónimo al barrio y su condición femenina a la parroquia.

La primitiva iglesia fue de planta rectangular, de una nave, con ábside también rectangular; luego, con el paso del tiempo, sufriría adiciones.

La nave originalmente tenía tres accesos: el principal y dos secundarios más sencillos y pequeños, actualmente tapiados, de probable comunicación con el resto de dependencias del monasterio en la fachada sur. Así mismo, poseía seis ventanas tipo saetera de las que solo se conservan cinco. Todas presentan derrame al interior y rematan en arco de medio punto en arista viva que apoya en dos columnas cilíndricas monolíticas y lisas. Estas poseen bases de perfil ático con garras y capiteles decorados con vegetación diversa excepto tres historiados.

También el ábside está dotado de iluminación natural a través de otras dos saeteras en origen similares a las anteriores, que no conservan la propuesta inicial. Ambas están entre sendas columnas entregas sobre las

sobre as que descargan dous arcos faixóns ou perpiaños. Os capiteis correspondentes ao par occidental están barbaramente rasurados en tanto os dous orientais manteñen escultura historiada. No do norte aprécianse catro figuras que de esquerda a dereita poden describirse do xeito seguinte: un personaxe sentado cun libro aberto, outros dos personaxes, quizais tamén sentados, agarrando algo conxuntamente ou agarrándose entre si e, o último, un anxo coas ás abertas ao tempo que fai unha xenuflexión. O do sur presenta outras catro figuras: no centro aparece a Virxe co Neno no brazo esquerdo en tanto co dereito efectúa acción de bendicir, xesto que repite o neno; a ambos os lados cadansúa figura de longas vestimentas sosteñen a túnica da Virxe. Esta escultura dátase como do terceiro cuarto do século XII. Para finalizar a descrición da ábsida, mencionar que o teito foi resolto mediante bóveda granítica de canón, algo peraltada, sobre os arcos faixóns xa citados.

Exteriormente a fábrica pétrea preséntase lisa sendo o punto de máximo interese a portada occidental. Compóñena tres arquivoltas en arco semicircular decorado, sobre dous pares de columnas as exteriores e sobre xambas a interior. O tímpano, formado por cinco doelas, presenta chafrán con bólas e carga sobre lintel liso. As columnas, todas cilíndricas lisas e monolíticas, son acaroadas con capiteis e bases entregas, estas de perfil ático e plinto decorado e aqueles con escultura vexetal (tres) ou historiada (un). Interiormente a portada mostra dúas arquivoltas. Toda a escultura aplicada esta moi erosionada.

Os canzorros e cornixa románica, tanto da nave coma da ábsida, desapareceron con motivo das varias reformas ás que foi sometida a igrexa. Parte dos canzorros orixinais, tras unha casual localización de 24 unidades no Museo Diocesano de Tui, están instalados a xeito de testemuño nun muro lateral da nave.

Como xa se dixo, a igrexa sufriu diversas modificacións ao longo do tempo, algo bastante habitual, sendo as de maior calado as efectuadas a partir do

que descargan dos arcos fajones. Los capiteles correspondientes al par occidental están bárbaramente rasurados en tanto los dos orientales mantienen escultura historiada. En el del norte se aprecian cuatro figuras que de izquierda a derecha pueden describirse de la siguiente manera: un personaje sentado con un libro abierto, otros dos personajes, quizás también sentados, agarrando algo conjuntamente o agarrándose entre sí y, el último, un ángel con las alas abiertas al tiempo que hace una genuflexión. El del sur presenta otras cuatro figuras: en el centro aparece la Virgen con el Niño en el brazo izquierdo en tanto con el derecho efectúa acción de bendecir, gesto que repite el niño; a ambos lados sendas figuras de largas vestimentas sostienen la túnica de la Virgen. Esta escultura está datada como del tercer cuarto del siglo XII. Para finalizar la descripción del ábside, mencionar que el techo fue resuelto mediante bóveda granítica de cañón, algo peraltada, sobre los arcos fajones ya citados.

Exteriormente la fábrica pétrea se presenta lisa siendo el punto de máximo interés la portada occidental. Está compuesta por tres arquivoltas en arco semicircular decorado, sobre dos pares de columnas las exteriores y sobre jambas la interior. El tímpano, formado por cinco dovelas, presenta chaflán con bolas y carga sobre dintel liso. Las columnas, todas cilíndricas lisas y monolíticas, son adosadas con capiteles y bases entregas, estas de perfil ático y plinto decorado y aquellos con escultura vegetal (tres) o historiada (uno). Interiormente la portada muestra dos arquivoltas. Toda la escultura aplicada está muy erosionada.

Los canecillos y cornisa románica, tanto de la nave como del ábside, desaparecieron con motivo de las varias reformas a las que fue sometida la iglesia. Parte de estos canecillos, tras una casual localización de 24 unidades en el Museo Diocesano de Tui, están instalados como testimonio en un muro lateral de la nave.

Como ya se dijo, la iglesia sufrió diversas modificaciones a lo largo del tiempo, algo bastante habitual, siendo las de mayor calado las efectuadas a partir del

XVIII, despois de desvincularse do mosteiro. Entre elas cabe destacar a ampliación que sufriu na fachada norte a finais do XVIII ou inicios do XIX co fin de emprazar a sancristía e, seguramente en paralelo, unha nova capela, a do Cristo. A execución destas obras levou aparellada a apertura dunha porta no muro lateral do presbiterio, o tapiado dunha das ventás da ábsida e a apertura dun gran van baixo arco semicircular na parede da nave coa conseguinte mutilación da liña de impostas e a desaparición dunha seteira. A sancristía e a capela están teitadas con bóveda de canón en pedra e na primeira consérvase unha curiosa almofía granítica. De finais do XVIII tamén deben proceder o muro piñón de remate da fachada occidental e a torre-campanario levantada sobre a aresta noroeste.

Adro e recinto de festas. O adro está valado nos seus catro ventos por muretes de granito de distintas características e dimensións. Este lugar estivo ocupado polo antigo cemiterio, ao que unha reixa metálica colocada sobre foso a todo o ancho da cancela impedía o acceso de cans e gatos, ata que na terceira década do século XX se constrúe o actual hixienista. Nel existiu un viacrucis que remataba no calvario aínda conservado, do que se conservan algunhas estacións recentemente restauradas. Por último citar o reloxo de sol de 1813 sobre pilastra exenta.

Do recinto de festas ou torreiro pouco queda. Consérvase o espazo pero tan transformado a nivel ambiental que apenas se recoñece. Cortáronse case todas as árbores, pavimentouse con asfalto e cambiouse a fonte monacal de sitio perdendo nese intre a antiga traza. Só un descomposto palco de música anuncia o que o lugar foi ata que nas décadas finais do XX se traslada de sitio en paralelo á construción da Casa Social.

02. Casa da Inquisición.

O nome arrímaselle á casa por culpa da profesión do seu fundador: D. Francisco Antonio Lorenzo de Gun-

XVIII, una vez desvinculada del monasterio. Entre ellas cabe destacar la ampliación que sufrió en la fachada norte a finales del XVIII o inicios del XIX con el fin de emplazar la sacristía y, seguramente en paralelo, una nueva capilla, la del Cristo. La ejecución de estas obras llevó aparejada la apertura de una puerta en el muro lateral del presbiterio, el tapiado de una de las ventanas del ábside y la apertura de un gran vano bajo arco semicircular en la pared de la nave con la consiguiente mutilación de la línea de impostas y la desaparición de una saetera. La sacristía y la capilla están techadas con bóveda de cañón en piedra. De finales del XVIII también deben proceder el muro piñón de remate de la fachada occidental y la torre-campanario levantada sobre la arista noroeste.

Atrio y recinto de fiestas. El atrio está vallado en sus cuatro vientos por muretes de granito de distintas características y dimensiones. Este lugar estuvo ocupado por el antiguo cementerio, al que una reja metálica colocada sobre foso a todo el ancho de la cancela impedía el acceso de perros y gatos, hasta que en la tercera década del siglo XX se construye el actual higienista. En él existió un vía crucis que remataba en el calvario todavía conservado, del que aún existen algunas estaciones recientemente restauradas. Por último citar el reloj de sol de 1813 sobre pilastra exenta.

Del recinto de fiestas o "torreiro" poco queda. Se conserva el espacio pero tan trasformado a nivel ambiental que apenas se reconoce. Se talaron casi todos los árboles, se pavimentó con asfalto y se cambió la fuente monacal de sitio a la vez que perdió la antigua traza. Solo un renqueante palco de música anuncia lo que el lugar fue hasta que en las décadas finales del XX se traslada de sitio en paralelo a la construcción de la Casa Social.

02. Casa de A Inquisición.

El nombre se le arrima a la casa por culpa de la profesión do su fundador: D. Francisco Antonio Lorenzo

tín foi inquisidor do Santo Oficio. A teor da inscrición gravada no lintel da porta que dá paso ao corredor da fachada norte habemos de pensar que, á espera do que poida proporcionar unha lectura completa da erosionada citada lenda, fundaríase no Pereiro en 1777.

Trátase dunha edificación de dúas alturas e planta en forma de L coa á de maior dimensión no eixe leste-oeste. Tivo unha superficie de ocupación de aproximadamente 280 m^2 e fachadas exentas ao interior do eido nos ventos levante, sur e norte mentres a de poñente foi, e séguео a ser, límite co camiño que lle dá acceso. Dende o punto de vista morfolóxico e funcional, o primeiro andar acolleu as dependencias da vivenda mentres a planta rasante asumiu papeis complementarios como cortes e adega.

A fachada arquitectonicamente máis rica é a norte. Ante ela ábrese un patio que funciona a xeito de eirado ao que se chega dende o camiño público exterior atravesando un portalón con lintel ameado. Dende este patio, pegada ao brazo leste da edificación, arranca unha rexa escaleira de granito con varanda maciza que desembarca nun corredor, con peto cego de pedra, cuberto por telladiño apoiado en tempos en esveltas columnas de granito con posible desenvolvemento ao longo de toda a fachada. Sobre o arranque da escaleira, no muro da casa, un escudo de armas coas insignias da Inquisición e unha inscrición: EXVRGE/DOMINE/ET IVDICA/CAVSAM/TVAM. Ao remate da mesma a datación 1777, xa citada. O devandito corredor descansa sobre un soportal de dobre arcada en perfil mixto e mínima decoración. Na fachada sur, a xulgar polos vestixios existentes, debeu existir unha solaina.

Tampouco nada se pode comentar respecto da distribución orixinal interior debido ás múltiples reformas, adicións, divisións e mutilacións que sufriu o inmoble co fin de adaptarse ás necesidades dos varios propietarios actuais. Só comentar que no folclore da zona sobrevive a lembranza dun calabozo inquisitorial na planta baixa.

de Guntín fue inquisidor del Santo Oficio. A tenor de la inscripción grabada en el dintel de la puerta que da paso al corredor de la fachada norte habremos de pensar que, a la espera de lo que pueda proporcionar una lectura completa de la erosionada inscripción, se fundaría en O Pereiro en 1777.

Se trata de una edificación de dos alturas y planta en forma de L con la ala de mayor dimensión en el eje este-oeste. Tuvo una superficie de ocupación de aproximadamente 280 m^2 y fachadas exentas al interior de la finca en los vientos levante, sur y norte mientras la oeste fue, y lo sigue siendo, límite con el camino que le da acceso. Desde el punto de vista morfológico y funcional, la primera planta acoge las dependencias de la vivienda en tanto la planta baja asumió papeles complementarios como cuadras y bodega.

La fachada arquitectónicamente más rica es la norte. Ante ella se abre un patio que funciona a modo de "eirado" al que se llega desde el camino público exterior atravesando un portalón con dintel almenado. Desde este patio, pegada al brazo naciente de la edificación, arranca una escalera de granito, con baranda maciza, que desembarca en un corredor, con peto ciego de piedra, cubierto por tejado apoyado tiempo atrás en esbeltas columnas de granito con posible desarrollo a lo largo de toda la fachada. Sobre el arranque de la escalera, en el muro de la casa, un escudo de armas con las insignias de la Inquisición y una inscripción: EXVRGE/DOMINE/ET IVDICA/CAVSAM/TVAM. Al remate de la misma la fecha 1777, ya citada. El referido corredor descansa sobre un soportal de doble arcada en perfil mixto y mínima decoración. En la fachada sur, a juzgar por los vestigios existentes, debió existir una solana.

Tampoco nada se puede comentar respecto de la distribución original interior debido a las múltiples reformas, adiciones, divisiones y mutilaciones que sufrió el inmueble con el fin de adaptarse a las necesidades de los varios propietarios actuales.

03. Camiño empedrado.

Este histórico camiño, que arranca ao pé dun humilde hórreo aínda en servizo, coñécese co nome dos Riales. Presenta unha notable pendente e parte do leito pavimentado en pedra do país. Tras pasar polas presas de regadío de igual nome o camiño enlaza co que sobe pola Costa do Chosco.

04. Vistas panorámicas.

A abundancia de piñeiros e eucaliptos obriga a buscar fendas que permitan contemplar o ámbito da Casa da Inquisición e unha boa parte da parroquia de Donas. Ao fondo o Monte Castelo e parte do Maúxo.

05. A Carballeira.

O topónimo deste lugar de Mañufe é recente. Apareceu á vez que o sitio, en tempos dedicado ao cultivo da vide en lata e de millo, se transformaba nun bosque de castiñeiros, loureiros e sobre todo carballos. En realidade, a finca forma parte da Vergunta do Muíño. A topografía inicial en aba foi retocada pola man do home mediante unha serie de bancais denominados socalcos coa idea de mellorar a rendibilidade da explotación. Parte deses muros de cachotaría de granito aínda se conservan e, agás intervencións recentes pouco afortunadas, o lugar segue a transmitir esa atmosfera característica e única desta especie arbórea tan ligada historicamente ao campesiñado en Galicia. Polo leste e o sur circunvala a citada extensión de terras un camiño que cruzando a estrada asfaltada sobe á Portavedra pasando pola Pedreira, moi preto da Tol da Teixugueira e o Coto da Cividá. Un pouco antes, á metade da Carballeira, arranca un segundo camiño que desemboca nas Cancelas, onda o xogo de birlos de San Cibrán.

Baixando polo primeiro camiño citado chegaremos aos muíños hidráulicos de Villamarín na Vergunta, xa sen uso, que forman parte do mesmo ámbito. Son dúas unidades. O primeiro e máis importante é unha edificación de boa cantería composto por "inferno", Solo comentar que en el folclore de la zona sobrevive el recuerdo de un calabozo inquisitorial en la planta baja.

03. Camino empedrado.

Este histórico camino, que arranca al pie de un humilde hórreo todavía en servicio, se conoce con el nombre de Os Riales. Presenta una notable pendiente y parte del lecho pavimentado en piedra del país. Tras pasar por las presas de regadío de igual nombre el camino enlaza con el que sube por A Costa do Chosco.

04. Vistas panorámicas.

La abundancia de pinos y eucaliptos obliga a buscar rendijas que permitan contemplar el entorno de la Casa da Inquisición y una buena parte de la parroquia de Donas. Al fondo el Monte Castelo y parte del Maúxo.

05. A Carballeira.

El topónimo de este lugar de Mañufe es reciente. Apareció a la vez que el lugar, en tiempos dedicado al cultivo de la vid en parra y de maíz, se transformaba en un bosque de castaños, laureles y sobre todo robles. En realidad, la finca forma parte de A Vergunta do Muíño. La topografía inicial en ladera fue retocada por la mano del hombre mediante una serie de bancales denominados "socalcos" con la idea de mejorar la rentabilidad de la explotación. Parte de esos muros de mampostería de granito todavía se conservan y aunque con intervenciones recientes poco afortunadas el lugar transmite esa atmósfera característica y única de esta especie arbórea tan ligada históricamente al campesino en Galicia. Por el este y el sur circunvala a la citada extensión de tierras un camino que cruzando la carretera asfaltada sube a la Portavedra pasando por A Pedreira, muy cerca de A Tol da Teixugueira y O Coto da Cividá. Un poco antes, a mitad de A Carballeira, arranca un segundo

"tremiñado e "andar". Conserva dous espléndidos "cubos" e un bo tramo de canle empedrada que vai buscar a levada que chega do próximo río Teixugueiras. Foi de dúas "moegas" e no andar emprazouse a vivenda do muiñeiro baixo unha cuberta a dúas augas resolta con bos capeados de pedra nos muros pincho. No andar aínda se conserva a pequena lareira da vivenda. O segundo é máis pequeno, sitúase nun socalco superior, é dunha moega e ten cuberta a unha soa pendente.

Do lugar foron retirados os postes de granito das antigas viñas por desexo do actual propietario pero inda así a vexetación autóctona, a auga, os muíños, os muros, as escaleiras, os pasais,… conforman unha illa de bucólica beleza na paisaxe.

06. Muíños hidráulicos do Martiño.

Emprázanse un a cada lado do camiño asfaltado aproveitando as poucas augas do Río Teixugueiras (Río Pequeno na cartografía oficial). O da dereita, aínda con falta de corrección, rehabilitado. O da esquerda, arruinado; ambos os dous son moi sinxelos. Atendendo a como recibe o pulo da auga no rodicio o da dereita pode citarse como de cubo, inda ben este teña aparencia de gran canle inclinada. Presentan cuberta a dúas pendentes e teñen unha moega por unidade.

07. Nande. Conxunto etnográfico.

Dobre grupo de edificacións tradicionais con uso a vivenda rodeadas de diversas outras complementarias entre as que destacan os hórreos, tanto pola cantidade que aínda se conservan como pola calidade que mostran moitos deles. Tamén hai portalóns alintelados, cortes, fontes, adegas, viñas en lata e outros moitos elementos necesarios para a vida campesiña. Entre as vivendas tradicionais existen algunhas de certo valor arquitectónico-etnográfico se ben as máis habituais son as humildes. Como nota negativa citar as equivocadas intervencións efectuadas sobre algunha delas. Pola contra ha de citarse como algo

camino que desemboca en As Cancelas, donde el juego de bolos de San Cibrán.

Bajando por el primer camino citado llegaremos a los molinos hidráulicos de Villamarín en la Vergunta, ya sin uso, que forman parte del mismo ámbito. Son dos unidades. El primero y más importante es una edificación de buena cantería compuesto por "inferno", "tremiñado" y "andar". Conserva dos espléndidos "cubos" y un buen tramo de canal empedrado que va a buscar la "levada" que llega del cercano río Teixugueiras. Fue de dos "moegas" y en el andar se emplazó la vivienda del molinero bajo una cubierta a dos aguas resuelta con buenas "capias" de piedra en los muros pincho. En el "andar" todavía se conserva la pequeña "lareira" de la vivienda. El segundo es más pequeño, se emplaza en un "socalco" superior, es de una "moega" y tiene cubierta a una sola pendiente.

Del lugar fueron retirados los postes de granito de las antiguas viñas por deseo del actual propietario pero aún así la vegetación autóctona, el agua, los molinos, los muros, las escaleras, los pasos,… conforman una isla de bucólica belleza en el paisaje.

06. Molinos hidráulicos de O Martiño.

Se emplazan uno a cada lado del camino asfaltado aprovechando las pocas aguas del Río das Teixugueiras (Río Pequeño en la cartografía oficial). El de la derecha, aunque con falta de corrección, rehabilitado. El de la izquierda, arruinado; ambos son muy sencillos. Atendiendo a como recibe el empuje del agua en el "rodicio" el de la derecha puede citarse como de "cubo" aunque este presente apariencia de gran "canle" inclinada. Presentan cubierta a dos aguas y ambos son de una "moega".

07. Nande. Conjunto etnográfico.

Doble grupo de edificaciones con uso a vivienda rodeadas de diversas complementarias entre las que destacan los hórreos, tanto por la cantidad que todavía se conservan como por la calidad que muestran

positivo a conservación de numerosas cerdeiras na zona, circunstancia que en tempo foi unha das características, hoxe perdida, da veciña parroquia de Donas. No grupo emprazado máis a norte, o máis próximo á ermida, desemboca á altura do Outeiro da Bucina o camiño principal que dende O Crego baixa da Portavedra, unha das entradas naturais o Val de Miñor dende as antigas terras de Riba de Miño. Preto do citado Outeiro dividíase en dous: un bordeaba a ermida e baixaba en dirección ao lugar da Costa; o segundo polo medio da aldea e por diante da Casa Villamarín chegaba o lugar da Costiña para continuar en dirección ao primeiro núcleo: Santarandel.

08. Ermida e cruceiros de Santo André.

Segundo Ávila y La Cueva esta ermida podería ser consecuencia e reconstrución dalgún outro templo anterior correspondente á extinta parroquia de Santo André de Saraes, citada no século XII e máis tarde seguramente anexada á actual de Mañufe. É un pequeno templo de planta rectangular, sen apenas ocos e sen contrafortes, no que destaca a porta de entrada baixo arco rebaixado colocada entre dous pequenos ocos cadrados de ventilación. Rematando a fachada principal, sobre o cumio da cuberta unha espadana dun só van para a campá. Enfrontados á ábsida e a porta de acceso atópanse senllos cruceiros sen figuración. O máis sinxelo e seguramente máis antigo antecede á ermida que como tantas veces ocupa un lugar de dominio sobre o territorio.

09. Souto do Barco.

O Barco é un lugar do barrio de Nande. Trátase dunha antiga masa forestal de castiñeiros actualmente moi esquilmada. Aínda así o camiño ao seu paso polo souto adquire unha atmosfera particular que non debería perder, para o cal sería necesario controlar o pulo dos piñeiros e eucaliptos que o rodean e, quizais, a dos seus propietarios. Dende este punto podemos seguir cara á Costa ou polo contrario á Sequiña.

muchos de ellos. También hay portalones adintelados, cuadras, fuentes, bodegas, viñas en parra y otros muchos elementos necesarios para el desarrollo de la vida campesina. Entre las viviendas tradicionales existen algunas de cierto valor arquitectónico-etnográfico si bien las más habituales son las humildes. Como nota negativa citar las demenciales intervenciones efectuadas sobre alguna de ellas. Por el contrario ha de citarse como algo positivo la conservación de numerosos cerezos en la zona, circunstancia que en tiempos fue una de las características, hoy perdida, de la vecina parroquia de Donas. En el grupo emplazado más a norte, el más próximo a la ermita, desemboca a la altura del Outeiro da Bucina el camino principal que desde O Crego baja de A Portavedra, una de las entradas naturales al Val de Miñor desde las antiguas tierras de Riba de Miño. Cerca del citado Outeiro se dividía en dos: uno bordeaba la ermita y descendía en dirección al lugar de A Costa; el otro por entre el caserío y pasando ante la Casa Villamarín llegaba al lugar de A Costiña para continuar en dirección al primer núcleo: Santarandel.

08. Ermita y cruceros de Santo André.

Según Ávila y La Cueva esta ermita pudiera ser consecuencia y reconstrucción de algún otro templo anterior correspondiente a la extinta parroquia de Santo André de Saraes, citada en el siglo XII y más tarde seguramente anexada a la actual de Mañufe. Es un pequeño templo de planta rectangular, sin apenas huecos y sin contrafuertes, en el que destaca la puerta de entrada bajo arco rebajado colocada entre dos pequeñas ventanas cuadradas de ventilación. Rematando la fachada principal, sobre la cumbrera de la cubierta, una espadaña de un solo vano para la campana. Enfrentados al ábside y a la puerta de acceso se encuentran sendos cruceros sin figuración. El más sencillo y seguramente más antiguo antecede a la ermita que como tantas veces ocupa un lugar de dominio sobre el territorio.

10. Antiga escola de Nande.

Edificio da que fora antiga escola unitaria desta parte da parroquia de Mañufe; a localización exacta é por debaixo de O Cutiño no lugar da Sequiña, a escasa distancia do río Folón que pasa pola cara norte. A obra incorpora a vivenda do profesor ou profesora e a xulgar pola tipoloxía formal e xeito de utilizar os materiais é moi probable que fose proxectada polo arquitecto Desiderio Pernas Martínez nos anos sesenta do XX. O edificio leva anos sen ser utilizado.

11. Hórreo tipo Mañufe.

Fermoso exemplar tipo Mañufe de catro claros mais porta central no costal principal. A súa estrutura, como todos os de tipo Pontevedra, esta executada en granito país, material que tamén se emprega para resolver as doelas dos claros dos penais e os remates ou lampións. Perdeu a cruz sobre a porta. Outra vez han de citarse as abundantes cerdeiras conservadas na zona.

12. Cultivos.

Todo o camiño ao seu paso por estes barrios da Sequiña e O Pereiro ata alcanzar O Mosteiro atravesa un territorio que non hai moito tempo estaba dedicado na súa totalidade a cultivo agrícola, especialmente patacas e millo, se ben actualmente esta actividade perdeu moita intensidade e con iso sufriu un gran cambio a paisaxe. Hoxe non é estraño atopar a máis variada vexetación exótica mesturada con outra tradicional como acontece cun espléndido exemplar de chumbeira entre coloridos xeranios e hortensias, en primavera, formando parte do eido dunha casa de factura recente asentada a carón do camiño. Pouco máis alá, en pleno camiño, a fonte do Pereiro.

13. Hórreo del XIX.

Pequeno exemplar de hórreo tipo Pontevedra, variedade Mañufe sen remates, do século XIX. A data 1890 é certa, segundo conta o actual propie-

09. Souto de O Barco.

O Barco es un lugar del barrio de Nande. Se trata de una antigua masa forestal de castaños actualmente muy esquilmada. Aún así el camino a su paso por el "souto" adquiere una atmósfera particular que no debería perder, para lo cual sería necesario controlar el empuje de los pinos y eucaliptos que lo rodean y, quizás, la de sus propietarios. Desde este punto podemos seguir al lugar de A Costa o hacia A Sequiña.

10. Antigua escuela de Nande.

Edificio de la que fuera antigua escuela unitaria de esta parte de la parroquia de Mañufe; el emplazamiento exacto es por debajo de O Cutiño, en el lugar de A Sequiña, a escasa distancia del río Folón que pasa por la cara norte. La obra incorpora la vivienda del profesor o profesora y a juzgar por la tipología formal y manera de utilizar los materiales es muy probable que fuese proyectada por el arquitecto Desiderio Pernas Martínez en los años sesenta del XX. Hace años que está sin uso.

11. Hórreo tipo Mañufe.

Hermoso ejemplar tipo Mañufe de cuatro claros más puerta central en el costal principal. Su estructura, como todos los de tipo Pontevedra, está ejecutada en granito país, material que también se emplea para resolver las dovelas de los claros de los penales y los remates. Perdió la cruz sobre la puerta. Otra vez han de citarse los abundantes cerezos conservados en la zona.

12. Cultivos.

Todo el camino a su paso por estos barrios de A Sequiña y O Pereiro hasta alcanzar O Mosteiro atraviesa un territorio que no hace mucho tiempo estaba dedicado en su totalidad a cultivo agrícola, especialmente patatas y maíz, si bien actualmente esta actividad perdió mucha intensidad y con ello sufrió un gran cambio el paisaje. Hoy no es extraño encontrar

tario, se ben foi el quen a gravou, hai apenas unha década, para testemuñar o ano en que o construíu un antepasado seu. Lembremos que todos estes pequenos almacéns agrícolas de antigüidade superior a 1901 están declarados xenericamente Ben de Interese Cultural. Camiñando entre campos e árbores regresamos ao Mosteiro.

la más variada vegetación exótica mezclada con otra tradicional como ocurre con un espléndido ejemplar de chumbera entre coloridos geranios y hortensias, en primavera, formando parte de la finca de una casa de factura reciente asentada al borde del camino. Poco más allá, en pleno camino, la fuente de O Pereiro.

13. Hórreo del XIX.

Pequeño ejemplar de hórreo tipo Pontevedra, variedad Mañufe sin remates, del siglo XIX. La fecha 1890 es cierta según cuenta el actual propietario si bien fue él quien la gravó, hace apenas una década, para testimoniar el año en que lo construyó un antepasado suyo. Recordemos que todos estos pequeños almacenes agrícolas de antigüedad superior a 1901 están declarados genéricamente Bien de Interés Cultural.

DATOS DE INTERESE

Tipo de percorrido: Circular
Distancia: 4,3 km.
Dificultade: Baixa
Desnivel acumulado: 143 m.
Tempo aproximado: 55 min





MAÑUFE E VILAZA. DE MOREIRA A VILARÉS

01. Parroquial de San Vicente 02. Campo da festa e cruceiro da Fe 03. Pazo de Mendoza 04. Camiño do Verdeal 05. Acueduto da Ponte na levada do Bravo 06. Ponte románica 07. Cruceiro do Lugar do Acordo 08. Cruz alta 09. Restos da antiga Casa de Baludío 10. Vistas panorámicas 11. Os Concellos 12. Pazo de Vilarés 13. Restos da Casa de Vilarés 14. Pombal do Pazo de Vilarés 15. Pousa de Bermúdez 16. Camiño da Auga 17. Pousa de Mera 18. Camiño de Vía Cova


0
300 M.
11
TERMO MUNICIPAL DE NIGRÁN
MONTE DE EIRÓ
VILARES
13
12
14
FONTELA
VILAZA (SANTA MARIA)
A IGREXA
15
O PORTELO
Río
10
AVESPEIRA
O BRAVO
16
FONTAN
PENALBA
17
09
A TEXOSA
10
08
07
Río
Miñor
A PONTE
06
05
O LANEIRO
18
O Campo das Bestas
04
03
01
02
MAÑUFE (SAN VICENTE)
O VERDEAL
A Ribeira
C. Futbol os Galandes
Pavillón Municipal
Polideportivo
GONDOMAR
Plaza de Abastos
Casa Cultura
Centro Saude
Concello
Estacion Autobuses





03. 01.



02.



12.

16.



18.



07.





14.

DESCRICIÓN DO PERCORRIDO.

Esta ruta, que remata por tocar a parroquia de Vilaza a través do barrio de Vilarés, cruza algúns dos lugares historicamente máis emblemáticos do Val de Miñor durante o Antigo Réxime e percorre parte dalgún camiño quizais prerromano. Ademais, dende o punto de vista monumental, engloba varias pezas de indubidable valor arquitectónico que para poder apreciar en profundidade será necesario conseguir acceder ao interior.

Durante o percorrido atoparemos tres espazos, entre restaurantes e bares, onde poder resolver posibles necesidades de bebida ou comida, todos situados na parte baixa ou inicial e final do percorrido.

01. Parroquial de San Vicente.

A primeira noticia desta igrexa procede de mediados do século XII, se ben, posiblemente, os restos máis antigos do templo sexan unha parte do muro sur da nave principal que en todo caso son moi posteriores, seguramente da Idade Moderna. É probable que inicialmente a igrexa tivese planta lineal, rematada nunha capela maior ou ábsida. Foi a consecuencia das profundas obras de reforma e mellora efectuadas en 1722 que probablemente se introduce o cruceiro, coa incorporación das naves laterais, e, algo despois, constrúese a actual capela maior ao tempo que se dota a obra do unitario estilo barroco que actualmente a caracteriza, converténdose no principal exemplo relixioso deste movemento arquitectónico no municipio. Algo máis tarde introdúcese no cuadrante sueste outro cubículo para localización da sancristía.

Exteriormente a ábsida presenta maior altura que o resto das naves e gran traballo de cantería, sobre todo nos capiteis compostos das pilastras de esquina e nunha curiosa ventá do vento norte. Similar pericia presentan os traballos da fachada occidental rematada en torre-campanario pechada por cupulín. Conta a tradición que, de tan satisfeito tras ver o seu traballo, o mestre canteiro desta, de orixe portuguesa para máis

DESCRIPCIÓN DE LA RUTA.

El trazado peraltado y las marcas de cantero que todavía conserva pudieran indicar un origen bajo medieval, algo que sin embargo parece querer desmentir la presencia y estereotomía de la fábrica pétrea, aunque quizás esto sea consecuencia de alguna reconstrucción. A día de hoy no existen datos definitivos. Está constatada su existencia en el XVII, cabiendo la posibilidad, puede que remota, de que fuera construido en la primera década del siglo cuando Diego Sarmiento de Acuña construye la puerta del Sol y los tramos de vía necesarios para conectarla con los caminos existentes. También se conoce como Ponte das Ánimas debido al monumento de exaltación del purgatorio instalado sobre él posiblemente a finales del XVIII o primera mitad del XIX, antes de la apertura de la PO-340 cuando lógicamente empieza a perder uso. Es de mucho interés etnográfico la solución pétrea elevada sobre la zona inundable del lateral norte del río para el paso de personas.

04. Vegetación de ribera.

A lo largo de este tramo bajo del río vamos a encontrarnos con vegetación autóctona de generación espontánea tal como laureles, sauces, algún roble y otros varios. Esta línea vegetal va serpenteando, al mismo tiempo que lo hace el río, entre campos de cultivo, principalmente maíz. Durante el trayecto nos encontraremos con el puente que da continuidad sobre el río al camino de O Barando procedente de A Áspera.

a unha soa auga, aínda en funcionamento; dos poucos do municipio que o están, se ben sometido a reformas pouco atinadas. A auga que lle subministra a forza motora chégalle a través dunha canle de pedra duns 21,00 m. de lonxitude dende a inmediata Levada do Beco a cal, ademais de abastecelo, rega os campos ao seu paso ata O Cotro e, hai tempo, ata a Ponte de Ánimas. Esta levada, que toma augas dun pequeno peirao do río que baixa de Morgadáns, é unha das escasas que inda funcionan no municipio.

06. Pousa das Cernadas.

A finais do XVI vivía nesta casa da parroquia de Chaín o escribán da citada parroquia D. Álvaro Tan Saavedra, casado con dona María Salgado, de Baiona, herdeira do morgado que sobre a casa fundara o capitán Alonso Pereira de Castro. Mediante documento notarial elevado na parroquia de Peitieiros, en 1780, o daquela propietario do morgado, D. Antonio Benito Salgado y Saavedra, presbítero e veciño de Vila Vella de Redondela, afora de por vida a "don Domingo Antonio de Oya, prebítero y cura de la feligresía de San Miguel de Oia, a don Juan Antonio de la Fuente, su cuñado, casado con dona María Francisca de Oya, y a don José Antonio de Oya, también presbítero, todo el lugar que se nombra de Cernadas, sito en la feligresía de Chaín y villa de Gondomar, que se compone de casas altas de sótano y sobrado, con su cocina, corrales, eirados y sus residios, con todo el labradío, parra, montes y molino junto a ellas (…)". Na actualidade a casa, brutalmente transformada, conserva un gravado en baixo relevo coas armas dos Salgado no lintel da porta da adega. Tamén conserva parte do antigo muíño hidráulico citado no XVIII.

07. Vistas panorámicas.

O camiño bordea polo nacente as terras da pousa de Cernadas, abastecidas polas augas do Regueiro, continuando logo a Zapa. A metade de percorrido

05. Molino hidráulico de O Quintas.

Se emplaza en el lugar de A Margarida. Es un molino de los denominados "de canle", de una sola "moega", con tejado a una sola agua, todavía en funcionamiento; de los pocos del municipio que lo están, si bien sometido a reformas poco atinadas. El agua que le suministra la fuerza motriz llega a él a través de un canal de piedra de unos 21,00 m. de longitud desde la cercana Levada do Beco, la cual además de abastecerlo riega los campos a su paso hasta O Cotro y, en tiempos, hasta el Puente de Ánimas. Esta levada, que toma aguas de una pequeña presa del río que baja de Morgadáns, es una de las escasas que aún funcionan en el municipio.

06. Pousa de As Cernadas.

A finales del XVI vivía en esta casa de la parroquia de Chaín el escribano de la citada parroquia D. Álvaro Tan Saavedra, casado con doña María Salgado, de Baiona, heredera del mayorazgo que sobre la casa había fundado el capitán Alonso Pereira de Castro. Mediante documento notarial elevado en la parroquia de Peitieiros, en 1780, el entonces propietario del mayorazgo, D. Antonio Benito Salgado y Saavedra, presbítero y vecino de Villa Vieja de Redondela, afora de por vida a "don Domingo Antonio de Oya, presbítero y cura de la feligresía de San Miguel de Oia, a don Juan Antonio de la Fuente, su cuñado, casado con dona María Francisca de Oya, y a don José Antonio de Oya, también presbítero, todo el lugar que se nombra de Cernadas, sito en la feligresía de Chaín y villa de Gondomar, que se compone de casas altas de sótano y sobrado, con su cocina, corrales, eirados y sus residios, con todo el labradío, parra, montes y molino junto a ellas (…)". En la actualidad la casa, brutalmente transformada, conserva un grabado en bajo relieve con las armas de los Salgado en el dintel de la puerta de la bodega. También conserva parte del antiguo molino hidráulico citado en el XVIII.

mantéñense unhas edificacións tradicionais de planta baixa na marxe esquerda do camiño e fronte a elas arranca un segundo camiño entre muretes que conduce, trescentos metros mais alá aproximadamente, a un alto que ocupou a antiga pousa brasonada de Vista Alegre, na Torre, existente a finais do XVI segundo parece desprenderse dun documento testamentario.

Dende o punto sinalado no plano abránguese unha ampla panorámica que engloba a finca matriz de Cernadas e o barrio do Avelar, por diante do Picoto, á dereita, de fronte vese O Toucido de Arriba e máis á esquerda os de Sequeirós, Bade e A Estrada coroados pola masa forestal do Pazo do Conde cercada por decadentes muros. Como fondo, a Serra da Groba.

08. Etnografía. Cruz alta sobre presa de regadío.

Esta cruz sitúase nunha encrucillada de antigos camiños xa citados no XVIII, xusto sobre a canle de saída das augas da presa do Regueiro, baixo un carballo de moi considerable porte. A presa regou as terras de labradío en dirección a Cernadas, as da citada pousa e aínda algunhas máis alá. Segue en uso parcial.

A cruz antiga rompera por accidente e foi reconstruída polos veciños no ano 2011. Pola súa localización, a inicial puidese ter relación con algún rito ou costume vinculado á presa, á auga.

09. Fraga do Loureiro.

As augas do Regueiro crean un pequeno brañal, na parte baixa do Loureiro, totalmente colonizado por vexetación autóctona entre a que destaca a abundancia de loureiros e carballos; baixo eles vive a correspondente fauna. Algo máis arriba sitúanse as casas e edificacións complementarias que configuraron a antiga aldea. Hoxe a maioría están acondicionadas co lóxico fin de mellorar as condicións hixiénico-sanitarias e de confort pero as obras fixéronse sen o suficiente acerto e polo tanto o conxunto perdeu o auténtico carácter; o seu principal valor.

07. Vistas panorámicas.

El camino bordea por el naciente las tierras de la pousa de Cernadas, abastecidas por las aguas de O Regueiro, continuando luego a Zapa. A mitad de recorrido se mantienen unas edificaciones tradicionales de planta baja en el margen izquierdo del camino y frente a ellas arranca un segundo camino entre muretes que conduce, trescientos metros mas allá aproximadamente, a un altozano que ocupó la antigua "pousa" blasonada de Vista Alegre, en A Torre, existente a finales del XVI según parece desprenderse de un documento testamentario.

Desde el punto señalado en el plano se abarca una amplia panorámica que engloba la propiedad de Cernadas y el barrio de O Avelar, por delante de O Picoto, a la derecha, de frente se ve O Toucido de Arriba y, más a la izquierda, los de Sequeirós, Bade y A Estrada coronados por la masa forestal del Pazo del Conde cercada por decadentes muros. Como fondo, la Sierra de A Groba.

08. Etnografía. Cruz alta sobre presa de regadío.

Esta cruz se emplaza en una encrucijada de antiguos caminos ya citados en el XVIII, justo sobre el canal de salida de las aguas de la presa de O Regueiro, bajo un roble de muy considerable porte. La presa regó las tierras de labradío en dirección a Cernadas, las de la citada "pousa" y todavía algunas más allá. Aún está en uso parcial.

La cruz antigua se había roto por accidente y fue reconstruida por los vecinos en el año 2011. Por su emplazamiento, la inicial pudiera tener relación con algún rito o costumbre vinculado a la presa, al agua.

09. Fraga de O Loureiro.

Las aguas de O Regueiro crean un pequeño humedal, en la parte baja de O Loureiro, totalmente colonizado por vegetación autóctona entre la que destaca la abundancia de laureles y robles; entre ellos vive la correspondiente fauna. Algo más arriba se emplazan las casas y edificaciones complementarias que configu-

10. Vistas Panorámicas.

Fermosas vistas afastadas das parroquias de Peitieiros e Couso cercadas nas súas cotas máis altas polos montes da Serra do Galiñeiro en dirección ao Aloia, en Tui.

11. Presa do Avelar.

Esta presa do Avelar ultimamente utilízase pouco e, en consecuencia, case non se limpa. Cando se facía, segundo contan os veciños, era frecuente en certa época do ano ver como se axitaba a contorna coa chegada de parrulos silvestres.

12. Casa brasonada do Avelar.

Tamén coñecida como Avellal, foi fundada polos Pereira, que enlazaron entre outros cos Ocampo y Coronel, neste barrio de Gondomar. Xa existía a principios do XVIII. Foi unha casona en forma de L, tipoloxía moi utilizada pola fidalguía, con dúas plantas e unha escaleira pétrea no ángulo interior. Sobre esta, incrustado na parede, estivo dende o principio un grande escudo que agora, tras pasar un tempo depositado no chan, figura no frontal. Sufriu varias mutilacións e transformacións como consecuencia da fragmentación da propiedade. Posúe un notable hórreo tipo Pontevedra. Esta importante casa foi cabeza de morgado e as súas terras que alcanzaban as abas do Picoto cortadas pola estrada a Chenlo na década dos trinta.

13. Fundas de Sarmento.

No monte O Picoto mantéñense os topónimos "fundas" e "covas", que substitúen o medieval "grovam" citado nun documento do século XII. Os tres son indicio de transformacións artificiais na topografía do lugar. Estes pronunciados cortes na terra e depresións, aos pés da Mourisca, son vestixios conservados dunha mina romana a ceo aberto en busca de ouro, catalogada en 1997, que segundo o investigador Gustavo Pascual Hermida puido estar en activo ata o Baixo Medievo. O mesmo autor sitúa un castro mineiro na zona, o cal,

raron la antigua aldea. Hoy la mayoría están acondicionadas con el lógico fin de mejorar las condiciones higiénico-sanitarias y de confort pero las obras se hicieron sin el suficiente acierto y en consecuencia el conjunto perdió su auténtico carácter; su principal valor.

10. Vistas Panorámicas.

Hermosas vistas lejanas de las parroquias de Peitieiros y Couso cercadas en sus cotas más altas por los montes de la Sierra de O Galiñeiro en dirección al Aloia, en Tui.

11. Presa de O Avelar.

Esta presa de O Avelar últimamente se utiliza poco y, en consecuencia, casi no se limpia. Cuando se hacía, según cuentan los vecinos, era frecuente en cierta época del año ver como se agitaba el entorno con la llegada de patos silvestres.

12. Casa blasonada de O Avelar.

También conocida como Avellal, fue fundada por los Pereira, que enlazaron entre otros con los Ocampo y Coronel, en este barrio de Gondomar. Ya existía a principios del XVIII. Fue una casona en forma de L, tipología muy utilizada por la hidalguía, con dos plantas y una escalera pétrea en el ángulo interior. Sobre esta escalera, incrustado en la pared, estuvo desde el principio un gran escudo que ahora, tras haber pasado un tiempo depositado en la finca, figura en el frontal. Sufrió varias mutilaciones y transformaciones como consecuencia de la fragmentación de la propiedad. Posee un notable hórreo tipo Pontevedra. Esta importante casa fue cabeza de mayorazgo y sus tierras que alcanzaban las faldas de O Picoto cortadas por la carretera a Chenlo en la década del treinta.

13. Fundas de Sarmento.

En el monte O Picoto se mantienen los topónimos "fundas" y "covas" que sustituyen al medieval "grovam" citado en un documento del siglo XII. Los tres son indi-

sendo contemporáneo á explotación, sería o asentamento poboacional máis antigo próximo á vila. Un dos topónimos completos conservados na zona é o que dá título a este apartado.

14. Vistas panorámicas sobre a Vila.

Vista da vila dende o punto de arranque ao pé do Picoto do camiño que pasando polo Pedrouco se dirixía a Santa María de Chaín e San Roque, en Morgadáns, antes de que se construíse nos anos trinta e inicio dos corenta do século XX a actual estrada a Chenlo. Este mesmo camiño a pouca distancia do punto indicado no plano tiña unha derivación á Áspera e pouco despois outra ao Avelar, cuxas terras cortou a estrada; algo máis arriba aínda había unha terceira baixada, pola Brea, a Zapa.

15. Camiño Vello.

Así é como tamén se coñece o antigo camiño da Áspera, topónimo documentado xa no século XIII. Foi este unha derivación do desaparecido camiño a Chaín pola faldra sur do Picoto. Despois da encrucillada co que pola Torre sobe a Morgadáns, citado como medieval pola historiadora Ferreira Priegue, baixaba, e aínda o fai, por diante do pazo aí existente e enlazaba co camiño do Barando en dirección ás ribeiras do río que baixa de Morgadáns. No encontro existe unha ponte que o cruza reposta nos anos setenta do XX.

16. Pazo da Áspera de Gondomar.

Pequeno pazo fundado posiblemente a finais do XVIII por descendentes do de Piñeiro, en Peitieiros. Recibe o nome do lugar de asentamento na parroquia de Gondomar. Ten planta en forma de L, estrutúrase en dúas alturas sendo a primeira a principal, e ao vento nordés péchase en patio mediante muros de contención de terras do terreo, en granito, dende o que arrancan as escaleiras pétreas que dan acceso ao patín-corredor que percorre o ángulo interior do edificio. Este corredor cóbrese mediante a prolongación do tellado

cio de transformaciones artificiales en la topografía del lugar. Estos pronunciados cortes en la tierra, hondonadas, a los pies de A Mourisca, son vestigios conservados de una mina romana a cielo abierto en busca de oro, que según el investigador Gustavo Pascual Hermida pudo estar en activo hasta el Bajo Medievo. El mismo autor ubica un castro minero en la zona el cual, siendo contemporáneo a la explotación, sería el asentamiento poblacional más antiguo próximo a la villa. Uno de los topónimos completos conservados en la zona es el que da título de este apartado.

14. Vistas panorámicas sobre la Villa.

Vista de la villa desde el punto de arranque al pie de O Picoto del camino que pasando por O Pedrouco se dirigía a Santa María de Chaín y San Roque, en Morgadáns, antes de que se construyese en los años treinta e inicio de los cuarenta del siglo XX la actual carretera a Chenlo. Este mismo camino a poca distancia del punto indicado en el plano tenía una derivación al Áspera y poco después otra al Avelar, cuyas tierras cortó la carretera; algo más arriba aún había una tercera bajada, por A Brea, para Zapa.

15. Camiño Vello.

Así es como también se conoce al antiguo camino de A Áspera, topónimo documentado en el siglo XIII. Fue este una derivación del antiguo camino a Chaín por la falda sur de O Picoto. Después de la encrucijada con el que por A Torre sube a Morgadáns, citado como medieval por la historiadora Ferreira Priegue, bajaba, y todavía lo hace, por delante del pazo ahí existente y enlazaba con el camino de O Barando en dirección a las riberas del río que baja de Morgadáns, en cuyo encuentro existe un puente que lo cruza repuesto en los años setenta del XX.

16. Pazo de A Áspera de Gondomar.

Pequeño pazo fundado posiblemente a finales del XVIII por descendientes del de Piñeiro, en Peitieiros.

apoiado en sete columnas oitavadas asentadas sobre a varanda cega que o pecha. O escudo de armas da casa está tallado en mármore.

17. Camiño do Cotro.

Antigo camiño que dende a ponte das Ánimas e pasando por este barrio chegaba á igrexa. Actualmente o seu antigo trazado está parcialmente desaparecido se ben aínda é detectable entre leiras.

18. Antigo campo de festas, fonte de San Bieito e cruceiro da vila.

Campo de festas. A este mester dedicouse todo o recinto situado ante o cabeceiro da Igrexa, que nas primeiras décadas do XX aínda non contaba cos bancais que agora presenta. Péchase polo norte coa casa que foi do Araña. Esta casa con traza habitual na Idade Moderna quizais puido ser a antiga reitoral, dato aínda sen confirmar.

Neste lugar tamén se celebrou en tempos a feira de "porcos e las" de San Bieito e inda se seguen a celebrar as poxas de Santo Antonio todos os 12 de xullo pola tarde. Era o único acceso posible á igrexa antes de que se abrise no XIX a actual rúa escalonada dende o barrio da Paradela ata a fachada occidental do templo. A veciñanza coñéceo como O Adro.

Fonte. Emprazada a moi pouca distancia do cruceiro, forma grupo cun lavadoiro público que en tempos tivo un uso intenso. A fonte, moito máis antiga, sométese a obras de embelecemento e mellora en 1943, converténdose nunha das chamadas "de cabaliño". O corpo principal remata nun frontón truncado, no que aparece tallado en relevo a mitra e o báculo de San Bieito, coroado todo por unha cruz latina. A auga do cano recóllese nunha cuncha pétrea que a desvía ao lavadoiro situado no extradorso. Na base outro tanque de pedra fai as funcións de bebedoiro para animais. Foi unha das dúas "milagreiras" que posuíu a vila. En realidade xa o era antes da citada reforma, cando non

Recibe el nombre del lugar de asentamiento en la parroquia de Gondomar. Tiene planta en forma de L, se estructura en dos alturas siendo la primera la principal, y al viento noreste se cierra en patio mediante muros de contención de tierras de la finca, en granito, desde el que arrancan las escaleras pétreas que dan acceso al patín-corredor que recorre el ángulo interior del edificio. Este corredor se cubre mediante la prolongación del tejado apoyado en siete columnas ochavadas asentadas sobre la baranda ciega que lo cierra. El escudo de armas de la casa está tallado en mármol.

17. Camino de O Cotro.

Antiguo camino que desde A Ponte das Ánimas y pasando por este barrio llegaba a la iglesia. Actualmente su antiguo trazado está parcialmente desaparecido si bien aún es detectable.

18. Antiguo campo de fiestas, fuente de San Benito y crucero de la villa.

Campo de fiestas. A este menester se dedicó todo el recinto situado ante el cabecero de la Iglesia, que en las primeras décadas del XX todavía no contaba con los bancales que ahora presenta. Se cierra por el norte con la casa que fue de O Araña. Esta casa con traza habitual en la Edad Moderna quizás pudo haber sido la antigua rectoral, dato todavía sin confirmar.

En este lugar también se celebró en tiempos la feria de "cerdos y lanas" de San Benito y todavía se siguen celebrando las pujas de San Antonio todos los 12 de julio por la tarde. Era el único acceso posible a la iglesia antes de que se abriese en el XIX la actual calle escalonada desde el barrio de A Paradela hasta la fachada occidental. El vecindario lo conoce como O Adro.

Fuente. Emplazada a muy poca distancia del crucero, forma grupo con un lavadero público que en tiempos tuvo un uso intenso. La fuente, mucho más antigua, se somete a obras de embellecimiento y me-

pasaba dunha fonte con biqueira pétrea asomando na boca da mina embutida no muro aínda hoxe conservado á súa esquerda.

Cruceiro. Segundo inscrición do pedestal este monumento, coñecido tamén como cruceiro de San Bieito, foi fundado en 1646. É unha peza completa con cruz figurada en anverso, un Cristo crucificado, e reverso, unha Piedade. Sitúase no que foi antigo campo de festas referido pola veciñanza como O Adro.

jora en 1943, convirtiéndose en una de las llamadas "de cabaliño". El cuerpo principal remata en un frontón truncado, en el que aparece tallado en relieve la mitra y el báculo de San Bieito, coronado todo por una cruz latina. El agua del caño se recoge en una concha pétrea que la desvía al lavadero emplazado en el trasdós. En la base otro tanque de piedra hace las funciones de abrevadero. Fue una de las dos "milagreiras" que poseyó la villa. En realidad ya lo era antes de la citada reforma, cuando no pasaba de una fuente de caño con "biqueira" pétrea asomando en la boca de la mina embutida en el muro aún hoy conservado a su izquierda.

Crucero. Según inscripción del pedestal este monumento, conocido también como crucero de San Bieito, fue fundado en 1646. Es una pieza completa con cruz figurada en anverso, un Cristo crucificado, y reverso, una Piedad. Se emplaza en el que fue antiguo campo de fiestas al que las gentes del lugar llaman O Adro.

DATOS DE INTERESE

Tipo de percorrido: Circular
Distancia: 6,1 km.
Dificultade: Baixa
Desnivel acumulado: 233 m.
Tempo aproximado: 1 h 25 min





CHAÍN. DE SANTA MARÍA Á MOURISCA

01. Igrexa de Santa María. Adro e torreiro 02. Cemiterio 03. Casa do Matos 04. A Presa 05. O Pedrouco 06. Camiño vello á vila polas Fundas do Picoto 07. Antigo camiño á Paradela 08. Capela da Virxe da Soidade 09. Pazo da Mourisca 10. Camiño de orixe medieval 11. O Padrón 12. Coto Espiñeira 13. Muíño hidráulico de Regodagua 14. Petróglifo de Regodagua 15. Coto da Moura 16. Petróglifo do Morxón 17. Eira de Cidáns 18. Cruceiro das Mercés 19. Capela das Mercés 20. Coto do Abade 21. Coto Teixugueira


0
300 M.
O PADRÓN
12
11
15
A GÁNDARA
As Castiñeiras
Faxide
10
PARABOA
13
REGODAGUA
14
16
21
O Castelo
17
19
CIDANS
18
20
O COUTO
10
CHAIN (SANTA MARIA)
01
04
PINTOR
O PEDROUCO
03
05
02
09
08
A MOURISCA
O LOUREIRO
CORTIÑAS
07
06



09.



03.



05.

08.



04.



02.



18.



01.



DESCRICIÓN DO PERCORRIDO.

A primeira noticia desta parroquia, aínda que non como tal senón integrada ou baixo xurisdición de Morgadáns, dáa un documento de 1156 no que referíndose a esta última a cita baixo advocación de Santa María, ou sexa, a de Chaín, non citada explicitamente. Algo despois, en documentos de finais do XII vólvese citar un castelo roquedo en Morgadáns que hoxe sabemos se emprazaba no Coto do Abade, en Chaín. Será a partir da segunda metade do século XIII cando o topónimo aparece nomeado explicitamente. Na segunda metade do século XIII o mosteiro cisterciense de Oia tiña propiedades na parroquia que permuta en 1266. A principios do século XIV, en 1303, exercía xurisdición sobre o couto de Chaín, no cal mantiña notable cabana de ganado maior.

Durante o percorrido atoparemos dous locais onde repoñer.

01. Igrexa de Santa María. Adro e recinto de festas

Igrexa. Nada se sabe da fundación da igrexa. Só o libro de bautizos nos asegura a súa existencia a inicios do XVII, se ben a súa procedencia o máis probable é que sexa medieval. En todo caso, nada queda do primitivo templo. O actual é unha reconstrución, posiblemente integral, de mediados do XIX, segundo consta nunha lenda da fachada occidental: REEDIFICADA EN 1860/ABAD D. MANUEL ANT./ ALVARES NAT. DE TUI.

Trátase dunha edificación de planta rectangular onde a ábsida exteriormente só se detecta pola súa maior altura. Interiormente a nave e o presbiterio, de igual anchura, quedan separados por un arco de medio punto directamente apoiado sobre pilastras. A fachada de acceso está enmarcada por dúas pilastras rematadas en senllos pináculos asentados en molduras curvas que soben ao pé da espadana de dobre van e un só corpo como remate da composición. Posteriormente engadiuse un segundo corpo en ladrillo reves-

DESCRIPCIÓN DE LA RUTA.

La primera noticia de esta parroquia, aunque no como tal sino integrada o bajo jurisdicción de Morgadáns, la da un documento de 1156 en el que refiriéndose a esta última la cita bajo advocación de Santa María, o sea, la de Chaín, no citada explícitamente. Algo después, en documentos de finales del XII se vuelve a citar un castillo roquedo en Morgadáns que hoy sabemos se emplazaba en O Coto do Abade, en Chaín. Será a partir de la segunda mitad del siglo XIII cuando el topónimo aparece nombrado explícitamente. En la segunda mitad del siglo XIII el monasterio cisterciense de Oia tenía propiedades en la parroquia que permuta en 1266. A principios del siglo XIV, en 1303, ejercía jurisdicción sobre el coto de Chaín, en el cual mantenía gran cabaña de ganado mayor.

Durante el recorrido encontraremos dos locales donde repostar.

01. Iglesia de Santa María. Atrio y recinto de fiestas

Iglesia. Nada se sabe de la fundación de la iglesia. Solo el libro de bautizos nos asegura su existencia a inicios del XVII, si bien su procedencia lo más probable es que sea medieval. En todo caso, nada queda del primitivo templo. El actual es una reconstrucción, posiblemente integral, de mediados del XIX, según consta en una cartela de la fachada occidental: REEDIFICADA EN 1860/ABAD D. MANUEL ANT./ ALVARES NAT. DE TUI.

Se trata de una edificación de planta rectangular donde el ábside exteriormente solo se detecta por su mayor altura. Interiormente la nave y el presbiterio, de igual anchura, quedan separados por un arco de medio punto directamente apoyado sobre pilastras. La fachada de acceso está enmarcada por dos pilastras rematadas en sendos pináculos asentados en molduras curvas que suben al pie de la espadaña de doble vano y un solo cuerpo como remate la composición. Posteriormente se añadió un segundo cuerpo en ladrillo

tido e tratado a imitación de pedra. A composición inicialmente lineal da planta viuse modificada coa incorporación de dúas pezas na cara meridional: unha para capela e a outra para sancristía. Toda a igrexa foi construída seguindo un levísimo gusto barroco. No interior conserva a pía bautismal do antigo templo.

Adro e recinto de festas. Cada un forma un espazo pechado en se mesmo mediante murete de granito e ocupa un bancal a distinta cota. O adro, coa igrexa, ocupa o de maior altura, ao que se chega mediante unha escalinata pétrea dende o recinto de festas. Á súa vez, a este, tamén se chega dende o antigo camiño que baixaba á Paradela de Gondomar a través dunha ben integrada escalinata de dous tramos en L que se apoia nos distintos muros de contención executados en granito. Un ordenamento territorial procedente con toda seguridade da Idade Moderna que está entre os máis atractivos do municipio para os referidos ás igrexas matrices.

02. Cemiterio.

Substituíu o que ocupaba o adro e interior da igrexa. Construíuse a partir de 1927 segundo proxecto redactado polo arquitecto Jacobo Esténs Romero, antes da apertura da actual estrada de Gondomar a Chenlo. Foi un recinto rectangular, pechado por muros de cantería, ao que se chegaba dende o arranque da escalinata de subida á igrexa a través dun escuálido camiño controlado nese punto mediante unha cancela metálica. Xa nas inmediacións do recinto, obrigado pola topografía, baixa unha curta escalinata pétrea. Atravesada a reixa de forxa, unha humilde capela á esquerda e outra edificación de volumetría similar e cuberta a dúas augas, nacida como sala de autopsias, á dereita. Polo demais un único panteón de pequenas dimensións e arquitectura ecléctica situado case fronte á porta de entrada, arrimado ao muro contrario, e algunhas columnas, poucas, de nichos de época arrimadas aos muros este e sur. O resto era sepulturas en terra que

revestido y tratado a imitación de piedra. La composición inicialmente lineal de la planta se vio modificada con la incorporación de dos piezas en la cara meridional: una para capilla y la otra para sacristía. Toda la iglesia fue construida siguiendo un levísimo gusto barroco. En el interior conserva la pila bautismal de la antigua iglesia.

Atrio y recinto de fiestas. Cada uno forma un espacio cerrado en si mismo mediante murete de granito y ocupa un bancal a distinta cota. El atrio, con la iglesia, ocupa el de mayor altura, al que se llega mediante una escalinata pétrea desde el recinto de fiestas. A su vez, a este, también se llega desde el antiguo camino que bajaba a la Paradela de Gondomar a través de una bien integrada escalinata de dos tramos en L que se apoya en los distintos muros de contención ejecutados en granito. Un ordenamiento territorial procedente con toda seguridad de la Edad Moderna que está entre los más atractivos del municipio para los referidos a las iglesias matrices.

02. Cementerio.

Sustituyó al que ocupaba el atrio e interior de la iglesia. Se construyó a partir de 1927 según proyecto redactado por el arquitecto Jacobo Esténs Romero, antes de la apertura de la actual carretera de Gondomar a Chenlo. Fue un recinto rectangular, cerrado por muros de cantería, al que se llegaba desde el arranque de la escalinata de subida a la iglesia a través de un escuálido camino controlado en ese punto mediante una cancela metálica. Ya en las inmediaciones del recinto, obligado por la topografía, baja una corta escalinata pétrea. Atravesada la reja de forja, una humilde capilla a la izquierda y otra edificación de volumetría similar y cubierta a dos aguas, nacida como sala de autopsias, a la derecha. Por lo demás un único panteón de pequeñas dimensiones y arquitectura ecléctica emplazado casi frente a la puerta de entrada, arrimado al muro contrario, y algunas co-

nestes últimos corenta ou cincuenta anos cederon o seu posto a descontroladas colmeas de nichos sen valor estético nin construtivo. O primitivo recinto dispuxo dun pequeno cemiterio para disidentes da relixión católica situado no ángulo nordés, xusto ata a cabeceira da capela. A este recinto accedíase por unha cancela metálica enfrontada á escalinata de baixada ao recinto principal. Este apéndice foi engulido pola ampliación, aínda perfectamente detectable, levada a cabo na década dos oitenta.

03. Casa do Leitos.

Os terreos desta casa víronse afectados pola construción da estrada Gondomar-Chenlo na transición das décadas do trinta ao corenta do século pasado. É unha das chamadas Casas Grandes da parroquia, posiblemente da modalidade "de curas". Non ten brasón heráldico pero conserva unha atractiva portada ameada sobre cornixa e un notable patín cuberto, actualmente tratado con pouco acerto, orientado a poñente. Na fachada norte, a que miraba ao camiño principal antes de que se abrise a citada estrada, tiña un corredor tamén cuberto. Está bastante intervida.

04. A Presa.

Este embalsado de auga con fins agrícolas rematou por converterse en topónimo. Recibe o caudal, durante a noite, a través do Regueiro que pasa por Chins, procedente da presa da Liña de Cans. É unha presa de vinte e dous días, isto é, tarda ese tempo en cubrir un ciclo completo regando as leiras que lle corresponde dende o inicio na máis afastada, emprazada en Zapa. Estes ciclos comezan a principio de xuño e rematan o oito de setembro. Esta presa é complemento para as terras baixas da de Rogodagua, de vinte e cinco días.

05. O Pedrouco.

Este topónimo aparece citado nun documento de 1304 por medio do cal o mosteiro de Oia merca parte dunha casa e a viña do Toural, en Chaín.

lumnas, pocas, de nichos de época arrimadas a los muros este y sur. Todo el resto eran sepulturas en tierra que en estos últimos cuarenta o cincuenta años cedieron su puesto a descontroladas colmenas de nichos sin valor estético ni constructivo. El primitivo recinto dispuso de un pequeño cementerio para disidentes de la religión católica emplazado en el ángulo noreste, justo hasta la cabecera de la capilla. A este recinto se accedía por una cancela metálica enfrentada a la escalinata de bajada al recinto principal. Este apéndice fue engullido por la ampliación, aún perfectamente detectable, llevada a cabo en la década de los ochenta.

03. Casa do Leitos.

Los terrenos de esta casa se vieron afectados por la construcción de la carretera Gondomar-Chenlo en la transición de las décadas del treinta al cuarenta del siglo pasado. Es una de las llamadas Casas Grandes de la parroquia, posiblemente de la modalidad "de curas". No tiene blasón heráldico pero conserva una atractiva portada almenada sobre cornisa y un notable patín cubierto, actualmente tratado con poco acierto, orientado a poniente. En la fachada norte, la que miraba al camino principal antes de que se abriera la citada carretera, tenía un corredor también cubierto. Está bastante intervenida.

04. A Presa.

Este embalsado de agua con fines agrícolas terminó por convertirse en topónimo. Recibe el caudal, durante la noche, a través de O Regueiro que pasa por Chins, procedente de la presa de A Liña de Cans. Es una presa de veintidós días, esto es, tarda ese tiempo en cubrir un ciclo completo regando las "leiras" que le corresponde desde el inicio en la más alejada, emplazada en Zapa. Estos ciclos comienzan a principio de junio y rematan el ocho de septiembre. Esta presa es complemento para las tierras bajas de la de Rogodagua, de veinticinco días.

Pequeno grupo de casas tradicionais, algunhas baleiras e abandonadas pero conservando toda a esencia vernácula, outras reformadas case sempre con pouca fortuna, rodeadas de interesantes hórreos e outras edificacións secundarias. Tamén existe algunha pequena adega escavada directamente na terra cara ao camiño. Ao paso podemos ver solucións tradicionais no referente á ordenación territorial como escaleiras para comunicación de socalcos, emparrados e canalizacións de auga.

06. Camiño vello á vila polas Fundas do Picoto.

Este camiño en sentido de baixada arranca no barrio do Fouco facendo encrucillada co que pola Torre sobe de Gondomar a Morgadáns pasando por Xende. Despois de cruzar Pintor, a parte baixa de Igrexa, A Presa, O Pedrouco e A Brea entra na faldra sur do Picoto por onde As Fundas de Sarmento, isto é, parte da área da mina de ouro romana a ceo aberto, para chegar a Gondomar pola parte alta de Ripote dende onde baixa a Igrexa.

07. Antigo camiño da Paradela.

Este camiño baixaba e, aínda estando algo descontrolada a vexetación, segue baixando ata A Paradela de Gondomar atravesando o monte O Picoto. A partir de Cortiñas, en Chaín, dá continuidade ao que dende o medievo baixa do Padrón.

08. Capela da Virxe da Soidade.

Foi fundada por Francisco Ferreira de Castro, abade de Cabral, no século XVII e formou parte do morgado de "Torrequemada". Ante o presbiterio consérvase a tumba do fundador selada por un escudo coas insignias dos Castro. A mediados do XVIII era o seu capelán o presbítero de Chaín Fernando Troncoso y Acuña. Antes, en 1730, a súa irmá Teresa casaría nesta capela con Julián Méndez. En 1862, unha vez abolidos os morgados, foi adquirida polo médico de Gondomar Manuel Moreira Alonso. Sería o seu fillo

05. O Pedrouco.

Este topónimo aparece citado en un documento de 1304 por medio del cual el monasterio de Oia se hace con parte de una casa y la viña de O Toural en Chaín.

Pequeño grupo de casas tradicionales, algunas desabitadas pero conservando toda la esencia vernácula, otras reformadas casi siempre con poca fortuna, rodeadas de interesantes hórreos y otras edificaciones secundarias. También existe alguna pequeña bodega excavada directamente en la tierra cara al camino. Al paso podemos ver soluciones tradicionales en lo referente a la ordenación territorial como escaleras entre terrazas de tierra, emparrados y canalizaciones de agua.

06. Camino viejo a la villa por As Fundas do Picoto.

Este camino en sentido de bajada arranca en el barrio de O Fouco haciendo encrucijada con el que por A Torre sube de Gondomar a Morgadáns pasando por Xende. Después de cruzar Pintor, la parte baja de Iglesia, A Presa, O Pedrouco y A Brea entra en la falda sur de O Picoto por donde As Fundas de Sarmento, esto es, parte del área de la mina de oro romana a cielo abierto, para llegar a Gondomar por la parte alta de Ripote desde donde baja a la Iglesia.

07. Antiguo camino de A Paradela.

Este camino bajaba y, aún estando algo descontrolada la vegetación, sigue bajando hasta A Paradela de Gondomar atravesando el monte O Picoto. A partir de Cortiñas, en Chaín, da continuidad al que desde el medievo baja de O Padrón.

08. Capilla de A Virxe da Soidade.

Fue fundada por Francisco Ferreira de Castro, abad de Cabral, en el siglo XVII y formó parte del mayorazgo de Torrequemada. Ante el presbiterio se conserva la tumba del fundador sellada por un escudo con las insignias de los Castro. A mediados del XVIII era su capellán el presbítero de Chaín Fernando Troncoso y Acuña. Antes, en 1730, su hermana Teresa

Dámaso, tamén médico, quen a reconstruiría no ano 1900 conferíndolle o aspecto actual. Na primeira metade do XX, ante ela celebrábase a romaxe e festa na honra á Virxe da Soidade cuxa última edición tivo lugar na década dos corenta. No adro tamén existiu un campo de birlos celta.

09. Pazo da Mourisca.

A propiedade xa se coñecía no XVII como "Torrequemada". Na base da cruz sobre o lintel do portal ameado de acceso parece dicir 1628. En 1713 Pedro de Castro Ferreira Ulloa y Taboada, sobriño de Francisco Ferreira de Castro enterrado con este na capela da Soidade, fai testamento no que di que o seu tío deixara o lugar de "Torrequemada", que incluía casa de planta alta, adegas, cociña, lagares, cortes, palleiro, a capela da Soidade, terras, froiteiros e demais. O tal Francisco fundara un morgado sobre estas propiedades. Nos escudos do portal aparecen as armas dos Castro, Pereira, Vázquez e outros.

A casa foi reconstruída tras un incendio. Ten planta rectangular cunha pequena extensión a nacente na metade norte. A devandita extensión acolle o patín principal (hoxe tapiado) que chega á planta nobre dende un patio pechado por muro de contención de terras. Dende a parte superior deste muro arranca un segundo patín secundario e descuberto que daba acceso á zona de cociña. Conserva unha notable solaina con cuberta sobre columnas na fronte sur do primeiro piso. Tamén unha voluminosa e sinxela cheminea de pedra no ángulo nordés.

10. Camiño de orixe medieval.

Camiño da Paradela que por O Picoto chega a Cortiñas. Logo, xa se dixo, deixando As Covas á súa esquerda, pasa pola Mourisca, pola parte alta da Senra, polo Couto, Paraboa, Faxide e chega ao Padrón onde se divide en dous: á esquerda, co pavimento lousado de pedra, o que comunica con Pego Negro; á dereita o que continua en dirección a Recasaría en esta capilla con Julián Méndez En 1862, una vez abolidos los mayorazgos, fue adquirida por el médico de Gondomar Manuel Moreira Alonso. Sería su hijo Dámaso, también médico, quien la reconstruiría en el año 1900 confiriéndole el aspecto actual. En la primera mitad del XX, ante ella se celebraba la romería y fiesta en honor a la Virgen de la Soledad cuya última edición tuvo lugar en la década de los cuarenta. En el atrio también existió un campo de bolos celta.

09. Pazo de A Mourisca.

La propiedad ya se conocía en el XVII como Torrequemada. En la base de la cruz sobre el dintel del portal almenado de acceso parece decir 1628. En 1713 Pedro de Castro Ferreira Ulloa y Taboada, sobrino de Francisco Ferreira de Castro enterrado con este en la capilla de la Soledad, hace testamento en el que dice que su tío había dejado el lugar de Torrequemada, que incluía casa de planta alta, bodegas, cocina, lagares, cuadras, pajar, la capilla de la Soledad, tierras, frutales y demás. El tal Francisco había fundado un mayorazgo sobre estas propiedades. En los escudos del portal aparecen las armas de los Castro, Pereira, Vázquez y otros.

La casa fue reconstruida tras un incendio. Tiene planta rectangular con una pequeña extensión a naciente en la mitad norte. Dicha extensión acoge el patín principal (hoy tapiado) que llega a la planta noble desde un patio cerrado por muro de contención de tierras. Desde la parte superior de este muro arranca un segundo patín secundario y descubierto que daba acceso a la zona de cocina. Conserva una notable solana con cubierta sobre columnas en el frente sur del primer piso. También una voluminosa y sencilla chimenea de piedra en el ángulo noreste.

10. Camino de origen medieval.

Camino de A Paradela que por O Picoto llega a Cortiñas. Luego, ya se dijo, dejando As Covas a su izquierda, pasa por A Mourisca, por la parte alta de

godagua. Parte deste camiño aparece citado como límite entre as parroquias de Chaín e Vilaza nun documento de 1106.

11. O Padrón.

Aínda que os veciños se refiren a el como cruceiro, este do Padrón non pasa de ser unha simple cruz alta ancorada na parte superior do murete de pedra que delimita o camiño. Igual que tantas veces no municipio a confusión no nome vén dada porque a vertente antropolóxica de ambas as dúas pezas, cruz alta e cruceiro, circunstancia de máximo interese para o campesiñado, coincide, sendo máis económica a execución da primeira. Dende os primeiros anos do presente século fáltalle a peza de remate que engloba brazos e cabeceiro; custódiaa unha casa veciña. É unha cruz de encrucillada. Fronte a ela, ao pé do muro que delimita o lateral dereito do vello camiño que baixa a Pego Negro, consérvase o marco xurisdicional da Idade Moderna que pasou nome ao lugar: O Padrón.

12. Coto Espiñeira.

Á marxe esquerda do camiño que conduce a Regodagua emprázase este coto no que se empraza un castro sen escavar. Consta dunha acrópole rochosa orientada a sueste e dúas terrazas de suave pendente orientadas a noroeste. Segundo os restos cerámicos recollidos en superficie, algúns arqueólogos entenden que o seu hábitat se prolongou ata o medievo. Actualmente a vexetación incontrolada non permite contemplar con claridade a súa morfoloxía.

13. Muíño hidráulico de Regodagua.

Por debaixo da presa de regadío inda se manteñen os restos deste interesante muíño. Máis arriba existiu outro da mesma familia ao que se coñecía como o da Mineira, porque preto vivía unha muller que segundo nos contaron exercera estas funcións. Ambos os dous eran de maquía. O de Regodagua foi de cubo de sección circular, aínda conservado, ao

A Senra, por O Couto, Paraboa, Faxide y llega a O Padrón donde se divide en dos: a la izquierda, con el pavimento enlosado de piedra, el que comunica con Pego Negro; a la derecha el que continua en dirección a Regodagua. Parte de este camino aparece citado como límite entre las parroquias de Chaín y Vilaza en un documento de 1106.

11. O Padrón.

Aunque los vecinos se refieren a él como crucero, este de O Padrón no pasa de ser una simple cruz alta anclada en la parte superior del murete de piedra que delimita el camino. Igual que tantas veces en el municipio la confusión en el nombre viene dada porque la vertiente antropológica de ambas piezas, cruz alta y crucero, circunstancia de máximo interés para el campesinado, coincide, siendo más económica la ejecución de la primera. Desde los primeros años del presente siglo le falta la pieza de remate que engloba brazos y cabecero; la custodia una casa vecina. Es una cruz de encrucijada. Frente a ella, al pie del muro que delimita el lateral derecho del viejo camino que baja a Pego Negro, se conserva el marco jurisdiccional de la Edad Moderna que pasó nombre al lugar: O Padrón.

12. Coto Espiñeira.

Al margen izquierdo del camino que conduce a Regodagua se emplaza este coto en el que se asienta un castro sin excavar. Consta de una acrópolis rocosa orientada a sureste y dos terrazas de suave pendiente orientadas a noroeste. Según los restos cerámicos recogidos en superficie, algunos arqueólogos entienden que su hábitat se prolongó hasta el medievo. Actualmente la vegetación incontrolada no permite contemplar con claridad su morfología.

13. Molino hidráulico de Regodagua.

Por debajo de la presa de regadío todavía se mantienen los restos de este interesante molino. Más

que chegaba a auga a través dunha canle de granito elevada sobre piares de pedra da cal a penas quedan restos, e dunha moega. Ten cuberta a dúas augas e ha de destacarse o bo traballo de cantería das capias, dos pinchos e o beirado resolto ao xeito de Morgadáns. Consiste nunha cornixa pétrea que funciona como pingadeira ao quedar retrasada a tella. Deste modo consegue maior estabilidade e superior defensa ante o vento.

14. Petróglifo de Regodagua.

Fronte ao muíño, na outra beira da estrada existe un camiño que habemos de tomar para chegar á estación de arte rupestre. Ao chegar á primeira bifurcación tomaremos o camiño da esquerda sen abandonalo ata que a esa mesma man apareza un gran outeiro de granito de caída vertical sobre o carreiro. Á nosa dereita un notable carballo. Na cara inclinada superior do outeiro consérvase un importante gravado da Idade de Bronce, segundo deixou escrito algún arqueólogo, duns 2,20x1,80 m. Trátase dunha composición abstracta a base de círculos e coviñas (cazoletas máis ou menos pequenas e profundas) atados mediante liñas.

15. O Coto da Moura.

Para visitar esta singular estación rupestre haberemos de apartarnos por un momento minimamente da ruta. Cando á esquerda do camiño asfaltado vexamos un peche executado con grandes bloques de granito Rosa Porriño tomaremos a senda de terra para internarnos no monte deixándoo á nosa esquerda e camiñaremos uns 150 m. Aí atoparemos os restos dun antigo peche de delimitación de terreos e atravesarémolo xirando á esquerda. Despois de camiñar outros 150 m. aproximadamente, entre eucaliptos e piñeiros, veremos unha notable elevación granítica: o Coto. Trátase dunha importante e moi curiosa estación arqueolóxica a cuberto. Baixo unha gran rocha natural furada consérvanse dous muíños naviculares e un petróglifo. No ex-

arriba existió otro de la misma familia al que se conocía como el de A Mineira, porque cerca vivía una mujer que según nos contaron ejerciera estas funciones. Ambos eran de maquila. El de Regodagua fue de "cubo" de sección circular, aún conservado, al que llegaba el agua a través de un canal de granito elevado sobre pilares de piedra del cual apenas quedan restos, y de una "moega". Tiene cubierta a dos aguas y ha de destacarse en buen trabajo de cantería en las "capias" de los pinchos y el alero resuelto al "xeito de Morgadáns". Consiste en una cornisa pétrea que funciona como vierteaguas al quedar retranqueada la teja. De este modo consigue mayor estabilidad y superior defensa ante el viento.

14. Petroglifo de Regodagua.

Frente al molino, al otro lado de la carretera existe un camino que hemos de tomar para llegar a la estación de arte rupestre. Al llegar a la primera bifurcación tomaremos el camino de la izquierda que no abandonaremos hasta que a esa misma mano aparezca un gran "outeiro" de granito de caída vertical sobre el camino. A nuestra derecha un notable roble. En la cara inclinada superior del "outeiro" se conserva un importante grabado de la Edad de Bronce, según dejó escrito más de un arqueólogo, de unos 2,20x1,80 m. Se trata de una composición abstracta a base de círculos y "coviñas" (cazoletas más o menos pequeñas y profundas) atados mediante líneas.

15. O Coto da Moura.

Para visitar esta singular estación rupestre habremos de apartarnos por un momento mínimamente de la ruta. Cuando a la izquierda del camino asfaltado veamos un cierre ejecutado con grandes bloques de granito Rosa Porriño tomaremos la senda de tierra para adentrarnos en el monte dejándolo a nuestra izquierda y caminaremos unos 150 m. Ahí encontraremos los restos de un antiguo cierre de delimitación de fincas y lo atravesaremos girando a nuestra izquierda. Después

terior vólvense repetir os muíños e un petróglifo serpentiforme. A cavidade interior ten capacidade para tres persoas. Sobre este tipo de muíños dáse información no percorrido ARQUITECTURA MILITAR E ARTE RUPESTRE NO GALIÑEIRO.

Este coto ao que se coñece con outros sinónimos tales que A Pedra do Corazón e Coto Furado é recollido no Catastro de Ensenada (1753) co nome de Pedra Furada como marco entre as parroquias de Chaín e Vincios.

A uns 200 m. en dirección noroeste aparece outra elevación rochosa denominado Pedra Cabada na que existe un gravado rupestre abstracto formado a base de liñas curvas en torno a un núcleo pechado cheo de coviñas. Alcanza unhas medidas de 1 por 1,50 m. aproximadamente.

16. Petróglifo do Morxón.

Unha vez pasado o campo de fútbol da Gándara, á marxe esquerda da estrada emprázase esta estación arqueolóxica que engloba varios petróglifos. Dous dos máis importantes ocupan a parte alta dunha rocha duns 6 m. de longo, 3 m. de ancho e 4 m. de altura e outra a rentes de terra, de 4x2,50 m. situada algo máis ao norte. Ambos os dous gravados rupestres son abstractos e ao igual que o de Regodagua forman paneis a base de círculos, liñas e coviñas. É importante que a luz sexa o máis rasante posible para que mediante as sombras se pronuncien os erosionados sucos gravados na pedra e dese modo poidamos ver, aínda sexa parcialmente, a composición.

17. Eira de Cidáns.

Lugar comunal que en tempos serviu, entre outras varias funcións, para reunir pola mañá temperán aos rabaños de ovellas das distintas casas da parroquia que logo un ou dous homes subían ata O Caldeirón, ao pé do Galiñeiro, para pastorear. Cando baixaban á noite xa estaban a esperar os distintos propietarios. Esta tarefa era rotatoria.

de caminar otros 150 m. aproximadamente, entre eucaliptos y pinos veremos una notable elevación granítica: el Coto. Se trata de una importante y muy curiosa estación arqueológica a cubierto. Bajo una gran roca natural horadada se conservan dos molinos "naviculares" y un petroglifo. En el exterior se vuelven a repetir los molinos y un petroglifo serpentiforme. La cavidad interior tiene capacidad para tres personas. Sobre este tipo de molinos se da información en la ruta ARQUITECTURA MILITAR E ARTE RUPESTRE NO GALIÑEIRO.

Este coto al que se conoce con otros sinónimos tales que A Pedra do Corazón y Coto Furado es recogido en el Catastro de Ensenada (1753) con el nombre de Pedra Furada como marco entre las parroquias de Chaín y Vincios.

A unos 200 m. en dirección noroeste aparece otra elevación rocosa denominada Pedra Cabada en la que existe un petroglifo abstracto formado a base de líneas curvas en torno a un núcleo cerrado plagado de "coviñas". Alcanza unas medidas de 1 por 1,50 m. aproximadamente.

16. Petroglifo de O Morxón.

Una vez pasado el campo de fútbol de A Gándara, al margen izquierdo de la carretera se emplaza esta estación arqueológica que engloba varios petroglifos. Dos de los más importantes ocupan la parte alta de una roca de unos 6 m. de largo, 3 m. de ancho y 4 m. de altura y otra a ras de tierra, de 4x2,50 m., situada algo más al norte. Ambos grabados rupestres son abstractos y al igual que el de Regodagua forman paneles a base de círculos, líneas y "coviñas". Es importante que la luz sea lo más rasante posible para que mediante las sombras se pronuncien los erosionados surcos grabados en la piedra y de ese modo podamos ver, aunque sea parcialmente, la composición.

17. Eira de Cidáns.

Lugar comunal que en tiempos sirvió, entre otras varias funciones, para reunir por la mañana temprano

Ata hai poucos anos tamén se utilizou como punto de encontro dun rito relixioso efectuado con motivo da procesión do día de conmemoración das Mercés que tras anos sen celebrar se recuperou este 2018.

18. Capela das Mercés.

Non se coñece a data de fundación. Tampouco está claro se en orixe sería unha capela ou unha ermida. Só se sabe que a mediados do XIX era propiedade do abade Manuel Antonio Álvarez que en testamento datado en 12 de marzo de 1866, xa abolidos señoríos e morgados e practicadas todas as desamortizacións, doa a capela e terreo circundante á parroquia. Segundo isto podería pensarse que naceu a consecuencia da fundación dunha capelanía a cal a esa altura xa perdera a súa dotación e o poder recadador.

Tras detida observación da fábrica pódese afirmar que a nave sufriu unha ampliación ou reconstrución, con posible desprazamento da cornixa, e o tapiado de dúas pequenas ventás en senllos muros laterais. A ábsida actual é posterior á nave. E a pedra da espadana e os remates, que parecen da mesma calidade e gran fino, é diferente á do resto da edificación. Por último comentar que o tipo de pedra dos dous escudos de armas que aparecen na fachada occidental é distinta das dúas citadas anteriormente. Entre as insignias mostradas por estes brasóns, cuxa colocación no muro parece algo artificiosa, están as dos Castro. Recentemente, a principios de milenio, a capela foi sometida a novas obras de reforma.

Ocupa un lugar de amplas vistas en dirección sur ao que se chegaba por unha serpeante escaleira pétrea dende A Fonte da Santa. Todo o recinto polos laterais sur e oeste, os de maior desnivel, están pechados por muretes de pedra. Dende hai décadas a citada fronte sur está parcialmente ocupada por un palco que xa hai tempo debeu desaparecer. Pola contra, ao seu lado un magnífico carballo dá complemento de sombra aos falsos plátanos que aínda quedan.

a los rebaños de ovejas de las distintas casas de la parroquia que luego uno o dos hombres subían hasta O Caldeirón, al pie del Galiñeiro, para pastorear. Cuando bajaban a la noche ya los estaban esperando los distintos propietarios. Esta tarea era rotatoria.

Hasta hace pocos años también se utilizó como punto de encuentro de un rito religioso efectuado con motivo de la procesión del día de conmemoración de As Mercés que tras años sin celebrar se recuperó este 2018.

18. Capilla de As Mercés.

No se conoce su fundación. Tampoco está claro si en origen sería una capilla o una ermita. Solo se sabe que a mediados del XIX era propiedad del abad Manuel Antonio Álvarez que en testamento fechado en 12 de marzo de 1866, ya abolidos señoríos y mayorazgos y practicadas todas las desamortizaciones, dona la capilla y terreno circundante a la parroquia. Según esto podría pensarse que nació a consecuencia de la fundación de una capellanía la cual a esa altura ya había perdido su dotación y el valor recaudatorio.

Tras detenida observación de la fábrica se puede afirmar que la nave sufrió una ampliación o reconstrucción, con posible desplazamiento de la cornisa, y el tapiado de dos pequeñas ventanas en sendos muros laterales. El ábside actual es posterior a la nave. Y la piedra de la espadaña y los remates, que parece de la misma calidad y grano fino, es diferente a la del resto de la edificación. Por último comentar que el tipo de piedra de los dos escudos de armas que aparecen en la fachada occidental es distinta de las dos citadas anteriormente. Entre las insignias mostradas por estos blasones, cuya colocación en el muro parece algo impostada, están las de los Castro. Recientemente, a principios de milenio, la capilla fue sometida a nuevas obras de reforma.

Ocupa un lugar de amplias vistas en dirección sur al que se llegaba por una serpenteante escalera pétrea desde A Fonte da Santa. Todo el recinto por los latera-

19. Cruceiro das Mercés.

Emprázase no Coto das Mercés, en Cidáns. Tamén se coñece como Cruceiro da Santa e Cruceiro da Piedade, ambos os dous con seguridade a partir do momento en que se incorpora a peza escultórica da plataforma. Actualmente, debido aos movementos de terras realizados ao longo do tempo no ámbito, a localización mostra acrecentada a dificultade de acceso que, entendemos, non debe ser compensada. É unha peza completa, a excepción de capitel, cuxas características máis distintivas, ademais da localización, son a peculiar imaxe de conxunto e o citado grupo escultórico da base. O primeiro vén dado polas proporcións, sobre todo do varal, que a media altura presenta unhas moi desgastadas caveiras nas catro arestas redondeadas. O segundo é o reverso dunha cruz dun antigo cruceiro, unha Piedade, á que lle segaron os brazos para realzar a imaxe mariana. Como consecuencia do intento de roubo desta imaxe a finais dos anos setenta o Cristo morto abrazado pola Virxe perdeu a cabeza e os veciños decidiron ancorar a peza á plataforma. O estado erosionado dos chanzos, pedestal e varal, principalmente, falan da súa antigüidade que podería chegar a principios do XVII. Fronte á fachada setentrional da capela existe outro cruceiro máis moderno.

20. Coto do Abade.

Ao pé deste coto, pola cara sur, emprázanse as ruínas da antiga reitoral da parroquia. No cume restos arqueolóxicos do asentamento do medieval castelo rochedo de Morgadáns; só uns desbastes na rocha natural para asento dos desaparecidos muros. As vistas e o control territorial son de consideración. Ás terras deste castelo faise alusión en dous documentos dos séculos XII e XIII.

21. Coto Teixugueira.

Entre o Coto do Abade e este de Teixugueira, situado fóra da ruta, esténdese unha depresión na que se asentan varias casas coñecida como O Castelo,

les sur y oeste, los de mayor desnivel, están cerrados por muretes de piedra. Desde hace décadas el citado frente sur está parcialmente ocupado por un palco que ya hace tiempo debió desaparecer. Por el contrario, a su lado un magnífico roble da complemento de sombra a los falsos plátanos que aún quedan.

19. Cruceiro de As Mercés.

Se emplaza en el Coto das Mercés, en Cidáns. También se conoce como Cruceiro da Santa y Cruceiro da Piedade, ambos con seguridad a partir del momento en que se incorpora la pieza escultórica de la plataforma. Actualmente, debido a los movimientos de tierras realizados a lo largo del tiempo en el entorno, el emplazamiento muestra acrecentada la dificultad de acceso que, entendemos, no debe ser compensada. Es una pieza completa, a excepción de capitel, cuyas características más distintivas, además del emplazamiento, son la peculiar imagen de conjunto y el citado grupo escultórico de la base. El primero viene dado por las proporciones, sobre todo del varal, que a media altura presenta unas muy desgastadas calaveras en las cuatro aristas redondeadas. El segundo es el reverso de una cruz de un antiguo crucero, una Piedad, a la que se le segaron los brazos para realzar la imagen mariana. Como consecuencia del intento de robo de esta imagen a finales de los años setenta el Cristo muerto que sujeta la Virgen perdió la cabeza y los vecinos decidieron anclar la pieza a la plataforma. El estado erosionado de plataforma, pedestal y varal, principalmente, hablan de su antigüedad que podría llegar a principios del XVII. Frente a la fachada septentrional de la capilla existe otro crucero más moderno.

20. Coto de O Abade.

Al pie de este coto, por la cara sur, se emplazan las ruinas de la antigua rectoral de la parroquia. En la cima restos arqueológicos del asentamiento del medieval castillo roquedo de Morgadáns; solo unos desbastes en la roca natural para asiento de los des-

topónimo cuxos límites engloban o coto. Do asentamento dun pequeno castro sobre el deron noticia varios arqueólogos. As primeiras son de 1975 ampliándose por investigadores distintos nos oitenta. Actualmente non se conservan restos de consideración debido aos grandes movementos de terras efectuados na zona. Apareceu cerámica en superficie.

aparecidos muros. Las vistas y el control territorial son de consideración. A las tierras de este castillo se hace alusión en dos documentos de los siglos XII y XIII.

21. Coto Teixugueira.

Entre el Coto do Abade y este de Teixugueira, emplazado fuera de la ruta, se extiende una depresión, en la que se asientan varias casas, conocida como O Castelo, topónimo cuyos límites engloban el coto. Del asentamiento de un pequeño castro sobre él dieron noticia varios arqueólogos. Las primeras son de 1975 ampliándose por investigadores distintos en los ochenta. Actualmente no se conservan restos de consideración debido a los grandes movimientos de tierras efectuados en la zona. Apareció cerámica en superficie.

DATOS DE INTERESE

Tipo de percorrido: Circular
Distancia: 4,9 km.
Dificultade: Baixa
Desnivel acumulado: 182 m.
Tempo aproximado: 1 h





COUSO. POLOS RÍOS DAS RASAS OU COUSO E PEITIEIROS

01. Igrexa de San Cristovo, cemiterio e casa veciñal 02. Carreiro ao Porto 03. Muíño do Porto 04. Pontella da Banda 05. Paso de poldras 06. Ponte do Candal 07. Ponte dos Amados 08. Antigo muíño hidráulico das Rasas 09. Campo de bolos celta 10. A Ponte de Couso 11. Presa do Conde 12. Pontillón do Candal 13. Muíños hidráulicos do Candal 14. Muíños do Ferreiro 15. A Ponte 16. Muíño do Cabo 17. Muíño do Casal 18. Pontella do Casal 19. Muíño da Rañada 20. Cruceiro da Fraga 21. Vistas panorámicas 22. Peto de ánimas da Bastida 23. As Laxes


0
500 M.
PIQUETES
MARTIN
A RAPOSEIRA
PIÑEIRO
O CRUCEIRO
Margaldana
A PEROLEIRA
OS AMADOS
O MONTE REAL
08
07
06
A ESTRADA
RANDUFE
LA PEDREIRA
Rio
Peitieiros
TOUTEIRAS
OS ENXERTOS
SEIDÓNS
09
Fragadalta
A GÁNDARA
O PIBIDAL
A FONTE
A RUA
05
O XARDIN
O MOGALLO
04
Peitieiros
A AREA
As Laxiñas
Protestantes
O XASTIÑO
BASTIÁNS
02
O Monte
O Campo
03
O Porto
Rio
A Cañota
Forca dos Lobos
A Terra do Rei
Chapurra
10
A BOUCIA
01
11
Barbeira
AS LAXES
COUSO (SAN CRISTOVO)
23
A Retorta
12
22
13
A FEIRA
A BASTIDA
14
AS VACARIAS
Alto do Cereixo
21
AS FONTEIRIÑAS
15
O LUGAR
16
OS REMEDIOS
Alto das Pereiras
O PENEDO
17
A PRESIÑA
18
A TORRE
A FRAGA
Monte dos Remedios
19
20
O Rachadón
Rasb
O OUTEIRO



22.



21.



01.



04.

19

03.





DESCRICIÓN DO PERCORRIDO.

É esta unha ruta moi particular ao estar a maior parte do percorrido suxeito ás marxes de distintas canles de auga: os ríos de Peitieiros e de Couso ou Rasas. Isto propicia unha paisaxe natural cuxo principal protagonista é o líquido elemento e outra construída na que tomando como fío condutor a auga queda constancia dos enxeños do campesiñado encamiñados a domesticar e rendibilizar a natureza ao longo do tempo. Este percorrido, de case 10 km., é susceptible de ser dividido en dous, tamén circulares. Ambos iniciaríanse e rematarían na parroquial e mentres o primeiro, dirixíndose cara ao norte, volvería á parroquial a través da antiga estrada real unha vez alcanzada a Ponte de Couso, a segunda, tamén a través da mesma estrada, enlazaría coa citada ponte para logo facer o tramo restante en dirección sur.

O territorio de Couso, a parroquia, aínda que morfoloxicamente integra o Val de Miñor, administrativamente non formou parte desta bisbarra ata que no ano 1836 se inclúe no Concello constitucional de Gondomar. Antes, durante o Antigo Réxime, no político e gobernativo dependía de Salceda de Caselas e no xurídico de San Miguel de Pexegueiro.

Os únicos puntos de abastecemento do percorrido emprázanse no ámbito da Retorta-As Laxes.

01. Igrexa de San Cristovo, cemiterio e casa veciñal.

Igrexa. Segundo Ávila y La Cueva a primeira noticia desta igrexa data de 1156. A actual, atendendo á inscrición da ábsida (1731) foi construída, polo menos parcialmente, no primeiro terzo do XVIII. Máis tarde, como sempre sucede, veríase sometida a múltiples reformas e ampliacións. Entre as últimas han de citarse a sancristía e o baptisterio da fachada norte unidos por un pórtico cuberto que apoia nunha columna central oitavada. Tanto a nave como a ábsida son de planta rectangular. Entre as reformas deben citarse o tapia-

DESCRIPCIÓN DE LA RUTA.

Es esta una ruta muy particular al estar la mayor parte de su recorrido sujeto a las márgenes de distintos canales de agua: los ríos de Peitieiros y de Couso o Rasas. Esto propicia un paisaje natural cuyo principal protagonista es el líquido elemento y otro construido en el que tomando como base el agua queda constancia de los ingenios del campesinado para domesticar y rentabilizar la naturaleza a lo largo del tiempo. Esta ruta, de casi 10 km., es susceptible de ser dividida en dos, también circulares. Las dos se iniciarían y rematarían en la parroquial y mientras la primera, dirigiéndose hacia el norte, volvería a la parroquial a través de la antigua estrada real una vez alcanzado el puente de Couso, la segunda, también a través de la misma estrada enlazaría con el citado puente para luego hacer el tramo restante en dirección sur.

El territorio de Couso, la parroquia, aunque morfológicamente integra el Val de Miñor, administrativamente no formó parte de esta comarca hasta que en el año 1836 se incluye en el Ayuntamiento constitucional de Gondomar. Antes, durante el Antiguo Régimen, en lo político y gobernativo dependía de Salceda de Caselas y en lo jurídico de San Miguel de Pexegueiro.

Los únicos puntos de abastecimiento de la ruta se emplazan en el entorno de A Retorta-As Laxes.

01. Iglesia de San Cristovo, cementerio y casa vecinal.

Iglesia. Según Ávila y La Cueva la primera noticia de esta iglesia data de 1156. La actual, atendiendo a la inscripción del ábside (1731), fue construida, al menos parcialmente, en el primer tercio del XVIII. Mas tarde, como siempre sucede, se vería sometida a múltiples reformas y ampliaciones. Entre las últimas han de citarse la sacristía y el baptisterio de la fachada norte unidos por un pórtico cubierto que apoya en una columna central ochavada. Tanto la nave como el ábside son de planta rectangular. Entre las reformas deben citarse

do da porta da fachada setentrional, as de restauración de 1906 citadas na inscrición do muro sur e a substitución da antiga espadana, de dobre van, pola torre-campanario cadrada actual. É unha edificación sinxela, sen apenas adornos, na que destaca a porta en arco de medio punto. Entre a imaxinaría sobresaen dúas pezas barrocas: San Xoaquín e Santa Ana.

Cemiterio. De todos os existentes no municipio, é o que menos se adapta, xunto co de Borreiros, ao concepto de cemiterio hixienista como nova tipoloxía para lugar de enterramentos imposta definitivamente a partir da chegada do Réxime Liberal. Existe un recinto valado ao sur da igrexa que convive cunha serie de nichos e panteóns situados arredor desta polos ventos norte e nacente. Entre os panteóns, de finísima cantería e variada arquitectura ecléctica, atópanse algúns promovidos por indianos da parroquia. Os mesmos indianos que sufragaron maioritariamente a actual torre campanario e levaron a termo outras accións filantrópicas.

Casa veciñal. Emprázase fronte á antiga casa de novenas, construída en 1846, dando cara ao recinto de festas en cuxa marxe contraria, precedida dun cruceiro e un falso calvario formado con restos do desaparecido viacrucis da parroquia, atópase a que foi casa reitoral. Construíuse para servizo e esparexemento da veciñanza a mediados da década dos noventa do século pasado.

02. Camiño ao Porto.

Chegamos a el despois de camiñar pola Cañota un tramo da estrada asfaltada que arranca nas Boucias, onda a parroquial. É un antigo carreiro que baixa ao lugar do Porto. Hoxe, aínda que mantén o pavimento de terra, presenta sección de maior anchura para ofrecer máis doado servizo aos tractores que sacan madeira do monte. Este camiño cruza o regato que, co mesmo nome do lugar, separa esta parroquia de Couso da de Peitieiros a través dunha moi recente pequena

el tapiado de la puerta de la fachada septentrional, las de restauración de 1906 citadas en la inscripción del muro sur y la sustitución de la antigua espadaña, de doble vano, por la torre-campanario cuadrada actual. Es una edificación sencilla, sin apenas adornos, en la que destaca la puerta en arco de medio punto. Entre la imaginería sobresalen dos piezas barrocas: San Joaquín y Santa Ana.

Cementerio. De todos los existentes en el municipio, es el que menos se adapta, junto con el de Borreiros, al concepto de cementerio higienista como nueva tipología para lugar de enterramientos impuesta definitivamente a partir de la llegada del Régimen Liberal. Existe un recinto vallado al sur de la iglesia que convive con una serie de nichos y panteones emplazados alrededor de la misma por los vientos norte y naciente. Entre los panteones, de finísima cantería y variada arquitectura ecléctica, se encuentran algunos promovidos por indianos de la parroquia. Los mismos indianos que sufragaron mayoritariamente la actual torre campanario y llevaron a término otras acciones filantrópicas.

Casa vecinal. Se emplaza frente a la antigua casa de novenas, construida en 1846, dando frente al recinto de fiestas, en cuya margen contraria, precedida de un crucero y un falso calvario formado con restos del desaparecido vía crucis de la parroquia, se encuentra la que fue casa rectoral. Se construyó para servicio y esparcimiento del vecindario a mediados de la década de los noventa del siglo pasado.

02. Camino a O Porto.

Llegamos a él después de haber caminado por A Cañota un tramo de la carretera asfaltada que arranca en As Boucias, donde la parroquial. Es un antiguo sendero que baja al lugar de O Porto. Hoy, aunque mantiene el pavimento de tierra, presenta sección de mayor anchura para dar más fácil servicio a los

ponte de formigón sobre aros metálicos. Non obstante, o máis probable é que en tempos o paso do río para carros, dada a pouca profundidade e mínimo caudal, se resolvese mediante unhas lousas de pedra asentadas no propio leito deste, segundo dá a entender o topónimo do lugar. A nosa ruta xira á esquerda antes de cruzar a ponte. Este río na súa totalidade coñécese como de Peitieiros.

03. Muíño do Porto.

Muíño fora de uso que veremos na outra beira do río. Emprázase no mesmo lugar do Porto pero na parroquia de Peitieiros. É unha peza de pequenas dimensións, con cuberta a unha soa auga, que no tremiñado dispuxo dunha soa moega sobre un corpo de trituración (pé e moa) cuxa forza hidráulica lle chegaba a través do eixe ou touzo dende o rodicio situado no inferno. Conserva o cubo, de sección cadrada, ao que chegaba a auga da levada por un tramo final realizado totalmente en granito asentado sobre un groso muro do mesmo material. O cubo ou pozo era o sistema utilizado para os abastecidos por canles de mínimo ou irregular caudal. Ao lado da porta de entrada aínda mantén parcialmente o antigo pousadoiro utilizado como axuda nas tarefas de carga e descarga. Non existe ningunha simboloxía de protección. Foi un muíño dos denominados de herdeiros (único grupo de campesiños que moían nel) e tamén se coñeceu como das Rasas.

04. Ponte da Banda.

Tras un tramo de río encaixado entre muros de cachotaría de granito aparece esta sinxela pero fermosa pequena ponte peonil resolta totalmente en pedra. É unha tipoloxía tradicional de paso moi utilizada na arquitectura vernácula. Neste caso componse de tres vans resoltos a base de lousas planas para a calzada asentadas en estribos a ambas as dúas marxes do río e cepas centrais. Non supera os oitenta centímetros de ancho.

tractores que sacan madera del monte. Este camino cruza el regato que, con el mismo nombre del lugar, separa esta parroquia de Couso de la de Peitieiros a través de un muy reciente pequeño puente de hormigón sobre aros metálicos. Sin embargo, lo más probable es que en tiempos el paso del río para carros, dada su poca profundidad y mínimo caudal, se resolviera mediante unas losas de piedra asentadas en el propio lecho del mismo, según da a entender el topónimo del lugar. Nuestra ruta gira a la izquierda antes de cruzar el puente. Este río en su totalidad se conoce como de Peitieiros.

03. Molino de O Porto.

Molino fuera de uso que veremos al otro lado del río. Se emplaza en el lugar de O Porto pero en la parroquia de Peitieiros. Es una pieza de pequeñas dimensiones, con cubierta a una sola agua, que en el "tremiñado" dispuso de una sola "moega" sobre un cuerpo de trituración (pie y muela) cuya fuerza hidráulica le llegaba a través del eje o "touzo" desde el "rodicio" emplazado en el "inferno". Conserva el "cubo", de sección cuadrada, al que llegaba el agua de la "levada" por un tramo final realizado totalmente en granito asentado sobre un grueso muro del mismo material. El "cubo" o pozo era el sistema utilizado para los abastecidos por cauces de mínimo o irregular caudal. Al lado de la puerta de entrada todavía mantiene parcialmente el antiguo "pousadoiro" utilizado como ayuda en las tareas de carga y descarga. No existe ninguna simbología de protección. Fue un molino de los denominados "de herdeiros" (único grupo de campesinos que molían en él) y también se conoció como "das Rasas".

04. Puente de A Banda.

Tras un tramo de río encajado entre muros de mampostería de granito aparece este sencillo pero hermoso pequeño puente peatonal resuelto totalmente en piedra. Es una tipología tradicional de paso muy utilizada

05. Paso de poldras.

En distintos puntos desta ruta mantense o nome común "poldras" asociado ao topónimo do lugar pero rara vez a constatación física do paso. Foi esta unha das solucións construtivas empregadas polo campesiñado para cruzar canles de pequeno caudal. Consistía na aliñación dunha serie de pedras, máis ou menos traballadas, colocadas en sentido perpendicular ao da corrente que, emerxendo da auga, servían para que as persoas puidesen cruzar sen mollar os pés. Os animais facíano en paralelo a través do leito do río. Cando, como neste caso, as pezas están exentas de todo traballo de cantería e non se fincan no leito da canle o máis correcto sería citar a solución como "pasadoiro". Neste caso o topónimo completo é Poldras do río da Gandra. É usual que estas canles de pequena entidade vaian tomando nomes distintos á medida que cruzan diferentes paraxes, que é o que sucede neste caso.

06. Ponte do Candal.

O único valor desta ponte é facer posible a circulación de vehículos automóbiles sobre o río no lugar, comunicando as parroquias de Couso e Peitieiros. Poucos metros augas arriba existe outra, antiga e tradicional, a base de lousas de pedra, ampliada en anchura, que coa construción desta viu diminuído o seu uso.

07. Ponte dos Amados.

Neste lugar existiu ata non hai moitas décadas unha ponte alintelada de lousas de pedra que foi substituída pola actual. O razoamento, como tantas veces, foi un mal entendido concepto de modernidade.

08. Antigo muíño hidráulico das Rasas.

A pouca distancia da ponte, á marxe dereita dun tramo de camiño que aínda conserva parte do antigo pavimento de pedra marcado coas rodeiras ou rilleiras do continuo pasar de carros, emprázanse os restos deste muíño. Aquí o río vai moi profundo e encaixado en la arquitectura vernácula. En este caso se compone de tres vanos resueltos a base de losas planas para la calzada asentadas en estribos a ambas márgenes del río y cepas centrales. No sobrepasa los ochenta centímetros de ancho.

05. Paso de "poldras".

En distintos puntos de esta ruta se mantiene el nombre común "poldras" asociado al topónimo del lugar pero rara vez la constatación física del paso. Fue esta una de las soluciones constructivas empleadas por el campesinado para cruzar cauces de pequeño caudal. Consistía en la alineación de una serie de piedras, más o menos trabajadas, colocadas en sentido perpendicular al de la corriente que, emergiendo del agua, servían para que las personas pudieran cruzar sin mojarse los pies. Los animales lo hacían en paralelo a través del lecho del río. Cuando, como en este caso, las piezas están exentas de todo trabajo de cantería y no se hincan en el lecho del cauce lo más correcto sería citar la solución como "pasadoiro". En este caso el topónimo completo es Poldras do Río da Gandra. Es usual que estos cauces de pequeña entidad vayan tomando nombres distintos a medida a cruzan diferentes parajes, que es lo que sucede en este caso.

06. Puente de O Candal.

El único valor de este puente es hacer posible la circulación de vehículos automóviles sobre el río en el lugar, comunicando las parroquias de Couso y Peitieiros. Pocos metros aguas arriba existe otro, antiguo y tradicional, a base de losas de piedra, ampliado en anchura, que con la construcción de este vio disminuido su uso.

07. Puente de Os Amados.

En este lugar existió hasta no hace muchas décadas un puente adintelado de losas de piedra que fue sustituido por el actual. El razonamiento, como tantas veces, fue un mal entendido concepto de modernidad.

e entre a vexetación destacan notables exemplares de loureiro. O muíño, dunha moega e tellado a unha soa pendente, hoxe desaparecido, perdeu a canle que o abastecía. Na xamba dereita da porta de acceso ao tremiñado conserva en baixo relevo unha das cruces que a miúdo se gravaban con fins protectores. Debido á pronunciada pendente do terreo, o inferno ten unha altura considerable.

09. Campo de birlos celta.

Atópase lixeiramente apartado do percorrido. Este xogo-deporte tradicional, protexido pola lei galega de Patrimonio, ten o seu máximo arraigamento e presenza dentro de Galicia no Val de Miñor e terras de Tomiño. Aínda así, non coñecemos ningún recinto de xogo resolto con gusto e esmero; case sempre se aproveitou algún espazo residual de terra comunal para instalar a boleira. Este da Carballisa foi construído coa chegada do século XX, remodelado moito tempo máis tarde, e estivo en activo ata a primeira década do XXI. Nel, como en todos os demais, competiuse por bos galos, carneiros, viños do país e outros trofeos; logo apareceu a Federación. Foi na primeira década deste século cando se construíu a edificación anexa e, aínda manténdose como punto de reunión para a veciñanza, o motivo pasou a ser soamente festivo-gastronómico.

10. A Ponte de Couso.

Esta ponte non ten especiais valores arquitectónicos e foi reconstruída parcialmente (peitorís e consolidación puntual da fábrica desestabilizada por unha enchente do río Rasas ou de Couso) arredor do cambio de milenio. Algúns anos despois pavimentouse con asfalto o tramo de vía que dende As Laxes chega a el. A súa fábrica está executada en cachotaría ruda de gran tamaño na que incorpora un único ollo rectangular de desenvolvemento vertical pechado superiormente por 10 lousas de grande espesor. Non se coñece a súa orixe que á forza ha de estar vinculada ao da vía servida se ben esta, o camiño, aquí parece tivo anteriormente

08. Antiguo molino hidráulico de As Rasas.

A poca distancia del puente, al margen derecho de un tramo de camino que todavía conserva parte del antiguo pavimento de piedra marcado con las "rodeiras" del continuo pasar de carros, se emplazan los restos de este molino. Aquí el río va muy profundo y encajado y entre la vegetación destacan notables ejemplares de laurel. El molino, de una "moega" y tejado a una sola pendiente, hoy desaparecido, perdió el canal que le abastecía. En la jamba derecha de la puerta de acceso al "tremiñado" conserva en bajo relieve una de las cruces que a menudo se grababan con fines protectores. Debido a la pronunciada pendiente del terreno, el "inferno" tiene una altura considerable.

09. Campo de bolos celta.

Se encuentra ligeramente apartado de la ruta. Este juego-deporte tradicional, protegido por la ley gallega de Patrimonio, tiene su máximo arraigo y presencia dentro de Galicia en el Val de Miñor y tierras de Tomiño. Aún así, no conocemos ningún recinto de juego resuelto con gusto y esmero; casi siempre se aprovechó algún espacio residual de tierra comunal para instalar la bolera. Este de A Carballisa fue construido con la llegada del siglo XX, remodelado mucho tiempo más tarde, y estuvo en activo hasta la primera década del XXI. En él, como en todos los demás, se compitió por buenos gallos, carneros, vinos del país y otros trofeos; después apareció la Federación. Fue en la primera década de este siglo cuando se construyó la edificación anexa y aún manteniéndose como punto de reunión para la vecindad el motivo pasó a ser solamente festivo-gastronómico.

10. Puente de Couso.

Este puente no tiene especiales valores arquitectónicos y fue reconstruido parcialmente (pretiles y consolidación puntual de la fábrica desestabilizada por una crecida del río Rasas o de Couso) en torno al cambio de milenio. Algunos años después se pavimentó con asfalto el tramo de vía que desde As Laxes llega a

distinto trazado. Aínda existen vestixios topográficos que dan a entender que á altura do actual tanque de auga, segundo baixada de As Laxes, o camiño xiraba levemente á esquerda para baixar en dirección ao río e cruzalo, sen saber como, non hai evidencias, facer o propio coa Levada do Conde e volver á traza actual antes de atoparse coa PO-340. Esta tese parece queda referendada polos lindeiros recollidos nalgunha escritura de propiedade de terreos confinantes.

Documentos do arquivo histórico de Baiona recollen os moitos problemas que presentaban calzadas e pontes no século XVI. É coñecida a ameaza de derruba por rotura do único arco da ponte de Veiga a principio do citado século, no camiño de Tui, o que obrigaba dende cinco anos atrás a cruzar polo río, pero aínda non fomos quen de situala no territorio.

Apenas cruzada en dirección poñente atopámonos coa Levada do Conde abastecida polo tamén Peirao do Conde situado uns cen metros río arriba.

11. Presa do Conde.

O lugar debe estar transformado. Neste punto do río Couso ou das Rasas desvíase a auga que abastece a Levada do Conde seguramente dende inicios do XVII se ben a súa existencia esta constatada no XVIII. Regaba as terras de Randufe, Bade e o condado ata o río que baixa de Morgadáns, nas Cercas, ademais de subministrar enerxía hidráulica ao serradoiro e os dous muíños do Roque, ao de Covellas e aos dous de Veigadraga. Na repartición de augas para regadío ao condado correspondíalle a de todos os sábados e domingos. Ademais o condado tiña un mínimo continuo que se correspondía co que pasaba por unha pedra furada colocada nunha arqueta de desviación emprazada despois dos muíños de Veigadraga. A levada aínda se utiliza parcialmente.

12. Pontillón do Candal.

Moi humilde paso sobre non menos humilde canle de auga, sobre todo en verán. Consta dunha

él. Su fábrica está ejecutada en mampostería tosca de gran tamaño en la que se incorpora un único ojo rectangular de desarrollo vertical cerrado superiormente por 10 losas de gran espesor. No se conoce su origen, que a la fuerza ha de estar vinculado al del vial servido si bien este, el vial, aquí parece tuvo anteriormente distinta trazada. Todavía existen vestigios topográficos que dan a entender que a la altura del actual tanque de agua, según bajada de As Laxes, el camino giraba levemente a la izquierda para bajar en dirección al río y cruzarlo, sin saber como, no hay evidencias, hacer lo propio con A Levada do Conde y volver a la trazada actual antes de encontrarse con la PO-340. Esta tesis parece queda refrendada por los linderos recogidos en alguna escritura de propiedad de fincas confinantes.

Documentos del archivo histórico de Baiona recogen los muchos problemas que presentaban calzadas y puentes en el siglo XVI. Es conocida la amenaza de derrumbe por rotura del único arco del puente de Veiga a principio del citado siglo, en el camino de Tui, lo que obligaba desde cinco años atrás a cruzar por el río, pero todavía no hemos sido capaces de ubicarlo en el territorio.

Apenas cruzado en dirección poniente nos encontramos con la Levada do Conde alimentada por el Peirao do Conde emplazado unos cien metros río arriba.

11. Presa do Conde.

El lugar debe estar transformado. En este punto del río Couso o de As Rasas se desvía el agua que abastece la Levado do Conde seguramente desde inicios del XVII si bien su existencia esta constatada en el XVIII. Regaba las tierras de Randufe, Bade y el condado hasta el río que baja de Morgadáns, en As Cercas, además de suministrar energía hidráulica al aserradero y los dos molinos de O Roque, al de Covellas y a los dos de Veigadraga. En el reparto de aguas para regadío al condado le correspondía la de todos los sábados y domingos. Además el condado tenía un mínimo continuo que se correspondía con lo que pasaba por una pie-

lousa de granito que, para salvar o desnivel existente entre as marxes do regato, remata pola cara sur con dous descontrolados chanzos do mesmo material.

13. Muíños hidráulicos do Candal.

Son dous, colocados de tal xeito que a auga dun, ao saír do inferno, abastecían o outro. Están arruinados; tan só se mantén en pé a fábrica de pedra. O de abaixo foi dos denominados de canle, dunha moega, tivo cuberta a unha soa vertente e posuíu pousadoiro que aínda conserva. Na contorna da porta conserva cruces de protección. O de arriba tamén é dunha moega, tivo cuberta a unha auga, conserva signos de protección na porta pero, a diferenza do anterior, é de cubo ou pozo.

Deixando os muíños á nosa esquerda, a ruta segue pola arruinada levada que os abastecía de auga.

14. Muíños do Ferreiro.

Neste caso tamén son dúas unidades, ambos os dous reconstruídos parcialmente en ladrillo, rectangulares con cuberta a unha vertente, unha moega e da tipoloxía denominada de cubo. Están arruinados e a levada totalmente destruída.

15. A Ponte.

Formou parte dun camiño que desapareceu do sistema viario da parroquia. Daba paso sobre o río ao que vindo das Vacarias pasaba pola Feira e A Areiña en dirección á Torre e aos Remedios. É unha peza que recorda a Ponte de Couso. Neste caso a fábrica está mellor tratada, o alintelado do oco descansa, aínda sexa parcialmente, sobre mochetas e o ancho da plataforma de paso é de 2,00 m., aproximadamente, máis peitorís, inferior á ponte citada. A día de hoxe necesitaría obras de consolidación da fábrica para evitar a súa inmediata derruba. Tamén de limpeza da terra e vexetación que colmata o paso alintelado da antiga levada que a cruza.

dra taladrada colocada en una arqueta de desviación emplazada después de los molinos de Veigadraga. La levada todavía se utiliza parcialmente.

12. Pontillón de O Candal.

Muy humilde paso sobre no menos humilde cauce de agua, sobre todo en verano. Consta de una losa de granito que, para salvar el desnivel existente entre las márgenes del regato, remata por la cara sur con dos descontrolados peldaños del mismo material.

13. Molinos hidráulicos de O Candal.

Son dos, colocados de tal manera que el agua de uno, al salir del "inferno", abastecía al otro. Están arruinados; tan solo se mantiene en pie la fábrica de piedra. El de abajo fue de los denominados "de canle", de una "moega", tuvo cubierta a una sola vertiente y poseyó "pousadoiro" que todavía conserva. En el entorno de la puerta conserva cruces de protección. El de arriba también es de una "moega", tuvo cubierta a una sola agua, conserva signos de protección en la puerta pero, a diferencia del anterior, es de "cubo" o pozo.

Dejando los molinos a nuestra izquierda, la ruta sigue por la arruinada "levada" que los surtía de agua.

14. Molinos de O Ferreiro.

En este caso también son dos unidades, ambos reconstruidos parcialmente en ladrillo, rectangulares con cubierta a una vertiente, de una "moega" y de la tipología denominada "de cubo". Están arruinados y la "levada" totalmente destruida.

15. A Ponte.

Formó parte de un camino que desapareció del sistema viario de la parroquia. Daba paso sobre el río al que viniendo de As Vacarias pasaba por A Feira y A Areíña en dirección a Torre y Os Remedios. Es una pieza que recuerda al Puente de Couso. En este caso la fábrica está mejor tratada, el adintelado del hueco descansa, aunque sea parcialmente, sobre mochetas y el

16. Muíño do Cabo.

Último dos exemplares arruinados e fóra de uso que conservan a súa estrutura pétrea nesta ruta antes de chegar á PO-341. É unha peza dos tipoloxicamente coñecidos como de canle, de planta rectangular con cuberta a unha soa pendente, e dunha moega no tremiñado. Aínda conserva os gravados cruciformes de protección. Está arruinado.

17. Muíño do Casal.

Tras cruzar a través da ponte pétrea en arco de semicircunferencia a estrada PO-341, que a través de Peitieiros, Chaín e Morgadáns comunica cos Arcos, en Vincios, e xirar á dereita, tras camiñar un treito en paralelo a unha canle de auga, chegamos a este atractivo muíño. A localización nun terreo con pronunciada pendente aprovéitase para colocar unha canle pétrea descuberta, que abasteceu de auga o rodicio do inferno, e obrigou a enxeñar unhas escaleiras de acceso colocadas a partir da levada. Aínda mantén restos da cuberta de tella a unha vertente sobre estrutura de madeira, o antigo pousadoiro e algunhas cruces de protección. Tivo unha moega. Necesita consolidación estrutural para evitar a derruba.

18. Pontella do Casal.

Humilde paso pétreo dun só van. É de uso peonil e servía como lugar de paso ata os muíños para as xentes dos barrios da Torre e Os Remedios.

19. Muíño da Rañada.

É o máis importante, dende o punto de vista monumental, de todos os existentes nesta ruta. É un muíño de cubo ao cal chegaba a auga a través dunha canle pétrea elevada sobre piares de pedra combinados con lenzos macizos do mesmo material. A zona alintelada funcionaba como paso e achegamento ao muíño, desembocando nun espazo a ceo aberto ante a porta de acceso a este no que se conserva, aínda que desestabilizado, o primitivo pousadoiro. Ten cuberta a

ancho de la plataforma de paso es de 2,00 m., aproximadamente, más pretiles, inferior al puente citado. A día de hoy necesitaría obras de consolidación de la fábrica para evitar su inmediato derrumbe. También de limpieza de la tierra y vegetación que colmata el paso adintelado de la antigua "levada" que lo atraviesa.

16. Molino de O Cabo.

Último de los ejemplares arruinados y fuera de uso que conservan su estructura pétrea en esta ruta antes de llegar a la PO-341. Es una pieza de los tipológicamente conocidos como "de canle", de planta rectangular con cubierta a una sola pendiente, y de una "moega" en el "tremiñado". Todavía conserva los grabados cruciformes de protección. Está arruinado.

17. Molino de O Casal.

Tras cruzar a través del puente pétreo en arco de semicircunferencia la carretera PO-341, que a través de Peitieiros, Chaín y Morgadáns comunica con Os Arcos, en Vincios, y girar a la derecha, tras caminar un trecho en paralelo a un canal de agua llegamos a este atractivo molino. Su emplazamiento en un terreno con pronunciada pendiente se aprovecha para colocar un canal pétreo descubierto, que abasteció de agua al "rodicio" del "inferno", y obligó a ingeniar unas escaleras de acceso colocadas a partir de la "levada". Aún mantiene restos de la cubierta de teja a una vertiente sobre estructura de madera, el antiguo "pousadoiro" y algunas cruces de protección. Tuvo una "moega". Necesita consolidación estructural para evitar el derrumbe.

18. Pontella de O Casal.

Humilde paso pétreo de un solo vano. Es de uso peatonal y servía como lugar de paso hasta los molinos para las gentes de los barrios de A Torre y Os Remedios.

19. Molino de A Rañada.

Es el más importante, desde el punto de vista monumental, de todos los existentes en esta ruta. Es un

unha auga, mantendo parcialmente a antiga estrutura de madeira e parte da tella, unha mesa-pousadoiro interior de pedra, e foi dunha moega da que só se conservan as pedras de moenda. Nas xambas da porta ten seis cruces de protección, tres en cada unha, e unha sétima no lintel. Neste tamén existe unha lenda que non fomos quen de transcribir. Sería importante consolidar a estrutura.

20. Cruceiro da Fraga.

Ocupa unha encrucillada poboada de casas. Igual que tantas outras veces, os veciños chaman cruceiro ao que non pasa de cruz de alto varal. Isto vén dado porque a parte antropolóxica do monumento, a que realmente lles interesa ás xentes do rural, queda igual de cuberta por ambas as dúas manifestacións. Trátase dunha peza composta de plataforma con tres chanzos e pedestal que perdera a cruz na década dos cincuenta do século pasado. Recentemente, en 2010, a Comunidade de Montes en Man Común de Couso restituíuna.

21. Vistas Panorámicas.

Excepcionais vistas do peche montañoso do Val de Miñor polo vento norte. Empezan a poñente, no Atlántico e polo tanto fóra do Miñor, coas Illas Cíes. Logo móstrase dominante o Montecastelo e, por detrás, aparece o Maúxo co Alba para continuar coas Gallas do Galiñeiro e, na mesma Serra, O Curutiño. Aos pés destas montañas aparecen os asentamentos poboacionais das parroquias de Camos, Vilaza, Vincios, Chaín e Morgadáns.

22. Peto de ánimas da Bastida.

Sitúase na encrucillada formada pola calzada real e o camiño que comunica As Vacarias coa Feira. O corpo máis importante, dende as ópticas artística e simbólica, deste monumento construído en 1822 é o segundo, o retablo, cuxo sólido capaz, incluíndo o remate, mide 0,57x0,43 m. en planta e 1,10 m. de al-

molino "de cubo" al cual llegaba el agua a través de un canal pétreo elevado sobre pilares de piedra combinados con lienzos macizos del mismo material. La zona adintelada funcionaba como paso y acercamiento al molino, desembocando en un espacio a cielo abierto ante la puerta de acceso al mismo en el que se conserva, aunque desestabilizado, el antiguo "pousadoiro". Tiene cubierta a un agua, manteniendo parcialmente la antigua estructura de madera y parte de la teja, una mesa-pousadoiro interior de piedra, y tuvo una "moega" de la que solo se conservan las piedras de molienda. En las jambas de la puerta tiene seis cruces de protección, tres en cada una, y una séptima en el dintel. En este también existe una leyenda que no fuimos capaces de transcribir. Sería importante consolidar la estructura.

20. Crucero de A Fraga.

Ocupa una encrucijada poblada de casas. Igual que tantas otras veces, los parroquianos llaman crucero a lo que no pasa de cruz de alto varal. Esto viene dado por que la parte antropológica del monumento, la que realmente les interesa a las gentes del rural, queda igual de cubierta por ambas manifestaciones. Se trata de una pieza compuesta de plataforma con tres escalones y pedestal que había perdido la cruz en la década de los cincuenta del siglo pasado. Recientemente, en 2010, la Comunidade de Montes en Man Común de Couso la restituyó.

21. Vistas Panorámicas.

Excepcionales vistas del cierre montañoso del Val de Miñor por el viento norte. Empiezan a poniente, en el Atlántico y por lo tanto fuera del Miñor, con las Illas Cíes. Luego se muestra dominante el Montecastelo y, por detrás, aparece el Maúxo con el Alba para continuar con las Gallas de O Galiñeiro y, en la misma Sierra, O Curutiño. A los pies de estas montañas aparecen los asentamientos poblacionales de las parroquias de Camos, Vilaza, Vincios, Chaín y Morgadáns.

tura. A representación do purgatorio consiste en só tres almiñas comúns entre lapas. É un traballo ben executado, en alto relevo e con restos visibles de policromía. A composición ten forma triangular pola parte superior acompañando dalgún modo ao falso tellado pétreo de dobre pendente que pecha o conxunto. Ao pé das lapas, sobre a segunda meseta do pedestal, sitúase o peto para as esmolas. Diante delas, rodeando a meseta, aparece unha minúscula reixa de fundición de ferro que parece ser posterior. Tamén é posterior, esta con toda seguridade, a peza de ferro forxado ancorada ao muro, á esquerda do monumento segundo se ve, ideada para colocar candeas. O peto aínda ten culto.

23. As Laxes.

A pouco de pasar na Retorta a encrucillada do camiño que sobe á Feira, onde en tempos se celebrou unha de gando, chegamos ao barrio das Laxes. Nel, un cruceiro. En realidade é outra cruz alta á que din cruceiro polo mesmo razoamento exposto para a da Fraga. Foi derrubada por un vehículo a motor hai uns corenta anos e recomposta pola Comisión organizadora das festas de san Cristovo daquel verán aproveitando parte doutra de moito menor sección do antigo viacrucis da parroquia para facer o remate. Está colocada na encrucillada que forma a antiga estrada real de Tui a Baiona co camiño que baixa á parroquial nas Boucias. Despois deste barrio xa non hai casas no camiño real ata chegar á Feira da Doce, en Gondomar.

22. "Peto" de ánimas de A Bastida.

Se emplaza en la encrucijada formada por la calzada real y el camino que comunica As Vacarias con A Feira. El cuerpo más importante, desde las ópticas artística y simbólica, de este monumento construido en 1822 es el segundo, el retablo, cuyo sólido capaz, incluyendo el remate, mide 0,57x0,43 m. en planta y 1,10 m. de altura. La representación del purgatorio consiste en solo tres "almiñas" comunes entre llamas. Es un trabajo bien ejecutado, en alto relieve y con restos visibles de policromía. La composición tiene forma triangular por la parte superior acompañando de algún modo al falso tejado pétreo de doble pendiente que cierra el conjunto. Al pie de las llamas, sobre la segunda meseta del pedestal, se sitúa el peto para las limosnas. Delante de ellas, rodeando la meseta, aparece una minúscula reja de fundición de hierro que parece ser posterior. También es posterior, esta con toda seguridad, la pieza de hierro forjado anclada al muro, a la izquierda del monumento según se ve, ideada para colocar candelas. El peto todavía tiene culto.

23. As Laxes.

A poco de pasar en A Retorta la encrucijada del camino que sube a "A Feira", donde en tiempos se celebró una de ganado, llegamos al barrio de As Laxes. En él, un crucero. En realidad es otra cruz alta a la que dicen crucero por el mismo razonamiento expuesto para la de A Fraga. Fue derribada por un vehículo a motor hace unos cuarenta años y recompuesta por la Comisión organizadora de las fiestas de san Cristobal de aquel verano aprovechando parte de otra de mucho menor sección del antiguo vía crucis de la parroquia para hacer el remate. Está colocada en la encrucijada que forma la antigua estrada real de Tui a Baiona con el camino que baja a la parroquial en As Boucias. Después de este barrio ya no hay casas en el camino real hasta llegar a Feira da Doce, en Gondomar.

DATOS DE INTERESE

Tipo de percorrido: Circular
Distancia: 9,8 km.
Dificultade: Moderada
Desnivel acumulado: 348 m.
Tempo aproximado: 2 h 40 min





PEITIEIROS. DA PARROQUIAL A PIÑEIRO E AO CURUTO

01. Igrexa de San Miguel 02. Cemiterio indiano 03. Cruceiro de Canelas 04. Peto das ánimas de Piñeiro 05. Pazo de Troncoso 06. Pazo de Piñeiro 07. Antiga pousa arruinada 08. Muíños da Serra 09. Conxunto etnográfico e pintoresco do Palame 10. Xacemento arqueolóxico do Curuto 11. Presa de regadío e fonte da Freixa 12. Reitoral e torreiro vello


0
300 M.
O BARREIRO
OS AMADOS
07
08
OS MUIÑOS NOVOS
05
06
PIÑEIRO
Rio
de
Ponte da Varga
04
Os Piñeiros
Rio
Touteiras
Morgadáns
Cristo-María
Gaspar
09
A PEROLEIRA
10
O MONTE REAL
Cemiterio
02
Igrexa
01
12
11
TOUTEIRAS
Cruceiro
A GÁNDARA
O PIBIDAL
03



09.



04



05.



03.



08.

08.



06.



DESCRICIÓN DO PERCORRIDO.

Esta parroquia, situada ao leste do municipio, nas abas da Serra do Galiñeiro, xa en dirección ao Monte Aloia, consideran algúns autores, dende que Ávila y La Cueva o citou por primeira vez que no século XII, xunto con Chaín, formaba parte de Morgadáns. A causa de tal aseveración foi atopar documentos desa época, e mesmo posteriores, nos que se menciona a Morgadáns coas actuais advocacións de Chaín e Peitieiros; pero tamén cabe a posibilidade de que senllos territorios, con advocación propia segundo acabamos de citar, formasen parte dunha xurisdición cuxa cabeza ostentase Morgadáns. En todo caso, nunha escritura de doazón do rei Afonso IX, do ano 1196, queda xa recollida como advocación de Peitieiros a de San Miguel.

O Percorrido levaranos ata algúns dos lugares e arquitecturas historicamente máis importantes da parroquia se ben, ha de recoñecerse, parte delas, principalmente no apartado das Casas Grandes, cun grao alto de degradación. Tamén o abandono da irrecuperable agricultura contribúe ao xeral descenso na calidade da paisaxe. Aínda así, entendemos que paga a pena.

Durante todo o percorrido só nos atoparemos co Centro Cultural da parroquia como local de asistencia. Emprázase no recinto de festas pero como inconveniente hai que citar o seu caprichoso horario.

01. Igrexa de San Miguel.

No interior localízanse varios perpiaños con marcas de canteiro que poderían ser testemuño dunha procedencia medieval, se ben é certo que este tipo de marcado do traballo en pedra se seguiu utilizando, con símbolos máis sinxelos e máis xeométricos, durante parte da Idade Moderna. Tamén na reconstruída portada principal existen restos románicos de orixe incerta. Antes da reconstrución, alá polos anos corenta do século pasado, a fachada, seguramente

DESCRIPCIÓN DE LA RUTA.

01. O Padrón. A Portela 02. Petróglifos da Regueira dos Barreiros 03. Fonte e cruceiro da Santa 04. Cruceiro e capela dos Remedios 05. Do Lugar ás Casas do Monte 06. A Forca de Lobos 07. A Feira da Doce 08. Pazo do Conde de Gondomar 09. Núcleo monumental de Moreira 10. A Ponte 11. Cruceiro do Acordo 12. Pousa de Fontán 13. Variante pola Paradela 14. O Portelo de Vilaza 15. Pazo de Pampillón 16. Variante de Santa María 17. A Areíña 18. Subida ao Montecastelo 19. Petróglifos dos Pociños 20. Pazo do Barreiro 21. Petróglifos de Castro Mendes 22. O Tumbio e o Castro da Matanza 23. Muíños e ponte do Seixidal 24. Igrexa románica de Santa Mariña 25. Ponte do Muíño Gaiteiro e muíños naviculares 26. A Pasaxe. Marco xurisdicional


0
3000 M.
Concello de Vigo
Concello de Nigrán
Concello de O Porriño
Concello de Baiona
Concello de Tomiño
Concello de Tui
A PASAXE
A FRAGA
O SALGUEIRO
VINCIOS
ERVILLAS
Galiñeiro
O TUMBIO
OS CASÁS
O FOXO
A AREIA
A ROCHELA
REGODAGUA
A PRESA
A MOURISCA
VILAS
GONDOMAR
O BURGOVEDRO
A ESTRADA
ATORRE
MORGADÁNS
MAÑUFE
PRADO
O BARREIRO
AS CRUCES
SEIDÓNS
AS MEANS
O MOSTEIRO
PEITIEIROS
O LOUSADO
A ESTRADA
SANTO ANDRÉ
NANDE
A BOUCIA
COUSO
A BASTIDA
O CASTRO
SAN CIBRÁN
OS REMEDIOS
A PORTAVEDRA
ABROLLIDO
A PORTELA
01
02
03
04
05
06
07
08
09
10
11
12
13
14
15
16
17
18
19
20
21
22
23
24
25
26



15.



02.



11.



04.



12.

10.



08.



DESCRICIÓN DO PERCORRIDO.

Todo camiño é elemento básico na ordenación do territorio, podendo presentarse con diferentes rangos e categorías. Nesta ocasión imos centrarnos nun dos de xerarquía superior para o contexto que atravesa dende o medievo. Este camiño basicamente comercial que a través do paso natural da Portela comunicaba as terras de Riba de Miño e o Val de Tebra coas do Val de Miñor formou parte historicamente doutro que ademais do carácter comercial ten asociada unha acepción ritual. O Camiño da Nosa Señora do Norte, nome asignado por Manuel Inácio Fernandes da Rocha, un dos seus máximos estudosos portugueses, sepárase do central de peregrinación en Barcelos -Portugal- e logo de pasar polos municipios de Viana do Castelo, Camiña e Vila Nova de Cerveira entra en Galicia por Goián. A primitiva barca tiña desembarcadoiro ao pé da Fortaleza de San Lourenzo e tras bordear o Pazo-Torre dos Correa a vía pasa a Estás e logo ao Mosteiro e O Seixo, en Tomiño, para continuar por Pousadela e Hospital, onde o topónimo fai referencia ao que existiu para peregrinos dende 1295, segundo referiu Hipólito de Sa. A continuación tira cara a Tebra e logo sobe por Cima de Vila para entrar no municipio de Gondomar pola Portela de Couso. Pasa pola capela dos Remedios e dende aí segue baixando ao pé da Forca de Lobos ata A Feira da Doce, na Estrada. Bordeando o Pazo do Conde de Gondomar continúa por Pousada ata aproximarse á parroquial de Mañufe e logo vai ao barrio da Ponte para atravesar o Río Miñor. Segue polo Cruceiro do Acordo, pasa pola Pousa de Fontán e xa entra na parroquia de Vilaza polo Cruceiro do Portelo. Continúa por diante do Pazo de Pampillón e chega á Areiña, lugar a partir do cal coincide coa estrada real de Baiona ao Porriño ata O Tumbio, en Vincios. A continuación polo barrio da Rocha chega ao Muíño Gaiteiro e dende alí, por detrás da Pasaxe, entra no actual concello de Vigo por Valadares. O

DESCRIPCIÓN DE LA RUTA.

Todo camino es elemento básico en la ordenación del territorio, pudiendo presentarse con diferentes rangos y categorías. En esta ocasión vamos centrarnos en uno de los de jerarquía superior para el contexto que atraviesa desde el medievo. Este camino básicamente comercial que a través del paso natural de A Portela comunicaba las tierras de Riba de Miño y el Val de Tebra con las del Val de Miñor formó parte históricamente de otro que además del carácter comercial tiene asociada una acepción ritual. El camino de A Nosa Señora do Norte, nombre asignado por Manuel Inácio Fernandes da Rocha, uno de sus máximos estudiosos portugueses, se separa del central de peregrinación en Barcelos -Portugal- y luego de pasar por los municipios de Viana do Castelo, Camiña y Vila Nova de Cerveira entra en Galicia por Goián. La primitiva barca tenía desembarcadero al pie de la Fortaleza de San Lorenzo y tras bordear el Pazo-Torre de los Correa la vía pasa a Estás y luego a O Mosteiro y O Seixo, en Tomiño, para continuar por Pousadela y Hospital, donde el topónimo hace referencia al que existió para peregrinos desde 1295, según refirió Hipólito de Sa. A continuación tira cara a Tebra y luego sube por Cima de Vila para entrar en el municipio de Gondomar por la Portela de Couso. Pasa por la capilla de los Remedios y desde ahí sigue bajando al pie de A Forca de Lobos hasta A Feira da Doce, en A Estrada. Bordeando el Pazo del Conde de Gondomar continúa por Pousada hasta aproximarse a la parroquial de Mañufe y luego va al barrio de A Ponte para atravesar el Río Miñor. Sigue por el Cruceiro do Acordo, pasa por la Pousa de Fontán y ya entra en la parroquia de Vilaza por el Cruceiro do Portelo. Continúa por delante del Pazo de Pampillón y llega a la Areiña, lugar a partir del cual coincide con la estrada real de Baiona a O Porriño hasta O Tumbio, en Vincios. A continuación por el barrio de A Rocha llega al Muíño Gaiteiro y desde allí, por detrás

camiño continúa polas Furnas e a zona alta da igrexa de Castrelos para cruzar a Gran Vía e por Romil, a Falperra e Afonso XII, chegar á Colexiata. Dende aquí segue polo Areal ata a vila de Redondela onde volve enlazar co camiño central a Compostela.

A profesora Torres Luna incorpora unha variante ao tramo citado. Dende preto da Areiña faino descender ata a parroquial de Parada de Miñor e continuar ata as proximidades de Ceán, en Nigrán, onde se une ao que vindo por Oia e Baiona en dirección a Vigo e Redondela entraba en Galicia pola barca de Camposancos, a terceira do Baixo Miño con Goián e Tui. Río arriba existiron outras.

A ruta que propoñemos coincide co trazado completo da vía ao paso polo municipio. Atoparemos varios puntos de abastecemento.

01. O Padrón. A Portela.

No antigo e, en tempos, importante camiño procedente de Malvas e Pexegueiro, polo que chegaba ao Alto do Padrón unha variante do da Nosa Señora do Norte dende Taborda, a pouca distancia do topónimo A Cruz das Ánimas do Padrón onde á forza debeu existir un monumento de conmemoración do purgatorio, mantense un marco granítico correspondente ao Antigo Réxime no que entre outros gravados conserva un P na cara Norte, representación de quen exerceu xurisdición sobre a parroquia de Couso ata 1836: Pexegueiro. Este marco recólleo o Catastro de Ensenada (1753).

A Portela. É o lugar polo que entra ao Val de Miñor o medieval camiño comercial proveniente do actual Baixo Miño, que na súa continuidade portuguesa constitúe o que motiva esta ruta. Tras cruzar Cima de Vila alcanza O Alto do Padrón e, poucos metros despois, bifúrcase: un sobe cara á Chan do Outeiro; o outro, na actualidade parcialmente intransitable, dirixíase á Presiña, onde volve atoparse co primeiro que é o que nós eliximos como principal.

da A Pasaxe, entra en el actual concello de Vigo por Valadares. El camino continúa por As Furnas y la zona alta de la iglesia de Castrelos para cruzar la Gran Vía y por Romil, la Falperra y Alfonso XII, llegar a la Colegiata. Desde aquí sigue por el Areal hasta la villa de Redondela donde vuelve a enlazar con el camino central a Compostela.

La profesora Torres Luna incorpora una variante al tramo citado. Desde cerca de la Areiña lo hace descender hasta la parroquial de Parada de Miñor y continuar hasta las proximidades de Ceán, en Nigrán, donde se une al que viniendo por Oia y Baiona en dirección a Vigo y Redondela entraba en Galicia por la barca de Camposancos, la tercera del Baixo Miño con Goián y Tui. Río arriba existieron otras.

La ruta que proponemos coincide con el trazado completo de la vía al paso por el municipio. Encontraremos varios puntos de abastecimiento.

01. O Padrón. A Portela.

En el antiguo y, en tiempos, importante camino procedente de Malvas y Pexegueiro, por el que llegaba al Alto do Padrón una variante del de A Nosa Señora do Norte desde Taborda, a poca distancia del topónimo A Cruz das Ánimas do Padrón donde a la fuerza debió existir un monumento de conmemoración del purgatorio, se mantiene un marco granítico correspondiente al Antiguo Régimen en el que entre otros grabados conserva una P en la cara Norte, la cual representa a quien ejerció jurisdicción sobre la parroquia de Couso hasta 1836: Pexegueiro. Este marco lo recoge el Catastro de Ensenada (1753).

A Portela. Es el lugar por el que entra al Val de Miñor el medieval camino comercial proveniente del actual Baixo Miño, que en su continuidad portuguesa constituye el que motiva esta ruta. Tras cruzar Cima de Vila alcanza O Alto do Padrón y, pocos metros después, se bifurca: uno sube hacia A Chan do Outeiro; el otro, en la actualidad parcialmente

02. Petróglifos da Regueira dos Barreiros.

Para subir a este lugar dende O Padrón hai que percorrer un tramo de camiño o cal ata non hai máis de tres anos presentaba o leito de tránsito parcialmente empedrado e fortemente marcado por relleiras. Entre a transformada paisaxe circundante, imposta cada vez con máis forza polo eucalipto dende a súa introdución en Galicia a mediados do XIX, parece que por Tui, foron descubertos en data recente por Xilberte Manso, membro do IEM, fragmentos de cerámica romana incrustados nun corte do terreo motivado por unha ampliación do camiño. Estes achados poderían ser indicio dalgún xacemento inexplorado.

Xa na Chan do Outeiro o camiño que nos interesa baixa en dirección norte mentres outro ramal sobe por onde chaman Camiños Vellos para A Chan do Cereixo, por enriba da Portavedra, xacemento importante do paleolítico. No punto onde se dividen existen varios petróglifos cruciformes, posiblemente de orixe medieval, combinados con outros símbolos de Época Moderna. Estes en realidade forman parte doutro marco xurisdicional que no Antigo Réxime separaba as terras de Tebra (T) das de Couso, xurisdición de Pexegueiro (P). O petróglifo remata cunha serie de coviñas, manifestación máis antiga de todo o conxunto. Nas inmediacións existen máis gravados rupestres con alto grao de erosión que dificulta a súa contemplación. Entre estes destaca o da Tomada da Regueira dos Barreiros, descuberto por Xosé Álvarez e Cándido Verde. A sección de arqueoloxía do IEM (Instituto de Estudos Miñoráns) catalógao como unha escena de caza representativa do novo paradigma que a devandita sección propugna para a arte rupestre do sur de Galicia e norte de Portugal: o animal dominante nestas escenas é un équido.

A principal escena do petróglifo compona un gran équido inscrito nun círculo aberto que podería representar a captura do animal. Detrás del outros dous zoomorfos de menor tamaño poderían ser interpretados como cánidos. Diante de todo o grupo unha espiral dextroxira parece ser o punto de atención das figuras

intransitable, se dirigía a A Presiña, donde vuelve a encontrarse con el primero que es el que nosotros elegimos como principal.

02. Petroglifos de A Regueira dos Barreiros.

Para subir a este lugar desde O Padrón hay que recorrer un tramo de camino que hasta no hace más de tres años presentaba el lecho de tránsito parcialmente empedrado y fuertemente marcado por roderas. Entre el transformado paisaje circundante, impuesto cada vez con más fuerza por el eucalipto desde su introducción en Galicia a mediados del XIX, parece que a través de Tui, fueron descubiertos en data reciente por Xilberte Manso, miembro del IEM, fragmentos de cerámica romana incrustados en un corte del terreno motivado por una ampliación del camino. Tales hallazgos podrían ser indicio de algún yacimiento inexplorado.

Ya en A Chan do Outeiro el camino que nos interesa baja en dirección norte mientras otro ramal sube por donde llaman Camiños Vellos para A Chan do Cereixo, por encima de A Portavedra, yacimiento importante del paleolítico. En el punto donde se dividen existen varios petroglifos cruciformes, posiblemente de origen medieval, combinados con otros símbolos de Época Moderna. Estos en realidad forman parte de otro marco jurisdiccional que en el Antiguo Régimen separaba las tierras de Tebra (T) de las de Couso, jurisdicción de Pexegueiro (P). El petroglifo remata con una serie de "coviñas", manifestación más antigua de todo el conjunto. En las inmediaciones existen más grabados rupestres con alto grado de erosión que dificulta su contemplación. Entre estos destaca el de A Tomada da Regueira dos Barreiros, descubierto por Xosé Álvarez y Cándido Verde. La sección de arqueología del IEM (Instituto de Estudos Miñoráns) lo cataloga como una escena de caza representativa del nuevo paradigma que dicha sección propugna para el arte rupestre del sur de Galicia y norte de Portugal: el animal dominante en estas escenas es un équido.

gravadas e aínda máis á dereita, orientación de todas as figuras, un reticulado podería estar a representar a trampa que remataría a cazaría. Esta é a interpretación que do petróglifo fai a citada sección do IEM.

03. Fonte e cruceiro da Santa.

Ao lado desta fonte maltratada e cargada de lendas sobre a aparición da Virxe dos Remedios, camiño por medio, existía un pequeno recinto cercado por murete coñecido como o Adro da Santa e tamén como O Calvario. Nel asentouse dende antigo o cruceiro máis monumental da parroquia, de aí o topónimo, ata que foi trasladado nos anos trinta do XX ao recinto de festas da capela. Máis preto no tempo, en 2001, foi substituído polo actual para, segundo contan, evitar as persistentes chuvias no día da festa dende o citado traslado. Hoxe o ámbito presenta unha imaxe infame. A fonte tamén é coñecida como A Fontiña.

04. Cruceiro e capela dos Remedios.

Cruceiro. Para poder trasladalo de sitio foi necesario comprar un anaco de terra no que se coñecía como "a roda da capela". Os promotores foron: Angelito López, José Gonda e Avelino López. É unha peza completa en canto a partes constituíntes coa cruz figurada por anverso e reverso. No anverso presenta a Cristo con tres cravos, as mans practicamente pechadas e o pé dereito sobre o esquerdo. A cabeza está xirada para a súa dereita e inclinada sobre o peito; nesta, cingue coroa de espiñas. O pano anóase sobre a cadeira dereita. Na cabeceira do pau vertical ten unha lenda coa inscrición INRI.

No reverso a Virxe das Angustias apoia a man dereita sobre o corazón ferido por unha daga metálica, única representación en todo o concello. Nos días de festa inda segue a ser punto de xiro para as procesións.

Capela. Aínda que na parroquia todos lle chaman capela, o historiador Ávila y La Cueva refírese a ela como ermida. É de planta rectangular con ábsida da

La principal escena del petroglifo la compone un gran équido inscrito en un círculo abierto que podría representar la captura del animal. Detrás de él otros dos zoomorfos de menor tamaño pudieran ser interpretados como cánidos. Delante de todo el grupo una espiral dextrógira parece ser el punto de atención de las figuras grabadas y todavía más a la derecha, orientación de todas las figuras, un reticulado podría estar representando la trampa que remataría la cacería. Esta es la interpretación que del petroglifo hace la citada sección del IEM.

03. Fuente y crucero de la Santa.

Al lado de esta fuente maltratada y cargada de leyendas sobre la aparición de la Virgen de los Remedios, camino por medio, existía un pequeño recinto cercado por murete conocido como el Adro da Santa y también como O Calvario. En él se asentó desde antiguo el crucero más monumental de la parroquia, de ahí el topónimo, hasta que fue trasladado en los años treinta del XX al recinto de fiestas de la capilla. Más cerca en el tiempo, en 2001, fue reemplazado por el actual para, según cuentan, evitar las persistentes lluvias en el día de la fiesta desde el citado traslado. Hoy el ámbito presenta una imagen infame. La fuente también es conocida como A Fontiña.

04. Crucero y capilla de Os Remedios.

Crucero. Para poder trasladarlo de sitio fue necesario comprar un trozo de tierra en el que se conocía como "a roda da capela". Fueron los promotores: Angelito López, José Gonda y Avelino López. Es una pieza completa en cuanto a partes constituyentes con la cruz figurada por anverso y reverso. En el anverso presenta a Cristo con tres clavos, las manos prácticamente cerradas y el pie derecho sobre el izquierdo. La cabeza está girada para su derecha e inclinada sobre el pecho; en esta, ciñe corona de espinas. El paño se anuda sobre la cadera derecha. En la cabecera del palo vertical tiene una cartela con la inscripción INRI.

mesma xeometría e menor altura. A volumetría é totalmente simétrica e foi resolta con soltura e solvencia nun estilo claramente barroco polo mestre canteiro, reconstruíndoa sobre outra anterior segundo indica a lenda da portada principal:

REEDIFICOSE ESTA OBRA
SIENDO CURA DN JPH
DURAN AÑO 1768

Como en tantas outras ocasións, non se respectaron os revestidos e encalados da fábrica pétrea.

05. Do Lugar ás Casas do Monte.

Á altura das Presas do Regueiro, no Lugar dos Remedios, introdúcese o camiño no monte, unhas terras que quizais anos atrás foron parcialmente de cultivo. Hoxe o camiño está transformado radicalmente por culpa das ampliacións acometidas con pa mecánica para dar servizo contemporáneo aos montes; só se mantén algún pequeno fragmento entre muros de cachotaría. Non atoparemos máis edificacións ata chegar ás Casas do Monte, en Gondomar, onde apenas quedan restos hoxe moi transformados, das seis que a aldea reunía nas décadas centrais do XX; cinco emprazábanse á dereita do camiño segundo baixamos, unha ao lado contrario. Todas dispoñían de campos de labranza nos que o principal cultivo era o millo regado polas augas que lles chegaba das presas da Forca de Lobos e a existente no Curral Vello, hoxe todas convertidas en puntos de captación para abastecemento de redes veciñais de auga sanitaria; un dos grandes causantes da case desaparición dos équidos salvaxes nunha zona antes moi poboada por estes animais.

06. A Forca de Lobos.

A presenza deste topónimo nunha zona alta non moi afastada (hase de ter en conta as transformacións da paisaxe como consecuencia da repoboación forestal) aos principais camiños de achegamento ao

En el reverso la Virgen de las Angustias apoya la mano derecha sobre el corazón herido por una daga metálica, única representación en todo el ayuntamiento. En los días de fiesta aún sigue siendo punto de giro para las procesiones.

Capilla. Aunque en la parroquia todos le llaman capilla, el historiador Ávila y La Cueva se refiere a ella como ermita. Es de planta rectangular con ábside de la misma geometría y menor altura. La volumetría es totalmente simétrica y fue resuelta con soltura y solvencia en un estilo claramente barroco por el maestro cantero, reconstruyéndola sobre otra anterior según indica la leyenda de la portada principal:

REEDIFICOSE ESTA OBRA
SIENDO CURA DN JPH
DURAN AÑO 1768

Como en tantas otras ocasiones, no se respetaron los revestidos y encalados de la fábrica pétrea.

05. De O Lugar a las Casas do Monte.

A la altura de As Presas de O Regueiro, en O Lugar de Os Remedios, se introduce el camino en el monte, unas tierras que quizás años atrás fueron parcialmente de cultivo. Hoy el camino está transformado radicalmente por culpa de las ampliaciones acometidas con pala mecánica para dar servicio contemporáneo a los montes; solo se mantiene algún pequeño fragmento entre muros de mampostería. No encontraremos más edificaciones hasta llegar a las Casas do Monte, en Gondomar, donde apenas quedan restos, hoy muy transformados, de las seis que reunía la aldea en las décadas centrales del XX; cinco se emplazaban a la derecha del camino según bajamos, una al lado contrario. Todas disponían de campos a labradío en los que el principal cultivo era el maíz regado por las aguas que les llegaba de las presas de A Forca de Lobos y la existente en O Curral Vello, hoy todas conver-

Couto e posterior Señorío e finca matiz do Condado dende Tui, o Val de Tebra, as terras de Riba de Miño e vilas e cidades portuguesas, quizais puidese ter relación co emprazamento da antiga forca de castigo da xurisdición.

07. A Feira da Doce.

Os primeiros datos da celebración desta feira danos os historiadores Carmen Pallares e Ermelindo Portela, os cales a sitúan na segunda metade do século XIII. O topónimo conservado, Feira da Doce, indícanos o día de celebración mensual, polo menos na súa última etapa. Hoxe o antigo recinto preséntase borroso e perdeu case todos os trazos identificativos. Só unha cruz sobre os muros do que a tradición popular di foi unha das casas das que en tempos deu fronte ao recinto e os restos dun peto de ánimas diante dunha edificación á que os veciños atribúen funcións públicas durante un tempo son vestixios da axuda e protección que como tantas veces os feirantes crentes buscaban no máis alá. A tradición memorística das xentes do lugar estende o recinto da feira ata un primeiro socalco de terreo emprazado a poñente, ocupado na actualidade por unha indescritible edificación. Esta feira a partir do XIX pasa á praza da Paradela, na vila, e posteriormente ao recinto de Secas ata que desaparece.

Neste lugar é onde se funde o camiño real de Tui a Baiona con este comercial que chegaba dende Tebra e as antigas terras de Riba de Miño, fragmento do medieval proveniente de Portugal; uns centos de metros despois os devanditos camiños vólvense separar na máis recente interpretación destes. A historiadora Elisa Ferreira fainos coincidir ata A Ponte de Mañufe.

08. Pazo do Conde de Gondomar.

Non hai certeza sobre a súa orixe aínda que o máis probable é que proceda da segunda metade do século XVI, cando García Sarmiento de Soutomaior constrúe a parte central porticada. Non obstante, no terreo xa lle antecedera outra edificación segundo Lázatidas en puntos de captación para abastecimiento de redes vecinales de agua sanitaria; uno de los grandes causantes de la casi desaparición de los équidos salvajes en una zona antes muy poblada por estos animales.

06. A Forca de Lobos.

La presencia de este topónimo en una zona alta no muy lejana (se ha de tener en cuenta las transformaciones del paisaje como consecuencia de la repoblación forestal) a los principales caminos de acercamiento al Coto y posterior Señorío y finca matiz del Condado desde Tui, el Val de Tebra, las tierras de Riba de Miño y villas y ciudades portuguesas, quizás pudiese tener relación con el emplazamiento de la antigua horca de castigo de la jurisdicción.

07. A Feira da Doce.

Los primeros datos de la celebración de esta feria los dan los historiadores Carmen Pallares y Ermelindo Portela, quienes la sitúan en la segunda mitad del siglo XIII. El topónimo conservado, Feira da Doce, nos indica el día de celebración mensual, al menos en su última etapa. Hoy el antiguo recinto se presenta desdibujado además de haber perdido casi todos los rasgos identificativos. Solo una cruz sobre los muros de lo que la tradición popular dice fue una de las casas que en tiempos dio frente al recinto y los restos de un "peto" de ánimas delante de una edificación a la que los vecinos asignan funciones públicas durante un tiempo son vestigios de la ayuda y protección que como tantas veces los feriantes creyentes buscaban en el más allá. La tradición memorística de los lugareños extiende el recinto ferial hasta una primera bancada de terreno emplazado a poniente, ocupada actualmente por una indescriptible edificación. Esta feria a partir del XIX pasa a la plaza de A Paradela, en la villa, y posteriormente al recinto de Secas hasta que desaparece.

En este lugar es donde se funde el camino real de Tui a Baiona con este comercial que llegaba de Tebra y las antiguas tierras de Riba de Miño, fragmento del

ro de Losada lle fai saber por carta, en 1605, a Diego Sarmiento de Acuña cando na parte máis alta daquel construían o torreón central de vixilancia, tras decidir o futuro conde aumentar, mellorar e fortificar o pazo unha vez morta a nai no ano 1600. O construtor de todas estas melloras foi o mestre canteiro do Val de Miñor Juan Coello. O conxunto conservado, a cabalo entre unha edificación señorial e unha fortificación militar, ten tres alturas na parte principal e unha configuración en planta en forma de U que coa colaboración dun muro de contención coroado de ameas forma un patio de armas na cara sur. Ante a norte, sometida a notables reformas no XIX, en tempos do X Conde, entre as que se debe citar a gran escaleira pétrea, o corredor sobre columnata, a apertura de portas-ventá con balcón e as galerías porticadas ao patio, situadas a cada lado do corpo central, esténdese un xardín de notable interese. Estas melloras correron a cargo dunha nutrida cuadrilla de canteiros encabezada polo mestre Ventura Cabanelas. A gran masa construída das distintas dependencias do pazo está unida a un muro granítico de dous quilómetros de lonxitude, actualmente en moi mal estado, que, incluíndo diversas portas fortificadas, escudos e garitas de vixilancia, todo construído polo mestre Coello, encerra en dirección sur parte da que foi extensa finca matriz.

09. Núcleo monumental de Moreira.

Pode entenderse como tal o formado pola igrexa, adro, viacrucis, torreiro, arboredo, palco da música, cruceiro, e pazo de Mendoza.

Igrexa. A primeira noticia desta igrexa procede de mediados do século XII, se ben, posiblemente, os restos máis antigos do templo sexan unha parte do muro sur da nave principal que en todo caso son moi posteriores, seguramente da Idade Moderna. É probable que inicialmente a igrexa tivese planta lineal, rematada nunha capela maior ou ábsida. Foi a consecuencia das profundas obras de reforma e mellora efectuadas en 1722 que probablemente se introduce o cruceiro, medieval que proveniente de Portugal; unos cientos de metros después dichos caminos se vuelven a separar en la más reciente interpretación de los mismos. La historiadora Elisa Ferreira los hace coincidir hasta A Ponte de Mañufe.

08. Pazo del Conde de Gondomar.

No hay certeza sobre su origen aunque lo más probable es que proceda de la segunda mitad del siglo XVI, cuando García Sarmiento de Soutomaior construye la parte central porticada. Sin embargo, en la finca ya le había antecedido otra edificación según Lázaro de Losada le hace saber por carta, en 1605, a Diego Sarmiento de Acuña cuando en la parte más alta de aquella construían el torreón central de vigilancia, tras decidir el futuro conde aumentar, mejorar y fortificar el pazo una vez muerta su madre en el año 1600. El constructor de todas estas mejoras fue el maestro cantero del Val de Miñor Juan Coello. El conjunto conservado, a caballo entre una edificación señorial y una fortificación militar, tiene tres alturas en su parte principal y una configuración en planta en forma de U que con la colaboración de un muro de contención coronado de almenas forma un patio de armas en la cara sur. Ante la norte, sometida a notables reformas en el XIX, en tiempos del X Conde, entre las que se debe citar la gran escalera pétrea, el corredor sobre columnata, la apertura de puertas-ventana con balcón y las galerías porticadas al patio, emplazadas a cada lado del cuerpo central, se extiende un jardín de notable interés. Estas mejoras corrieron a cargo de una nutrida cuadrilla de canteros encabezada por el maestro Ventura Cabanelas. La gran masa construida de las distintas dependencias del pazo está unida a un muro granítico de dos kilómetros de longitud, actualmente en muy mal estado, que, incluyendo diversas puertas fortificadas, escudos y garitas de vigilancia, todo construido por el maestro Coello, encierra en dirección sur parte de la que fue extensa finca matriz.

coa incorporación das naves laterais, e, algo despois, constrúese a actual capela maior ao tempo que se dota a obra do unitario estilo barroco que actualmente a caracteriza, converténdose no principal exemplo relixioso deste movemento arquitectónico no municipio. Algo máis tarde introdúcese no cuadrante sueste outro cubículo para localización da sancristía.

Exteriormente a ábsida presenta maior altura que o resto das naves e gran traballo de cantería, sobre todo nos capiteis compostos das pilastras de esquina e nunha curiosa ventá do vento norte. Similar pericia presentan os traballos da fachada occidental rematada en torre-campanario pechada por cupulín. Conta a tradición que, de tan satisfeito tras ver o seu traballo, o mestre canteiro desta, de orixe portuguesa para máis sinais, quixo deixar constancia de si e autorretratouse coroando o citado cupulín mentres sostén unha cruz que serviu de base a un cataventos.

Interiormente, os teitos están resoltos a base de bóvedas, de distinta tipoloxía formal, e materializados en ladrillo cerámico e madeira, en ambos os dous casos rematadas con revocadura e pintura. Baixo o arco triunfal conserva dous púlpitos, un a cada lado, coroados por respectivos tornavoces decorados. Ademais, o templo acubilla excelente imaxinaría do XVII ou XVIII como, por exemplo, un Cristo Resucitado e un san Vicente.

Actualmente a igrexa, seguindo unha inculta moda, foi desposuída dos encalados exteriores e interiores tan propios do barroco galego e, ademais, substituíuselle a tradicional porta de madeira por unha reixa metálica.

Cruceiro da Fe e campo da festa. O adro, valado por unha celosía pétrea, está parcialmente pavimentado coas tapas graníticas das tumbas do antigo cemiterio e conserva distintas estacións do viacrucis. No ante-adro sitúase o campo da festa ou torreiro. Este, elevado sobre o camiño que o separa do Pazo de Mendoza mediante muro de cachotaría de granito,

09. Núcleo monumental de Moreira.

Puede entenderse como tal el formado por la iglesia, atrio, vía crucis, recinto de fiestas, arboleda, palco de música, crucero, y pazo de Mendoza.

Iglesia. La primera noticia de esta iglesia procede de mediados del siglo XII, si bien, posiblemente, los restos más antiguos del templo sean una parte del muro sur de la nave principal que en todo caso son muy posteriores, seguramente de la Edad Moderna. Es probable que inicialmente la iglesia tuviese planta lineal, rematada en una capilla mayor o ábside. Fue a consecuencia de las profundas obras de reforma y mejora efectuadas en 1722 que probablemente se introduce el crucero, con la incorporación de las naves laterales, y, algo después, se construye la actual capilla mayor al tiempo que se dota a la obra del unitario estilo barroco que actualmente la caracteriza, convirtiéndose en el principal ejemplo religioso de este movimiento arquitectónico en el municipio. Algo más tarde se introduce en el cuadrante sureste otro cubículo para emplazamiento de la sacristía.

Exteriormente el ábside presenta mayor altura que el resto de las naves y gran trabajo de cantería, sobre todo en los capiteles compuestos de las pilastras de esquina y en una curiosa ventana del viento norte. Similar pericia presentan los trabajos de la fachada occidental rematada en torre-campanario cerrada por cupulín. Cuenta la tradición que, de tan satisfecho tras ver su trabajo, el maestro cantero de esta, de origen portugués para más señas, quiso dejar constancia de sí y se autorretrató coronando el citado cupulín mientras sostiene una cruz que sirvió de base a una veleta.

Interiormente, los techos están resueltos a base de bóvedas, de distinta tipología formal, y materializados en ladrillo cerámico y madera, en ambos casos rematadas con revoco y pintura. Bajo el arco triunfal conserva dos púlpitos, uno a cada lado, coronados por respectivos tornavoces decorados. Además, el templo cobija excelente imaginería del XVII o XVIII como, por ejemplo, un Cristo Resucitado y un san Vicente.

conserva un palco de música, o cruceiro da Fe e parte do antigo arboredo que sombreaba o recinto. O palco, sufragado polo indiano local Leopoldo Pérez Alonso, foi construído en fábrica de granito e fundición de ferro en 1922.

O cruceiro, que posúe todas as partes integrantes dos máis completos, posiblemente sexa o de maior altura física do municipio. Estilisticamente presenta dúas partes diferenciadas: a cruz e o resto; o que leva a pensar que foi executado por mans distintas. A media altura do varal, tallada na mesma peza granítica, presenta unha figura de muller cos ollos vendados e senllos obxectos en ambas as dúas mans: un cáliz na dereita e un libro na esquerda. Esta imaxe, ben traballada e proporcionada, interprétase como unha representación da fe. Aínda que debido á alta erosión que presenta a lenda existente no pedestal non é doado transcribila sen a axuda dunha tecnoloxía que non posuímos, ao amparo das características estilísticas entendemos que non debe ser anterior a 1700.

Pazo de Mendoza. Foi fundado na segunda metade do século XVIII por Policarpo de Mendoza, deán da catedral de Santiago dende 1751, onde está enterrado, e cabaleiro da Orde de Carlos III. A súa nai, María del Espíritu Santo Rodrigo segundo datos erróneos da partida de bautismo, en realidade María Rodríguez Mendoza, era da casa de Moreira, en Mañufe, quizais situada neste mesmo terreo. O nome actual, "Pazo da Escola", é consecuencia do uso ao que estivo sometida unha das súas partes a principios do XX, que mantido no tempo agora designa o conxunto dedicado a hospedaxe e hostalaría.

É un edificio en forma de U, cunha á pouco desenvolvida, de traza barroca, que posúe ampla solaina porticada sobre soportal pétreo e gran lareira con forno e cambota rematada nunha das chemineas máis monumentais do Val de Miñor. Na fachada leste conserva un brasón coas armas do fundador. Co obxecto de adecualo aos usos citados, foi sometido

Actualmente la iglesia, siguiendo una inculta moda, fue desposeída de los encalados exteriores e interiores tan propios del barroco gallego y, por añadidura, se le sustituyó la tradicional puerta de madera por una reja metálica.

Crucero de la Fe y campo de la fiesta. El atrio, vallado por una celosía pétrea, está parcialmente pavimentado con las tapas graníticas de las tumbas del antiguo cementerio y conserva distintas estaciones del vía crucis. En el ante-atrio se emplaza el campo de la fiesta o "torreiro". Este, elevado sobre el camino que lo separa del Pazo de Mendoza mediante muro de mampostería de granito, conserva un palco de música, el crucero de la Fe y parte de la antigua arboleda que sombreaba el recinto. El palco, sufragado por el indiano local Leopoldo Pérez Alonso, fue construido en sillería de granito y fundición de hierro en 1922.

El crucero, que posee todas las partes integrantes de los más completos, posiblemente sea el de mayor altura física del municipio. Estilísticamente presenta dos partes diferenciadas: la cruz y el resto; lo que lleva a pensar que fue ejecutado por manos distintas. A media altura del varal, tallada en la misma pieza granítica, presenta una figura de mujer con los ojos vendados y sendos objetos en ambas manos: un cáliz en la derecha y un libro en la izquierda. Esta imagen, bien trabajada y proporcionada, se interpreta como una representación de la fe. Aunque debido a la alta erosión que presenta la leyenda existente en el pedestal no es fácil transcribirla sin la ayuda de una tecnología que no poseemos, al amparo de las características estilísticas entendemos que no debe ser anterior a 1700.

Pazo de Mendoza. Fue fundado en la segunda mitad del siglo XVIII por Policarpo de Mendoza, deán de la catedral de Santiago desde 1751, donde está enterrado, y caballero de la Orden de Carlos III. Su madre, María del Espíritu Santo Rodrigo según datos erróneos de la partida de bautismo, en realidad María Rodríguez Mendoza, era de la casa de Moreira, en

a obras de rehabilitación a finais do XX baixo supervisión do Servizo Provincial de Patrimonio. Teñen interese as edificacións adxectivas e o xardín tradicional de froiteiras.

10. A Ponte.

Foi levantada en 1140, segundo inscrición existente nun dos perpiaños dun chantón, e posiblemente parcialmente reconstruída con posterioridade. A primeira, segundo recolle a publicación "As pontes históricas de Galicia" asinada por tres enxeñeiros de camiños, puido ocupar o lugar doutra anterior de orixe romana. Esta tese tamén a defende a profesora Ferreira. É a máis antiga das conservadas no Val de Miñor.

A obra ten unha lonxitude total de 42 m. e un ancho de plataforma de 3,20 m., salvando o río Miñor mediante tres bóvedas de medio punto e, segundo parece, dous ocos alintelados hoxe tapados. Como é habitual en toda ponte medieval, presenta perfil en lombo de asno, neste caso algo modificado por algunha intervención posiblemente da Idade Moderna, e na fábrica aparecen numerosas marcas de canteiro. Augas arriba, presenta tallamares en mal estado e algún antigo peitoril incrustado na fábrica.

Sobre esta ponte, desvirtuada por unhas obras proxectadas pola Deputación Provincial na década dos sesenta do século pasado, que agora está previsto restaurar, pasa o Camiño da Nosa Señora do Norte a Santiago despois de separarse do central en Barcelos, ao que volve en Redondela.

11. Cruceiro do Acordo.

Non se sabe con seguridade en que tempo xurdiu neste lugar o primeiro cruceiro. Pola contra, si sabemos da antigüidade, importancia e xerarquía dos camiños que forman a encrucillada na que se empraza -desvirtuada dende o último terzo do século XIX con motivo da apertura da estrada A Ramallosa/Gondomar/Guillarei-. Son dos máis importantes e antigos do Val de Miñor.

Mañufe, quizás emplazada en este mismo terreno. El nombre actual, Pazo da Escola, es consecuencia del uso al que estuvo sometido una parte del mismo a principios del XX, que mantenido en el tiempo ahora designa al conjunto dedicado a hospedaje y hostelería.

Es un edificio en forma de U, con un ala poco desarrollada, de traza barroca, que posee amplia solana porticada sobre soportal pétreo y gran "lareira" con horno y "cambota" rematada en una de las chimeneas más monumentales del Val de Miñor. En la fachada este conserva un blasón con las armas del fundador. Con objeto de adecuarlo a los usos citados, fue sometido a obras de rehabilitación a finales del XX bajo supervisión del Servicio Provincial de Patrimonio. Tienen interés las edificaciones adjetivas y el jardín tradicional de frutales.

10. A Ponte.

Fue levantado en 1140, según inscripción existente en uno de los sillares de una de las pilas, y posiblemente parcialmente reconstruido con posterioridad. El primero, según recoge la publicación "As pontes históricas de Galicia" firmada por tres ingenieros de caminos, pudo ocupar el lugar de otro anterior de origen romano. Esta misma tesis es defendida por la profesora Ferreira. Es el más antiguo de los conservados en el Val de Miñor.

La obra tiene una longitud total de 42 m. y un ancho de plataforma de 3,20 m., salvando el río Miñor mediante tres bóvedas de medio punto y, según parece, dos huecos adintelados hoy tapados. Como es habitual en todo puente medieval, presenta perfil en lomo de asno, en este caso algo modificado por alguna intervención posiblemente de la Edad Moderna, y en la fábrica aparecen numerosas marcas de cantero. Aguas arriba, presenta tajamares en mal estado y algún antiguo pretil incrustado en la fábrica.

Sobre este puente, desvirtuado por unas obras proyectadas por la Diputación Provincial en la década de los sesenta del siglo pasado, que ahora está previsto

O monumento consta de cruceiro completo e peto de ánimas. Este sábese que non pode ser anterior ao século XVII cando, tras o Concilio de Trento, aparecen os primeiros. O cruceiro podería ter unha orixe anterior apuntando algúns indicios conservados no Arquivo Histórico de Baiona ao século XVI. Da obra actual só parte das bancadas e o peto son orixinais; o resto foi reconstruído en varias ocasións por rotura dos anteriores, a última por canteiros da Escola de Poio, en 1995. En todas as reconstrucións se mantivo a representación do pecado orixinal mediante a presenza da serpe adherida ao varal.

Este é un lugar simbólico para o Val, pois dende o século XVI ata o XVIII ao pé do cruceiro tomaba acordos e celebrou as súas sesións a ceo aberto o Partido de Val de Miñor, iniciadas cada primeiro de Xaneiro á saída de misa da parroquial de Mañufe coa elección do Procurador Xeral do Val.

12. Pousa de Fontán.

As súas terras confinantes ao río Miñor eran atravesadas de nacente a solpor pola Levada do Bravo e moito despois, na segunda metade do XIX, cortadas pola estrada de A Ramallosa-Gondomar-Guillarei. A casa, que pertenceu aos condes de San Román, foi cabeza do morgado fundado en 1571 polo escribán de Baiona D. Gregorio Calzado e a súa muller D.ª Inés Fernández de Castro, neta de D. Álvaro García, meiriño do Val de Miñor e tamén escribán da vila real a principios do XVI. Este morgado era de vínculo feminino, algo pouco usual. A casa debido á gran cantidade de reformas, aínda estando en ruínas presenta imaxe de casona de labranza e conserva diversos escudos de armas coas insignias de Cástroos, Acuña, Arines, Soutomaior e outros. Ten planta en forma de L con acceso ao primeiro andar a través de escaleiras pétreas situadas no ángulo interior e mediante un patín-corredor emprazado na fachada nacente. Tamén mantén en pé, se ben a duras penas, os muros da antiga capela á que se accedía directamente dende o interior

restaurar, pasa el camino de A Nosa Señora do Norte a Santiago después de separarse del central en Barcelos, al que vuelve en Redondela.

11. Crucero de O Acordo.

No se sabe con seguridad en que tiempo surgió en este lugar el primer crucero. Por el contrario, sí sabemos de la antigüedad, importancia y jerarquía de los caminos que forman la encrucijada en la que se emplaza -desvirtuada desde el último tercio del siglo XIX con motivo de la apertura de la carretera A Ramallosa/Gondomar/Guillarei-. Son de los más importantes y antiguos del Val de Miñor.

El monumento consta de crucero completo y "peto" de ánimas. Este se sabe que no puede ser anterior al siglo XVII cuando, tras el Concilio de Trento, aparecen los primeros. El cruceiro podría tener un origen anterior apuntando algunos indicios conservados en el Archivo Histórico de Baiona al siglo XVI. De la obra actual solo parte de las gradas y el "peto" son originales; el resto fue reconstruido en varias ocasiones por rotura de los anteriores, la última por canteros de la Escola de Poio, en 1995. En todas las reconstrucciones se mantuvo la representación del pecado original mediante la presencia de la serpiente adherida al varal.

Este es un lugar simbólico para el Val, pues desde el siglo XVI hasta el XVIII al pié del crucero tomaba acuerdos y celebró sus sesiones a cielo abierto el Partido de Val de Miñor, iniciadas cada primero de Enero a la salida de misa de la parroquial de Mañufe con la elección del Procurador General del Val.

12. Pousa de Fontán.

Sus tierras colindantes al río Miñor eran atravesadas de naciente a poniente por la Levada do Bravo y mucho después, en la segunda mitad del XIX, cortadas por la carretera de A Ramallosa-Gondomar-Guillarei. La casa, que perteneció a los condes de San Román, fue cabeza del mayorazgo fundado en 1571 por el escribano de Baiona D. Gregorio Calzado y su mujer

do predio e, pola porta principal, dende o camiño de orixe medieval á que dá fronte.

13. Variante pola Paradela.

Entra dentro do posible que a través do camiño da Fonte da Vella e servíndose das pontes Entrerríos e de Rosas, posteriores á de Mañufe, existise unha variante tardía que comunicase Pousada coa parte alta das Gaiandas. A distancia é medio quilómetro máis curta. Esta variante tería unha primeira alteración no último terzo do XIX coa apertura da estrada A Ramallosa-Gondomar-Guillarei e veríase esvaecida cando en 1937 unha enchente do río leva a antiga Ponte de Rosas e pouco despois, en 1943, a explanación do campo de fútbol das Gaiandas corta o profundo Camiño de Matavacas que servía de enlace final despois de pasar a Ponte de Rosas. Pero nese tempo xa estaba aberta a actual comunicación dende Secas á Areíña que, igual que o fai actualmente, funcionaría como substitución do antigo camiño.

14. O Portelo de Vilaza.

Foi unha encrucillada de catro camiños que sofre transformación no primeiro terzo do século XX coa apertura da estrada que comunicou o lugar de Feira de Secas, en Gondomar, coa Areíña, en Vilaza. O cruceiro, que pasou topónimo ao lugar, en realidade debeu ser unha cruz alta xa que os únicos vestixios lembrados son os do pedestal asentado directamente no chan, sen plataforma. Emprazábase na súa etapa final na parcela ocupada actualmente pola vivenda seriada situada máis a sueste da urbanización, lugar ao que debeu ser trasladado dende o centro da encrucillada. O pedestal posuía unha inscrición que ninguén recorda como para poder transcribir.

15. Pazo de Pampillón.

Con motivo da guerra de Restauración as tropas portuguesas realizan unha incursión de castigo no Val de Miñor, en 1665, dende a cabeza de ponte que

D.ª Inés Fernández de Castro, nieta de D. Álvaro García, merino del Val de Miñor y también escribano de la villa real a principios del XVI. Este mayorazgo era de vínculo femenino, algo poco usual. La casa debido a la gran cantidad de reformas, en ruinas, presenta imagen de casona de labranza conservando diversos escudos de armas con las enseñas de los Castro, Acuña, Arines, Soutomaior y otros. Tiene planta en forma de L con acceso a la planta noble a través de escaleras emplazadas en el ángulo interior y mediante un patín-corredor emplazado en la fachada naciente. También mantiene en pie, si bien a duras penas, los muros de la antigua capilla a la que se accedía directamente desde el interior de la finca y, por la puerta principal, desde el camino de origen medieval al que da frente.

13. Variante por A Paradela.

Entra dentro de lo posible que a través del camino de A Fonte da Vella y sirviéndose de los puentes Entrerríos y de Rosas, posteriores al de Mañufe, existiese una variante tardía que comunicase Pousada con la parte alta de As Gaiandas. La distancia es medio quilómetro más corta. Esta variante tendría una primera alteración en el último tercio del XIX con la apertura del vial A Ramallosa-Gondomar-Guillarei y se vería desdibujada cuando en 1937 una crecida del río se lleva el antiguo Puente de Rosas y poco después, en 1943, la explanación del campo de fútbol de As Gaiandas corta el profundo Camiño de Matavacas que servía de enlace final después de haber pasado Ponte de Rosas. Pero en ese tiempo ya estaba abierta la actual carretera desde Secas a Areíña que, igual que lo hace actualmente, funcionaría como sustitución del antiguo camino.

14. O Portelo de Vilaza.

Fue una encrucijada de cuatro caminos que sufre transformación en el primer tercio del siglo XX con la apertura de la carretera que comunicó el lugar de Feira de Secas, en Gondomar, con A Areíña, en Vilaza. El

constituíran en Goián ao construír o castelo da Nosa Señora da Concepción. Chegan a Gondomar, onde queiman as casas e producen diversos estragos no pazo do conde, e plantan lume a este de Pampillón malográndose parte da documentación da casa. Aínda así, é sabido que na segunda metade do XVII era o seu propietario o capitán D. Tomás de Arines Troncoso y Soutomaior casado con D.ª Antonia de la Higuera Arce y Manrique. El morre en 1678, ela en 1692. Foi cabeza de morgado. As dependencias principais da vivenda máis as edificacións adxectivas da á norte, a única dunha altura, conforman unha tipoloxía edificadora con aspecto de mosteiro que se desenvolve ao redor dun patio de respecto ao que se chega dende o camiño empedrado atravesando o portalón principal de acceso. Sobre o lintel deste un enorme escudo coas armas dos Arines, Castro, Soutomaior, Acuña, de la Higuera, Ceta e outros, enlazados coa vieira dos Cabaleiros de Santiago. No lenzo edificado fronte ao portalón na beira contraria do patio un paso en diafragma na planta baixa comunica co grande eido; sobre el outro escudo de considerables dimensións. No lateral esquerdo do patio edificacións secundarias como o alpendre para a fonte e o lavadoiro de pedra, cortes e un lagar; en tempos remataba o lenzo un curioso reloxo de sol de baleirado semicilíndrico, posteriormente roubado. No dereito un patín-corredor cuberto que se inicia no patio. Nesta mesma á pero na cara sur unha solaina cuberta con escaleira de acceso en pedra provista de fermosa varanda cega. Entre ambos os dous paramentos a enorme cociña con tradicional lareira e cambota, a cal se pronuncia sobre a cuberta en forma de sinxela pero moi voluminosa cheminea anunciando o interior e falando da potencia económica e social da casa. Un importante e singular pazo en indesexable estado de conservación, comentario aplicable ao monumental e singular hórreo. Alguén debería facer algo por este importante monumento antes de que o abandono, a climatoloxía, a vexetación, a desidia e a pillaxe terminen totalmente con el. Un mal este que

crucero que pasó topónimo al lugar en realidad debió ser una cruz alta ya que los únicos vestigios recordados son los del pedestal asentado directamente en el suelo, sin plataforma. Se emplazaba en su etapa final en la parcela ocupada actualmente por la vivienda seriada situada más a suroeste de la urbanización, lugar al que debió ser trasladado desde el centro de la encrucijada. El pedestal poseía una inscripción que nadie recuerda como para poder transcribir.

15. Pazo de Pampillón.

que, sumado a outro de igual trazada emprazado na metade da citada nave, suxeitan a bóveda de canón. Esta arranca dunha moldura pétrea que funciona como liña de impostas. A capela, orientada estrañamente segundo o eixe sur-norte, ten pegada polo lateral de nacente a sancristía. Os seus muros están constituídos a base de cachotaría de granito con contrafortes exteriores.

A fachada de acceso é lisa e simétrica segundo eixe vertical sobre o que se sitúa a porta de entrada rematada en arco de tres doelas a xeito de lintel. Sobre ela un pequeno rosetón circular pétreo con seis orificios en forma de aspa. Remata o lenzo unha dobre moldura cóncava que, iniciándose en ambos os dous aleiros en posición horizontal, sobe para rematar en correspondentes volutas centradas baixo unha peaña de asento da espadana de dobre van rematada en frontón semicircular coroado por unha cruz entre dous pináculos.

Tanto a cuberta da nave como da sancristía están resoltas a dúas augas e rematadas en tella curva que forma beiril sinxelo sobre cornixa de granito. Os muros do cabeceiro da capela e da sancristía rematan en pincho con capeado de pedra.

20. Igrexa de San Martíño de Borreiros.

A primeira noticia dunha igrexa nesta parroquia fornécea Enrique Flórez na súa voluminosa obra España Sagrada, e corrobóraa o historiador Ávila y La Cueva, emprazándoa no ano 1170, cando o rei Fernando II a doa ao Bispo de Tui. Da edificación románica nada queda. A actual, polo menos a capela maior, foi construída en 1785 segundo indica unha inscrición exterior no cabeceiro: ESTA CAPILLA SE HIZO/SIENDO ABAD LIZENCIADO DON LOIS CAS/TRO AÑO DE 1785.

A parroquial, con intervencións de influencia barroca, é basilical dunha soa nave con incorporación pegada ao muro setentrional da sancristía, unha capela e un pórtico aberto para reunións, que en tempos foi bastante habitual no Miñor. No muro meridional cha-

del asentamiento precristiano descubierto en el Monte do Castro, lo que podría haber conducido al establecimiento de algún oratorio con idea de cristianizar el lugar al que esta habría sustituido. Los historiadores Pallares y Portela citan el topónimo (San Ciprian) con origen en el siglo XII por lo que esta tesis parece la más probable. Según datos conservados en el Archivo Diocesano de Tui, ya existía en 1806. Como toda obra, sufrió diversas reformas y modificaciones a lo largo del tiempo ejecutándose una de ellas en 1940, quizás la actual espadaña, según recoge la inscripción en alto relieve que esta presenta. Más tarde, en la década de los noventa del siglo pasado, es sometida a otra de consideración que le aporta la imagen actual.

La capilla tiene planta rectangular con ábside de igual altura y ancho separado de la nave mediante arco de medio punto, a modo de triunfal, que, sumado a otro de igual trazada emplazado a mitad de la nave, sujetan la bóveda de cañón. Esta arranca de una moldura pétrea que funciona como línea de impostas. La capilla, orientada extrañamente según el eje sur-norte, tiene adosada por el lateral de naciente la sacristía. Sus muros están constituidos a base de mampostería de granito con contrafuertes exteriores en los laterales de la nave.

La fachada de acceso es lisa y simétrica según eje vertical sobre el que se sitúa la puerta de entrada rematada en arco a modo de dintel en tres piezas. Sobre ella un pequeño rosetón circular pétreo con seis orificios en forma de aspa. Remata el lienzo una doble moldura cóncava que, iniciándose en ambos aleros en posición horizontal, sube para rematar en sendas volutas centradas bajo una peana de asiento de la espadaña de doble vano rematada en frontón semicircular coronado por una cruz entre dos pináculos.

Tanto la cubierta de la nave como de la sacristía están resueltas a dos aguas y rematadas en teja curva que forma alero sencillo sobre cornisa de granito. Los muros del cabecero de la capilla y de la sacristía rematan en muro pincho con capeado de piedra.

ma a atención a desigualdade da fábrica de granito, consecuencia das diferentes reformas sufridas polo templo, a gran porta tapiada en arco de medio punto e o reloxo de sol do ángulo sueste. A fachada de acceso é de traza moi contida composta en simetría sobre o eixe vertical e coroada por espadana de dous corpos e remate; o primeiro de dobre van e o segundo de van sinxelo. Os muros exteriores deste templo alcanzan un espesor de 1,30 m.

Interiormente chaman a atención os varios nichos, as diferenzas de espesor nos muros e o teitume de todo o templo resolto a base de notable cantería de granito en forma de bóveda de canón. A nave e o presbiterio quedan separados por un arco triunfal apoiado en pilastras.

21. Capela da Virxe da Luz.

Sitúase no barrio da Xunqueira. Segundo inscrición conservada nunha das doelas do arco da fachada occidental, foi construída no primeiro terzo do XVIII: ANO DE 1723. A lenda completa, que seguramente nos achegaría datos de interese, é de difícil transcrición debido ao seu alto grao de erosión. En todo caso, é posible que a orixe da obra estea relacionada coa fundación dunha capelanía por parte dalgunha familia economicamente forte da parroquia, costume que tivo o seu apoxeo entre os séculos XVI e XVIII.

A capela, inicialmente de planta rectangular con ábsida de menor altura separada da nave mediante arco triunfal de medio punto, ten pegada no muro norte a sancristía. Nalgún momento a nave sufriu un incremento de altura que se revestiu en pedra coa chegada do cambio de milenio. A fachada occidental, rematada en pequena espadana dun só van, conserva a estereotomía da antiga portada parcialmente tapiada. Consistía nun gran arco semicircular apoiado sobre xambas rectas rematadas en peaña moldurada. É posible que en orixe a capela non tivese portas cubrindo esta portada, sendo o interese por colocarlla a razón que xustifica o tapiado parcial.

20. Iglesia de San Martiño de Borreiros.

La primera noticia de una iglesia en esta parroquia la suministra Enrique Flórez en su voluminosa obra España Sagrada, y la corrobora el historiador Ávila y La Cueva, emplazándola en el año 1170, cuando el rey Fernando II la dona al Obispo de Tui. De la edificación románica nada queda. La actual, al menos la capilla mayor, fue construida en 1785 según indica una inscripción exterior en el cabecero: ESTA CAPILLA SE HIZO/SIENDO ABAD LIZENCIADO DON LOIS CAS/TRO AÑO DE 1785.

La iglesia, con intervenciones de influencia barroca, es de planta rectangular de una sola nave con incorporación adosada al muro septentrional de la sacristía, una capilla y un pórtico abierto para reuniones, que en tiempos fue bastante habitual en el Miño. En el muro meridional llama la atención la desigualdad de la fábrica de granito, consecuencia de las diferentes reformas sufridas por el templo, la gran puerta en arco de medio punto tapiada y el reloj de sol del ángulo sureste. La fachada de acceso es de traza muy contenida compuesta en simetría sobre el eje central y coronada por espadaña de dos cuerpos y remate; el primero de doble vano y el segundo de vano sencillo. Los muros exteriores alcanzan un espesor de 1,30 m.

Interiormente llaman la atención las varias hornacinas, las diferencias de espesor en los muros y la techumbre de todo el templo resuelta a base de notable cantería de granito en forma de bóveda de cañón. La nave y el presbiterio quedan separados por un arco triunfal apoyado en pilastras.

21. Capilla de A Virxe da Luz.

Se emplaza en el barrio de A Xunqueira. Según inscripción conservada en una de las dovelas del arco de la fachada occidental, fue construida en el primer tercio del XVIII: AÑO DE 1723. La leyenda completa, que seguramente nos aportaría datos de interés, es de difícil transcripción debido a su alto grado de erosión. En todo caso, es posible que el origen de la obra esté

relacionado con la fundación de una capellanía por parte de alguna familia económicamente fuerte de la parroquia, costumbre que tuvo su apogeo entre los siglos XVI y XVIII.

La capilla, inicialmente de planta rectangular con ábside de menor altura separado de la nave mediante arco triunfal de medio punto, tiene adosada en el muro norte la sacristía. En algún momento la nave sufrió un incremento de altura que se revistió en piedra con la llegada del cambio de milenio. La fachada de acceso, rematada en pequeña espadaña de un solo vano, conserva la estereotomía de la antigua portada hoy parcialmente tapiada. Consistía en un gran arco semicircular apoyado sobre jambas rectas rematadas en peana moldurada. Es posible que en origen la capilla no tuviese puertas cubriendo esta portada, siendo el interés por colocársela la razón que justifica el tapiado parcial.

DATOS DE INTERESE

Tipo de percorrido: Lineal
Distancia: 52,4 km.
Dificultade: Alta a pé
Desnivel acumulado: 1.804 m.
Tempo aproximado: 16 h





CEMITERIOS HIXIENISTAS

01. Cemiterio de Gondomar 02. Cemiterio de Couso 03. Cemiterio de Peitieiros 04. Cemiterio de Morgadáns 05. Cemiterio de Chaín 06. Cemiterio de Vincios 07. Cemiterio de Vilaza 08. Cemiterio de Mañufe 09. Cemiterio do Mosteiro en Donas 10. Cemiterio de San Cibrán en Donas 11. Cemiterio de Borreiros


0
2000 M.
Concello de Nigrán
Concello de Vigo
Concello de Baiona
Concello de Tui
A LAXE
A ATALAIA
O SALGUEIRO
O CAEIRO
Galiñeiro
06
BRANDUFE
O TUMBIO
OS ARCOS
O FOXO
AS TERCIAS
AS VENDAS
CADEIRAS
REGODAGUA
A PRESA
SOBREIRO
07
VILAZA
A MOURISCA
VILAS
PINTOR
A PORTELA
PENALBA
GONDOMAR
01
05
GUILLUFE
SAN ROQUE
O CASTRO
O TELLEIRO
O RAPADOURO
A CRUZ
ATORRE
04
11
A MOREIRA
08
A CARBALLEIRA
PRADO
SAN MARTIÑO
SEQUEIROS
PIÑEIRO
CRISTILLÓN
LOUSADO
DONAS
AS CRUCES
09
SEIDÓNS
CAXIDE
A PEDREIRA
03
A RUA
A ESTRADA
A GÁNDARA
O MOGALLO
BASTIÁNS
GUNTÍN
AS REGADAS
AS LAXES
02
COUSO
A BASTIDA
10
AS VACARIAS
O LUGAR
A FONTIÑA
A OLIVEIRA
O CASTRO
SAN CIBRÁN
A PORTAVEDRA
OS REMEDIOS
A FRAGA
ABROLLIDO



04.



06.



02.



08.



03.



01.



11.



10.

DESCRICIÓN DO PERCORRIDO.

A aparición de enfermidades e epidemias en recintos urbanos insalubres provocou a consideración de pestilencia para todo tipo de enterramentos na cidade, dentro e fóra das igrexas, creándose a necesidade de buscar unha nova solución ao problema dos cemiterios. Foi en tempos da Ilustración cando Carlos III, no ano 1787, expide unha "Real Cédula para restablecer el uso de Cementerios ventilados para sepultar los Cadáveres de los Fieles" co fin de crear uns recintos máis apropiados emprazados fora dos recintos amurallados das cidades: os cemiterios hixienistas.

Inda así, para a súa aplicación real habería que esperar á chegada do Estado Liberal ou Novo Réxime. Será mediante a Orde aprobada polas Cortes o 1 de novembro de 1813, instando á Rexencia do Reino a que esixise a todas as poboacións a construción de cemiterios hixienistas provisionais ata que se puidesen levantar os definitivos segundo se previra na "Novísima Recopilación".

A nova tipoloxía tivo como primeira proposta, a seguir en España, a do modesto cemiterio de La Granja de San Ildefonso, construído segundo proxecto de José Díaz Gamones en 1785, antes da promulgación da Real Cédula. Consistía esquematicamente nun recinto de planta rectangular, cercado en todo o seu perímetro, e con acceso a través de portón alintelado colocado ao centro dun dos lados maiores. Interiormente, fronte á porta de acceso pero arrimada ao muro do lado contrario, levántase unha pequena capela no centro dun núcleo construído. O demais é espazo a ceo aberto para enterramentos directos no chan. Esta nova tipoloxía mortuoria quere ser un recinto conmemorativo de vocación cívica. Ás buscadas medidas hixiénicas sumaranse outras de tipo conmemorativo que achega o carácter social, máis laico, do momento histórico. O cemiterio hixienis-

DESCRIPCIÓN DE LA RUTA.

La aparición de enfermedades y epidemias en recintos urbanos insalubres provocó la consideración de pestilencia para todo tipo de enterramientos en la ciudad, dentro y fuera de las iglesias, creándose la necesidad de buscar una nueva solución al problema de los cementerios. Fue en tiempos de la Ilustración cuando Carlos III, en el año 1787, expide una "Real Cédula para restablecer el uso de Cementerios ventilados para sepultar los Cadáveres de los Fieles" con el fin de crear unos recintos más apropiados emplazados fuera de los recintos amurallados de las ciudades: los cementerios higienistas.

Pero para su aplicación real aún habría que esperar a la llegada del Estado Liberal o Nuevo Régimen. Será mediante la Orden aprobada por las Cortes el 1 de noviembre de 1813 instando a la Regencia del Reino a que exigiese a todas las poblaciones la construcción de cementerios higienistas provisionales hasta que se pudieran levantar los definitivos según se había previsto en la Novísima Recopilación.

La nueva tipología tuvo como primera propuesta, a seguir en España, la del modesto cementerio de la Granja de San Ildefonso, construido según proyecto de José Díaz Gamones en 1785, antes de la promulgación de la Real Cédula. Consistía esquemáticamente en un recinto de planta rectangular, cercado en todo su perímetro, y con acceso a través de portón adintelado colocado al centro de uno de los lados mayores. Interiormente, frente a la puerta de acceso pero arrimada a la cerca del lado contrario, se levanta una pequeña capilla en el centro de un núcleo construido. Lo demás es espacio a cielo abierto para enterramientos directos en el suelo. Esta nueva tipología mortuoria quiere ser un recinto conmemorativo de vocación cívica. A las buscadas medidas higiénicas se sumarán otras de tipo conmemorativo que allega el carácter social, más laico, del momento histórico. El cementerio higienista termi-

ta rematará por adquirir un carácter monumental que ata ese momento nunca posuíra ningún campo de enterramentos.

No Val de Miñor aparecen os primeiros camposantos hixienistas a mediados do XIX, procedendo a maioría dos parroquiais de finais do século ou das primeiras décadas do XX. Construíanse atendendo á relixión dominante, o catolicismo, polo que unha considerable porcentaxe dos miñoráns disporían dun pequeno apéndice para os que non practicasen ese rito: o cemiterio de protestantes.

01. Cemiterio de Gondomar.

É o máis antigo dos cemiterios hixienistas conservados no municipio. Iníciase a tramitación a raíz dunha instancia presentada en 1894 no concello polo párroco José Mariño a través da cal denunciaba o minguado que quedara o anterior como consecuencia da maior dimensión da nova igrexa. Tras conseguir a parcela considerada idónea ao norte do templo encárgase o proxecto ao arquitecto Siro Borrajo e as obras a Joaquín Peralba González, que as remata en 1897. O cemiterio verase sometido a ampliacións en 1941, na década dos oitenta e na dos noventa do século XX. Nel existen algúns panteóns de interese e un cruceiro que podería proceder da praza da Paradela. Antes, en 1880, a Corporación municipal decidira construír outro para disidentes da relixión católica. Emprazouse na contorna do hoxe coñecido como Outeiro dos Protestantes, preto da Forca de Lobos.

Pola parte alta de Feira da Doce, preto do límite coa parroquia de Mañufe, en terreos comunais do Cereixo pertencentes á parroquia de Gondomar, existe un marco denominado Outeiro dos Protestantes; o topónimo chega ao lugar no século XIX. Foi despois de que a Corporación municipal tomase en 1880 a decisión de construír no lugar un cemiterio hixienista para disidentes da relixión católica. No ano 1883 péchase con muro de pe-

nará por adquirir un carácter monumental que hasta ese momento nunca había poseído ningún campo de enterramientos.

En el Val de Miñor aparecen los primeros camposantos higienistas a mediados del XIX, procediendo la mayoría de los parroquiales de finales del siglo o de las primeras décadas del XX. Se construían atendiendo a la religión dominante, el catolicismo, por lo que un considerable porcentaje de los miñoranos dispondrían de un pequeño apéndice para quienes no practicasen ese rito: el cementerio de protestantes.

01. Cementerio de Gondomar.

Es el más antiguo de los cementerios higienistas conservados en el municipio. Se inicia su tramitación a raíz de una instancia presentada en 1894 en el Ayuntamiento por el párroco José Mariño a través de la cual denunciaba lo menguado que había quedado el anterior como consecuencia de la mayor dimensión de la nueva iglesia. Tras hacerse con la parcela considerada idónea al norte del templo se encarga el proyecto al arquitecto Siro Borrajo y las obras a Joaquín Peralba, que las remata en 1897. El cementerio se verá sometido a ampliaciones en 1941, en la década de los ochenta y en la de los noventa del siglo XX, que es la que le da la imagen actual. En él existen algunos panteones de interés y un crucero que pudiera proceder de la plaza de A Paradela.

Por la parte alta de A Feira da Doce, cerca del límite con la parroquia de Mañufe, en terrenos comunales de O Cereixo pertenecientes a la parroquia de Gondomar, existe un marco denominado Outeiro dos Protestantes; el topónimo llega al lugar en el siglo XIX. Fue después de que la Corporación municipal tomase en 1880 la decisión de construir en el lugar un cementerio higienista para disidentes de la religión católica. En el año 1883 se valló. Consta su utilización pero hoy no se conservan restos físicos.

dra. Consta a súa utilización pero hoxe non se conservan restos físicos.

02. Cemiterio de Couso.

De todos os existentes no municipio, é o que menos se adapta, xunto co de Borreiros, ao concepto de cemiterio hixienista como nova tipoloxía para lugar de enterramentos imposta definitivamente a partir da chegada do Réxime Liberal. Existe un recinto valado ao sur da igrexa que convive cunha serie de nichos e panteóns situados arredor desta polos ventos norte e nacente. Entre os panteóns, de finísima cantería e variada arquitectura ecléctica, atópanse algúns promovidos por indianos da parroquia. Os mesmos indianos que sufragaron maioritariamente a actual torre campanario e levaron a termo outras accións filantrópicas.

03. Cemiterio de Peitieiros.

Na beira de solpor do actual torreiro, no cal se conservan restos dunha obra do arquitecto Carreira Montes que aínda sendo seleccionada para a Bienal de Arquitectura de Venecia do ano 2.000 é de ingrato recordo para a parroquia, levantouse a principios do XX un cemiterio hixienista para substituír os enterramentos do interior da igrexa e do adro. Tras o muro que circunvala o primeiro recinto consérvase, entre outros, un panteón do XIX, da familia de la Fuente, posiblemente trasladado dende o antigo cemiterio, algunhas pezas de arquitectura mortuoria indiana en estilo ecléctico con reminiscencias modernistas entre as que destaca a da familia Cambra e a maior concentración do municipio de tapas de nichos resoltas en granito do país abuxardado resistindo a espantosa moda de brillos en pedras e aceiros pulidos que todo o invaden.

Os indianos, emigrantes ao continente americano a finais do XIX e principios do XX que conseguiron facer fortuna, foron unha das fontes básicas para a construción do novo cemiterio segundo certifica a lenda que se conserva baixo o remate triangular do portalón de acceso:

02. Cementerio de Couso.

De todos los existentes en el municipio, es el que menos se adapta, junto con el de Borreiros, al concepto de cementerio higienista como nueva tipología para lugar de enterramientos impuesta definitivamente a partir de la llegada del Régimen Liberal. Existe un recinto vallado al sur de la iglesia que convive con una serie de nichos y panteones emplazados alrededor de la misma por los vientos norte y naciente. Entre los panteones, de finísima cantería y variada arquitectura ecléctica, se encuentran algunos promovidos por indianos de la parroquia. Los mismos indianos que sufragaron mayoritariamente la actual torre campanario y llevaron a término otras acciones filantrópicas.

03. Cementerio de Peitieiros.

Al lado de poniente del actual campo de fiestas, en el cual se conservan restos de una obra del arquitecto Carreira Montes que aún habiendo sido seleccionada para la Bienal de Arquitectura de Venecia del año 2.000 es de ingrato recuerdo para la parroquia, se levantó a principios del XX un cementerio higienista para sustituir a los enterramientos del interior de la iglesia y del atrio. Tras el muro que circunvala el primer recinto se conserva, entre otros, un panteón del XIX, de la familia de la Fuente, posiblemente trasladado desde el antiguo lugar de enterramientos, algunas piezas de arquitectura mortuoria indiana en estilo ecléctico con reminiscencias modernistas entre las que destaca la de la familia Cambra y la mayor concentración del municipio de tapas de nichos resueltas en granito del país abujardado resistiendo a la espantosa moda de brillos en piedras y aceros pulidos que todo lo invaden.

Los indianos, emigrantes al continente americano a finales del XIX y principio del XX que consiguieron hacer fortuna, fueron una de las fuentes básicas para la construcción del nuevo cementerio según certifica la cartela que se conserva bajo el remate triangular del portalón de acceso:

CEMENTERIO CATOLICO
ERIJIDO POR SUSCRIPCION
POPULAR DE LOS VECINOS RESI
DENTES EN MONTEVIDEO Y CUBA
Y DE ESTA PARROQUIA Ð
PEITIEIROS 1 DE ENERO Ð
1905

04. Cemiterio de Morgadáns.

Pola función ha de ser entendido como unha peza hixienista e debido ao financiamento da súa construción pode tratarse de indiano. Veu a substituír o que dende o medievo se asentou dentro e arredor da igrexa; os trámites de construción iníciansе en 1912 e a obra entrégase en 1919. Tivo carácter municipal ata que a principios do novo milenio o concello de Gondomar o transfire á Entidade Local Menor de Morgadáns. Está cercado de muro de pedra, con enreixado de ferro forxado no lateral de acceso, e presidido por unha capela ecléctica, na actualidade sen uso, centrada no recinto, xusto fronte á porta de acceso. Como curiosidade, indicar que é un dos do municipio cun anexo independente para disidentes da relixión católica. Recintos similares existen en Mañufe e Donas.

05. Cemiterio de Chaín.

Substituíu o que ocupaba o adro e interior da igrexa. Construíuse a partir de 1927 segundo proxecto redactado polo arquitecto Jacobo Esténs Romero, antes da apertura da actual estrada de Gondomar a Chenlo. Foi un recinto rectangular, pechado por muros de cantería, ao que se chegaba dende o arranque da escalinata de subida á igrexa a través dun escuálido camiño controlado nese punto mediante unha cancela metálica. Xa nas inmediacións do recinto, obrigado pola topografía, baixa unha curta escalinata pétrea. Atravesada a reixa de forxa, unha humilde capela á esquerda e outra edificación de volumetría similar e cuberta a dúas augas, nacida

CEMENTERIO CATOLICO
ERIJIDO POR SUSCRIPCION
POPULAR DE LOS VECINOS RESI
DENTES EN MONTEVIDEO Y CUBA
Y DE ESTA PARROQUIA Ð
PEITIEIROS 1 DE ENERO Ð
1905

04. Cementerio de Morgadáns.

Por la función ha de ser entendido como una pieza higienista y debido al financiamiento de su construcción puede tratarse de indiano. Vino a substituir al que desde el medievo se asentó dentro y alrededor de la iglesia; los trámites de construcción se inician en 1912 y la obra se entrega en 1919. Tuvo carácter municipal hasta que a principios del nuevo milenio el Ayuntamiento de Gondomar lo transfiere a la "Entidade Local Menor de Morgadáns". Está cercado de muro de piedra, con enrejado de hierro forjado en el lateral de acceso, y presidido por una capilla ecléctica, en la actualidad sin uso, centrada en el recinto, justo frente a la puerta de acceso al mismo. Como curiosidad, indicar que es uno de los del municipio con un anexo independiente para disidentes de la religión católica. Recintos similares existen en Mañufe y Donas.

05. Cementerio de Chaín.

Sustituyó al que ocupaba el atrio e interior de la iglesia. Se construyó a partir de 1927 según proyecto redactado por el arquitecto Jacobo Esténs Romero, antes de la apertura de la actual carretera de Gondomar a Chenlo. Fue un recinto rectangular, cerrado por muros de cantería, al que se llegaba desde el arranque de la escalinata de subida a la iglesia a través de un escuálido camino controlado en ese punto mediante una cancela metálica. Ya en las inmediaciones del recinto, obligado por la topografía, baja una corta escalinata pétrea. Atravesada la reja de forja, una humilde capilla a la izquierda

como sala de autopsias, á dereita. Polo demais un único panteón de pequenas dimensións e arquitectura ecléctica situado case fronte á porta de entrada, arrimado ao muro contrario, e algunhas columnas, poucas, de nichos de época arrimadas aos muros este e sur. O resto era sepulturas en terra que nestes últimos corenta ou cincuenta anos cederon o seu posto a descontroladas colmeas de nichos sen valor estético nin construtivo. O primitivo recinto dispuxo dun pequeno cemiterio para disidentes da relixión católica situado no ángulo nordés, xusto ata a cabeceira da capela. A este recinto accedíase por unha cancela metálica enfrontada á escalinata de baixada ao recinto principal. Este apéndice foi engulido pola ampliación, aínda perfectamente detectable, levada a cabo na década dos oitenta.

06. Cemiterio de Vincios.

Substituíu o antigo cemiterio do adro de Santa Mariña; é un máis dos cemiterios hixienistas do municipio; foi construído polos veciños en 1909. O primeiro recinto era un rectángulo que ocupaba algo máis de 38 metros de longo por case 27 de fondo, cercado parcialmente por muro de pedra e finalmente presidido por unha pequena capela no centro, isto é, seguía o esquema tipolóxico ao uso. Sofre diversas ampliacións ao longo do tempo e en 2003 acométense obras de urbanización e rehabilitación dotándoo de osario común. Non posúe panteóns.

07. Cemiterio de Vilaza.

Do mesmo xeito que sucede coa igrexa parroquial, é de traza e dimensións modestas e ao igual que os demais do concello xurdiu ao amparo das medidas hixienistas do XIX, se ben a súa construción data de 1925. Repite o patrón tipolóxico clásico deste tipo de recintos, cun muro de granito delimitando un rectángulo bordeado de columnas de nichos ao redor dun espazo central para foxas en terra. Ao recinto accédese mediante portalón baixo lintel moldu-

y otra edificación de volumetría similar y cubierta a dos aguas, nacida como sala de autopsias, a la derecha. Por lo demás un único panteón de pequeñas dimensiones y arquitectura ecléctica emplazado casi frente a la puerta de entrada, arrimado al muro contrario, y algunas columnas, pocas, de nichos de época arrimadas a los muros este y sur. Todo el resto eran sepulturas en tierra que en estos últimos cuarenta o cincuenta años cedieron su puesto a descontroladas colmenas de nichos sin valor estético ni constructivo. El primitivo recinto dispuso de un pequeño cementerio para disidentes de la religión católica emplazado en el ángulo noreste, justo hasta la cabecera de la capilla. A este recinto se accedía por una cancela metálica enfrentada a la escalinata de bajada al recinto principal. Este apéndice fue engullido por la ampliación, aún perfectamente detectable, llevada a cabo en la década de los ochenta.

06. Cementerio de Vincios.

Substituyó al antiguo cementerio del atrio de Santa Mariña; es uno más de los cementerios higienistas del municipio; fue construido por los vecinos en 1909. El primer recinto era un rectángulo que ocupaba algo más de 38 metros de largo por casi 27 de fondo, cercado parcialmente por muro de piedra y finalmente presidido por una pequeña capilla en el centro, esto es, seguía el esquema tipológico al uso. Sufre diversas ampliaciones a lo largo del tiempo y en 2003 se acometen obras de urbanización y rehabilitación dotándolo de osario común. No posee panteones.

07. Cementerio de Vilaza.

De la misma manera que sucede con la iglesia parroquial, es de traza y dimensiones modestas y al igual que los demás del municipio surgió al amparo de las medidas higienistas del XIX, si bien su construcción data de 1925. Repite el patrón tipológico clásico de este tipo de recintos, con un muro de granito delimi-

rado no que se pode ler: CEMENTERIO CATÓLICO. Do antigo cemiterio aínda se conservan unhas cantas lápidas e algunha modesta tumba no adro da parroquial. Entre elas a do Tenente Coronel José Salgueiro Fernández (1811-1885) nado na Rochela e propietario do pazo da Mourisca, en tempos territorio integrado na parroquia de Vilaza.

08. Cemiterio de Mañufe.

É un dos máis recentes cemiterios hixienistas do municipio; constrúese en 1929 con grande achega do indiano e filántropo da parroquia Leopoldo Pérez Alonso. En 1931, xa constituída a República, remátase a capela que o preside. No seu momento foi o máis monumental do municipio, característica minguada nas últimas décadas do século XX como consecuencia de ter enchido os sectores centrais, inicialmente previstos para sepulturas en terra, con propostas de moi baixa calidade arquitectónica que, ademais, impiden aceptables perspectivas sobre o conxunto. Posúe bos traballos de cantería en panteóns que, non obstante, mostran sempre formas e estilos eclécticos. Algúns presentan esculturas de certa calidade se ben, en xeral, de carácter decimonónico; só o mural rectangular dun frontón dunha edificación central escapa a esta máxima. A obra arquitectónica e escultórica está sen catalogar. Tamén presenta traballos de forxa de interese.

09. Cemiterio do Mosteiro en Donas.

Este é o principal cemiterio hixienista da parroquia que veu substituír os enterramentos que dende o medievo se facían no adro e interior da parroquial. Trátase dun recinto rectangular e valado por muro de pedra de granito colocado nun lugar alto e ben ventilado tal e como recollía a lexislación que sobre este tipo de novos recintos fora aparecendo dende que Carlos III no ano 1787, ao amparo da Ilustración, expedise a "Real Cédula para restablecer el uso de Cementerios ventilados para sepultar los Cadáveres de los Fieles".

tando un rectángulo bordeado de columnas de nichos alrededor de un espacio central para fosas en tierra. Al recinto se accede mediante portalón bajo dintel moldurado en el que se puede leer: CEMENTERIO CATÓLICO. Del antiguo cementerio aún se conservan unas cuantas lápidas y alguna modesta tumba en el atrio de la parroquial. Entre ellas la del Teniente Coronel José Salgueiro Fernández (1811-1885) nacido en A Rochela y propietario del pazo de A Mourisca, en tiempos territorio integrado en la parroquia de Vilaza.

08. Cementerio de Mañufe.

Es uno de los más reciente cementerios higienistas del municipio; se construye en 1929 con gran aportación del indiano y filántropo de la parroquia Leopoldo Pérez Alonso. En 1931, ya constituida la República, se remata la capilla que lo preside. En su momento fue el más monumental del municipio, característica menguada en las últimas décadas del siglo XX como consecuencia de haber colmatado los sectores centrales, inicialmente previstos para sepulturas en tierra, con propuestas de muy baja calidad arquitectónica que, además, impiden aceptables perspectivas sobre el conjunto. Posee buenos trabajos de cantería en panteones que, sin embargo, muestran siempre formas y estilos eclécticos. Algunos presentan esculturas de cierta calidad si bien, en general, de carácter decimonónico; solo el mural rectangular de un frontón de una edificación central escapa a esta máxima. La obra arquitectónica y escultórica está sin catalogar. También presenta trabajos de cerrajería de interés.

09. Cementerio de O Mosteiro en Donas.

Este es el principal cementerio higienista de la parroquia que vino a sustituir a los enterramientos que desde el medievo se hacían en el atrio e interior de la parroquial. Se trata de un recinto rectangular y vallado por muro de piedra de granito colocado en un lugar alto y bien ventilado tal y como recogía la legislación que sobre este tipo de nuevos recintos

No interior conserva un cruceiro novo, que substitúe outro anterior, ante o que aparece unha mesa-pousadoiro na que ata non hai moito se facía descansar o ataúde para rezarlle un responso ao defunto antes de sepultalo. O recinto rematouse en 1926 e dous anos despois sumóuselle un pequeno apéndice. Só posúe un panteón, construído en 1930. Todo o demais son columnas de nichos e tumbas na terra.

10. Cemiterio de San Cibrán en Donas.

Este cemiterio hixienista foi construído e valado no ano 1931, tal como indica a inscrición existente no lintel do portalón de acceso, a xeito de complemento do outro da parroquia existente no Mosteiro. A xustificación foi a mesma que a da capela: a gran distancia existente entre esta aldea e Abrolido coa parroquial.

No ano 2016 o Concello en calidade de propietario recibiu as obras de ampliación e urbanización intramuros executadas en granito país e mármore Macael branco seguindo a pauta establecida nos anos trinta polos mestres canteiros no lugar. Aquelas primeiras columnas de nichos mostran unha arquitectura ecléctica; os actuais pretenden atender os ditados contemporáneos. No seu interior consérvase o único cruceiro policromado de todo o municipio e Val executado completamente en morteiro de cemento.

11. Cemiterio de Borreiros.

Ata finais de 1928 o cemiterio parroquial estivo emprazado no adro, segundo costume procedente do medievo. Nel aínda se mantén algunha tumba e varios panteóns. Tamén restos dun desaparecido viacrucis.

Os cemiterios hixienistas xorden como idea de mellora da salubridade social en tempos da Ilustración pero non será ata a chegada do Estado Liberal cando se empecen a instalar decididamente. Este de Borreiros, como acabamos de ver, faino tarde, dos últimos do Miñor, e a súa nova localización tampouco

había ido apareciendo desde que Carlos III en el año 1787, al amparo de la Ilustración, expidiera la "Real Cédula para restablecer el uso de Cementerios ventilados para sepultar los Cadáveres de los Fieles".

En el interior conserva un crucero nuevo, que sustituye a otro anterior, ante el que aparece una mesa-pousadoiro en la que hasta no hace mucho se hacía descansar el ataúd para rezarle un responso al difunto antes de sepultarlo. El recinto se remató en 1926 y dos años después se le adicionó un pequeño apéndice. Solo posee un panteón, construido en 1930. Todo lo demás son columnas de nichos y tumbas en la tierra.

10. Cementerio de San Cibrán en Donas.

Este cementerio higienista fue construido y vallado en el año 1931, tal como indica la inscripción existente en el dintel del portalón de acceso, a modo de complemento del otro de la parroquia existente en O Mosteiro. La justificación fue la misma que la de la capilla: la gran distancia existente entre esta aldea y Abrolido con la parroquial.

En el año 2016 el Concello en calidad de propietario recibió las obras de ampliación y urbanización intramuros ejecutadas en granito país y mármol Macael blanco siguiendo la pauta establecida en los años treinta por los maestros canteros en el lugar. Aquellas primeras columnas de nichos muestran una arquitectura ecléctica; los actuales pretenden atender a los dictados contemporáneos. En su interior se conserva el único crucero policromado de todo el municipio y Val ejecutado completamente en mortero de cemento.

11. Cementerio de Borreiros.

Hasta finales de 1928 el cementerio parroquial estuvo emplazo en el atrio, según costumbre arrastrada desde el medievo. En él todavía se mantiene alguna tumba y varios panteones. También restos de un desaparecido vía crucis.

podemos dicir que sexa o mellor dos exemplos do pretendido pola lei na "Novísima Recopilación".

As obras máis destacadas son unha serie de panteóns de granito, próximos á igrexa, todos de estilo ecléctico, que pretenden poñer de relevo o estatus económico e social das familias promotoras, proxectados e construídos seguindo os criterios da época.

Los cementerios higienistas surgen como idea de mejora de la salubridad social en tiempos de la Ilustración pero no será hasta la llegada del Estado Liberal que se empiecen a instalar decididamente. Este de Borreiros, como acabamos de ver, lo hace tardíamente, de los últimos del Miño, y su nuevo emplazamiento tampoco podemos decir que sea el mejor de los ejemplos de lo postulado por la ley en la "Novísima Recopilación".

Las obras más destacadas son una serie de panteones de granito, todos de estilo ecléctico, que pretenden poner de relieve el estatus económico y social de las familias promotoras, proyectados y construidos siguiendo los criterios de la época.

DATOS DE INTERESE

Tipo de percorrido: Lineal
Distancia: 36,2 km.
Dificultade: Alta a pé
Desnivel acumulado: 1.073 m.
Tempo aproximado: 10 h



CAPÍTULO CATRO

PATRIMONIO INMATERIAL E OUTROS TEMAS DE INTERESE.

ACHEGAMENTO TEMÁTICO

Recollemos neste capítulo toda unha serie de cuestións directamente relacionadas coa vida social, costumista, cultural e lúdica do municipio. Fixarémonos naqueles acontecementos, actividades e festas de carácter ancestral pero tamén en eventos de máis recente creación. Dalgún xeito todo isto, o que forma parte da tradición do lugar e o que incorporaron os novos tempos, axudará a comprender como entenden a vida as xentes do lugar e servirá á vez para que poidamos tomar partido e nos integremos, participemos dese vivir, se ese é o noso interese. Dalgún xeito neste apartado trátanse, aínda sexa sen profundidade, algunhas cuestións relacionadas co patrimonio inmaterial do municipio, algo ao que puntualmente intentamos achegarnos nos percorridos propostos e sobre o que agora queremos volver.

FESTAS PATRONAIS

Cada parroquia celebra a súa festa patronal, que como sucede en toda Galicia está directamente relacionada coa relixión católica. Pero inda que a festividade teña unha raíz relixiosa, para moitos, isto non pasa de ser unha escusa. Sexa como sexa, ese día crentes, agnósticos e ateos intentan converter a xornada en algo particular. En tempos era ocasión propicia para reunir distintas ramas da familia na casa patrucial ao redor dunha comida excepcional con sobremesa ata ben entrada a tarde. Hoxe o cambio de gustos, de costumes, de relacións familiares e de traballos mingua moito estas reunións e celebracións.

O esquema base deste tipo de festexos é o seguinte. No que a xornadas se refire, normalmente o día principal está precedido de vésperas e polo xeral ten un terceiro de propina. Respecto ao acontecer do festexo en si, todos os días repiten un mesmo patrón que con mínimas variantes mestura ritos relixiosos e pagáns na seguinte orde. Pola mañá cedo, case ao

APROXIMACIÓN TEMÁTICA

Recogemos en este capítulo toda una serie de cuestiones directamente relacionadas con la vida social, costumbrista, cultural y lúdica del municipio. Nos fijaremos en aquellos acontecimientos, actividades y fiestas de carácter ancestral pero también en eventos de más reciente creación. De alguna manera todo esto, lo que forma parte de la tradición del lugar y lo que incorporaron los nuevos tiempos, ayudará a comprender como entienden la vida las gentes del lugar y servirá a la vez para que podamos tomar partido y nos integremos, participemos de ese vivir, si ese es nuestro interés. De alguna manera en este apartado se tratan, aunque sea sin profundidad, algunas cuestiones relacionadas con el patrimonio inmaterial del municipio, algo a lo que puntualmente intentamos acercarnos en las rutas propuestas y sobre lo que ahora queremos volver.

FIESTAS PATRONALES

Cada parroquia celebra su fiesta patronal, que como sucede en toda Galicia está directamente relacionada con la religión católica. Pero aunque la festividad tenga una raíz religiosa, para muchos, esto no pasa de ser una excusa. Sea como fuere, ese día creyentes, agnósticos y ateos intentan convertir la jornada en algo particular. En tiempos era ocasión propicia para reunir distintas ramas de la familia en la casa matriz alrededor de una comida excepcional con sobremesa hasta bien entrada la tarde. Hoy el cambio de gustos, de costumbres, de relaciones familiares y de trabajos merma mucho estas reuniones y celebraciones.

El esquema base de este tipo de festejos es el siguiente. En lo que a jornadas se refiere, regularmente el día principal está precedido de vísperas y por lo general tiene un tercero de propina. Respecto al acontecer del festejo en sí, todos los días repiten un mismo patrón que con mínimas variantes mezcla ritos religiosos y paganos en el siguiente orden. Por la mañana

amañecer, unha salva de bombas de palenque anuncia a excepcionalidade do día. Logo iníciansе as misas con maior ou menor cadencia dependendo das devocións do santo ou santa que se conmemore. Estas rematan coa maior, de carácter solemne, que polo xeral inclúe unha procesión na que participan mulleres, homes e nenos nun percorrido que sempre inclúe unha volta arredor da igrexa matriz no sentido contrario ás agullas do reloxo. A procesión péchaa unha banda de música en pleno traballo. Esta, a banda, chega ao municipio a media mañá, sobre as 10:30 h., e antes de achegarse á parroquia en cuestión, acompañada por unha representación das mulleres e homes que constitúen a Comisión de Festas, os mordomos, dá un pasacalle na vila que remata ante a Casa-Concello, onde a recibe o alcalde.

Ao remate da misa maior, unha tirada de foguetes de máis ou menos intensidade dá noticia do acontecido. Con ela empeza un concerto da banda de música no recinto de festas mentres mulleres e homes cambian impresións, bailan, beben viño ou outros líquidos, toman un aperitivo, ou acompañan os nenos nalgunha atracción de feira instalada. A continuación o gran xantar, xeralmente na casa, cos convidados. O marisco, o salpicón, a pescada, o galo estufado, o cabrito, o viño tinto, o arroz con leite, o roscón, o brazo de xitano, o leite frito, as rosquillas, os "boleardos", os pasteis, o viño branco, o café, a conversa,... A media tarde algunhas veces hai poxas, outras cucañas; sempre a venda de rosquillas, de bixutería, doutros produtos con tradición ou sen ela e a presenza das barracas e os carruseis propios destes acontecementos. Quizais algunha misa máis. Ao atardecer volve o son da pólvora (antes xa se activaría a megafonía), esta vez con maior xogo cromático nas explosións e moita máis insistencia no tempo. É o anuncio da parte máis pagá da celebración: a verbena. Este último acto, que dura ata ben entrada a madrugada, hai anos que vai en claro declive. Sempre se encargan de amenizalo orquestras en solitario substituíndo

temprano, casi al amanecer, una salva de bombas de palenque anuncia la excepcionalidad del día. Luego se inician las misas con más o menos cadencia dependiendo de las devociones del santo o santa que se conmemore. Estas rematan con la mayor, de carácter solemne, que por lo general incluye una procesión en la que participan mujeres, hombres y niños con un recorrido que siempre incluye una vuelta alrededor de la iglesia matriz en el sentido contrario a las agujas del reloj. La procesión la cierra una banda de música en pleno trabajo. Esta habría llegado al municipio a media mañana, sobre las 10:30 h., y antes de acercarse a la parroquia en cuestión, acompañada por una representación de las mujeres y hombres que constituyen la Comisión de Fiestas, los mayordomos, da un pasacalle en la villa que remata ante la Casa-Ayuntamiento, donde la recibe el alcalde.

Al remate de la misa mayor, una tirada de fuegos de artificio de más o menos intensidad da noticia de lo acontecido. Con ella empieza un concierto de la banda de música en el recinto de fiestas mientras mujeres y hombres cambian impresiones, bailan, beben vino u otros líquidos, toman un aperitivo, o acompañan a los niños en alguna atracción de feria. A continuación el gran almuerzo, generalmente en casa, con los invitados. El marisco, el salpicón, la merluza, el gallo estofado, el cabrito, el vino tinto, el arroz con leche, el roscón, el brazo de gitano, la leche frita, las rosquillas, los boleardos, los pasteles, el vino blanco, el café, la tertulia,... A media tarde a veces hay pujas, otras cucañas; siempre la venta de rosquillas, de bisutería, de otros productos con tradición o sin ella y la presencia de las barracas y los tiovivos propios de estos acontecimientos. Quizás alguna misa más. Al atardecer vuelve el sonido de la pólvora (antes ya se habría activado la megafonía), esta vez con mayor juego cromático en las explosiones y mucha más insistencia en el tiempo. Anuncia la parte más pagana de la celebración: la verbena. Este último acto, que dura hasta bien entrada la madrugada, hace años que va en claro declive.

un anterior costume no que unha compartía espazo coa banda de música da mañá. A banda á súa vez substituíra os gaiteiros, os cales antes da aparición das bandas e orquestras populares amenizaban a festa en solitario.

A día de hoxe a festividade patronal dalgunha parroquia redúcese ás correspondentes misas, sendo nela outra advocación do santoral a máis celebrada. Estes casos indícanse no seguinte listado. Cando non se di nada significa que a celebración segue o esquema exposto.

- Borreiros. San Martiño: 11 de novembro (algúns anos só actos relixiosos)
- Couso. San Cristovo: o último domingo de xullo
- Chaín. Asunción de María: 15 de agosto (só actos relixiosos)
- Donas. Santa Baia: 10 de decembro (só actos relixiosos)
- Gondomar. San Bieito: 21 de marzo. Translación 11 de Xullo
- Mañufe. San Vicente: 22 de xaneiro (só actos relixiosos)
- Morgadáns. Santiago Apóstolo: 25 de xullo (non sempre hai verbena)
- Peitieiros. San Miguel: 29 de setembro
- Vilaza. A Virxe da Luz/Santa María: 8 de setembro
- Vincios. Santa Mariña: a fin de semana do 18 de xullo

As de San Bieito son as principais e festas maiores do municipio, que por coincidir en inverno fíxose translación para xullo manténdose en marzo só con actos relixiosos. Son as únicas parroquiais de carácter urbano e ata hai pouco máis dun par de décadas ambas as dúas celebracións coincidían con feira de gando e outra de maquinaria agrícola, concentrando miles de persoas. A véspera está dedicada a San Cristovo, sacando os taxistas en procesión a imaxe do santo, o seu patrón, seguido por gran caravana.

Siempre se encargan de amenizarlo orquestas en solitario, sustituyendo una anterior costumbre en la que una compartía espacio con la banda de música de la mañana. La banda a su vez había sustituido a los gaiteros, quienes antes de la aparición de las bandas y orquestas populares amenizaban la fiesta en solitario.

A día de hoy la festividad patronal de alguna parroquia se reduce a las correspondientes misas, siendo otra advocación del santoral la más celebrada. Estos casos se indican en el siguiente listado. Cuando no se indica nada significa que la celebración sigue el esquema expuesto.

- Borreiros. San Martíño: 11 de noviembre (algunos años solo actos religiosos)
- Couso. San Cristovo: el último domingo de julio
- Chaín. Asunción de María: 15 de agosto (solo actos religiosos)
